

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 19 de decembro de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as nove horas e corenta minutos do día 19 de decembro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asisten a deputada *Luisa Sánchez Méndez*, e o deputado *Rafael Domínguez Artime*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasaola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35877.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de decembro de 2025.

2.35878.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE ARBO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELÀ, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+200. CONCELLO DE ARBO”. (EXPTE. 2025031324)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-5201

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+200. CONCELLO DE ARBO” no cal se propón a creación dun itinerario peonil continuo e seguro entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+200 e se adecúa un espazo para a realización de cambios de sentido.

A actuación consiste na creación dun itinerario peonil en ambas marxes da vía entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+200 da EP 5201 mediante a execución de beirarrúas segregadas do tráfico motorizado e a adecuación dun espazo para a realización de cambios de sentido na contorna do P.Q. 0+180.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	307.547,53 €
IVE 21%	64.584,98 €
Presuposto base de licitación con IVE	372.132,51 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente:

- ☐ Comunicación do Concello de Arbo de compromiso de posta a disposición dos metros necesarios da parcela con referencia catastra 36001A060004800001DQ.
- ☐ Resolución da Alcaldía aprobando o convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Arbo para a execución do proxecto de “Mellora da Mobilidade Peonil na EP5201 Arbo – Cabeiras-Barcelona, do P.Q. 0+000 ao P.Q.0+200. Concello de Arbo (Cod. Validación: 9C3F93NNDLHWDH6QQGTEXLZX).

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente:

- ☐ Proxecto visado CSV: M2ZADK79ATUPB31O e informe de supervisión data 12/11/2025 (CSV: VU1PTIBID5ZDJ9LT)
- ☐ Autorización sectorial Axencia Galega de Infraestruturas CVE: eEUmOxbCDXc0



- Convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a Deputación provincial de Pontevedra e o Concello de Arbo para a execución do proxecto “Mellora da mobilidade peonil na EP-5201 Arbo-Cabeiras-Barcela, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+200. Concello de Arbo” CSV: DUQVZ3QU4TVX2QAA.
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 12/11/2025 co CSV: Y8J4RXLOZHX3Q315.

Así mesmo forman parte do expediente informes de Secretaría Xeral (CSV: OXD3MX3NGQ244MLD) e de Intervención de fiscalización previa (CSV: K61DY8V9L3450K7M).

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinálase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.



3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Arbo mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	297.706,01 €	80
Concello de Arbo	74.426,50 €	20
Total obras	372.131,510	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 25/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2025.

A achega correspondente ao Concello de Arbo aportarase pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, asumindo esta o 20 % do orzamento da obra (74.426,50 €) máis o importe das expropiacións (35.616,12 €), o que supón un total de 110.042,62 €, segundo se especifica no texto do convenio con cargo á aplicación orzamentaria 07.01.422A.760.0, do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

Estas operacións deberán efectuarse, unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas, tendo en conta o disposto no artigo 116.5 da LCSP.



De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impoñan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de pola Deputación de Pontevedra e Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Arbo co CSV: DUQVZ3QU4TVX2QAA e o seguinte contido:



“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE ARBO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+200. CONCELLO DE ARBO”

INTERVENEN

Don Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024 polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Don Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LBRL).

Don Horacio Gil Expósito, alcalde do Concello de Arbo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

Don Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Todas as partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, facendo especial fincapé nos treitos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 LBRL. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer una replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguridade viaria.

III.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é, conforme ao Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades.



A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia comparte a necesidade de mellorar a seguridade viaria no entorno do CEIP Antonio Carpintero, tanto de tráfico rodado como de peóns, que garanta a asistencia do alumnado ao citado centro educativo en condicións de seguridade, valorando especialmente que se trata dun centro que imparte educación infantil e primaria.

IV.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar aos seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

V.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ao cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

VI.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 5201 Arbo – Cabeiras - Barcela, que transcorre polo Concello de Arbo e ten unha lonxitude de 4.192 m.

VII.- Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+200 da E.P. 5201 Arbo – Cabeiras - Barcela, que dá acceso ao CEIP Antonio Carpintero, non existen espazos cun ancho adecuado para que as persoas se despracen de forma cómoda e segura e tampouco existen espazos adecuados para que os autobuses escolares poidan realizar as manobras necesarias de xeito seguro e sen por en perigo aos usuarios máis vulnerables da vía, polo que é necesario realizar unha reestruturación do espazo público. Co fin de executar unha actuación que permita unha mellora da mobilidade peonil para solucionar os problemas de inseguridade que se producen diariamente, a Deputación de Pontevedra decide redactar o proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA

EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+200. CONCELLO DE ARBO” no cal se propón a creación dun itinerario peonil continuo e seguro entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+200 e se adecúa un espazo para a realización de cambios de sentido.

A actuación consiste na creación dun itinerario peonil en ambas marxes da vía entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 0+200 da EP 5201 mediante a execución de beirarrúas segregadas do tráfico motorizado e a adecuación dun espazo para a realización de cambios de sentido na contorna do P.Q. 0+180.

Proxéctase a renovación do pavimento de aglomerado, a renovación da rede de pluviais, o soterramento da rede de alumeadado público e colocación de luminarias, a colocación da correspondente sinalización vertical e horizontal, así como a execución de pasos de peóns sobreelevados co fin de reducir a velocidade dos vehículos e permitir aos peóns o cruce da calzada de forma cómoda e segura, mellorando así a convivencia entre todos os usuarios da estrada no ámbito de actuación contemplado no proxecto.

O proxecto contempla a expropiación dos terreos de dominio privado necesarios para realizar o ensanche da plataforma indispensable para poder executar os itinerarios peonís e o cambio de sentido. Contempla tamén a posta a disposición por parte do concello dos terreos municipais necesarios da parcela do colexio.

Con esta intervención perséguese delimitar claramente a circulación do tráfico rodado e peonil, segregando os espazos co fin de crear itinerarios peonís seguros para os colectivos máis vulnerables, sempre baixo as premisas de buscar un deseño que sexa comprensible, utilizable e practicable por todas as persoas en condicións de seguridade e comodidade.



VII.- Co fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, as partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a Deputación de Pontevedra e o Concello de Arbo para a execución do proxecto de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5201 ARBOCABEIRAS-BARCELA, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+200. CONCELLO DE ARBO”.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe das actuacións obxecto do presente convenio ascende a catrocentos sete mil setecentos corenta e oito euros con sesenta e tres céntimos (407.748,63€) IVE incluído, que se corresponden cos seguintes conceptos:

I. Orzamento das expropiacións precisas para a execución das obras: 35.616,12€.

II. Orzamento das obras:

Descrición	Importe
Tarefas previas	10.680,51€
Movemento de terras	17.818,90€
Redes de servizos	78.401,25€
Firmes e pavimentos	99.159,44€
Estruturas	21.059,81€
Sinalización, balizamento e defensas	6.286,45€
Varios	18.936,13€
Xestión de residuos	3.600,81€
seguridade e Saúde	2.500,00€
Orzamento execución material	258.443,30€
13% Gastos xerais+6% Beneficio Industrial	33.597,63€+15.506,60€
Orzamento base licitación	307.547,53€
21% IVE	64.584,98€
TOTAL	372.132,51€

Terceira.- Financiamento.

O orzamento anterior será financiado polas partes como segue:

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, achegará a contía de 110.042,62€ (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 07.01.422A.760.0, do proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026



Expediente de tramitación anticipada de gasto, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, conforme ao proxecto de Lei de Orzamentos para o exercicio 2026, e ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, xunto co artigo 117.2 da LCSP.

Pola súa parte, a Deputación provincial de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 297.706,01 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira, unha vez tramitada a correspondente addenda ao presente convenio.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Arbo obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento de todos os servizos urbanos executados ou modificados polas actuacións obxecto deste convenio (itinerarios peonís, mobiliario urbano, iluminación, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 2 e 3 desta cláusula.*
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra e coa Xunta de Galicia.*



Sexta.- Obrigas da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A Consellería obrígase a pagar o importe comprometido do presente convenio, de acordo co establecido na cláusula terceira do mesmo.

Sétima.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Correspóndelle á Deputación de Pontevedra:

- 1) A redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5201 ARBO-CABEIRAS-BARCELA, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+200. CONCELLO DE ARBO”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) A tramitación e xestión do expediente de expropiación para obter os terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto.*
- 3) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 4) Incluír en toda a documentación e soportes específicos que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia.*
- 5) Colocar un cartel de obra no que conste de xeito visible a colaboración da Xunta de Galicia.*
- 6) Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.*
- 7) Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.*
- 8) Subministrar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no Título I da citada lei.*
- 9) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia nos casos que lle resulte aplicable como entidade executora das actuacións subvencionadas.*
- 10) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.*

Oitava.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2026.

En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.



Novena.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as achegas económicas previstas no presente convenio serán compatibles con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décima.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Xunta de Galicia e o Concello de Arbo, a Deputación de Pontevedra e as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos en desenvolvemento deste.

Décimo primeira.- Subcontratación

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso quedan fora da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incurrir a Deputación para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

A necesidade da subcontratación estará debidamente motivada pola entidade beneficiaria e, en ningún caso, suporá un aumento do custo da actividade subvencionada.

Os subcontratistas quedarán obrigados soamente ante o Deputación, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O organismo local será a responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixíranlles ás/aos subcontratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os/as subcontratistas están obrigados/as a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións subcontratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.*
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.*
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización do órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.*



Décimo segunda.- Xustificación e pagamento

1. *A Deputación, segundo se establece no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións á entidades locais galegas, estará obrigado a xustificar ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeneral, pola documentación que se relaciona a continuación, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.*

2. *A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarase ante a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 10 do citado Decreto 193/2011, do 6 de outubro, para o que o concello deberá presentar:*

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade provincial, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

- O cumprimento da finalidade da subvención.

- Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmóveis.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres presupostos que se esixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deberá achegarse pola Deputación:

- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como una declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de entidade colaboradora, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 11 e 13 do regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.



- *Reportaxe fotográfica na que se constate o estado previo ao comezo das actuacións urxentes e o resultado final unha vez executadas as mesmas, así como a colocación do cartel de obra ao que se fai referencia na cláusula cuarta.*

- *Indicación do número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.*

3. *De conformidade co artigo 12.3 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a contratación das obras ou equipamentos será realizada pola Deputación conforme á normativa vixente en materia de contratación do sector público, sendo a Deputación contratante a responsable directa das consecuencias que dos incumprimentos se puidera derivar.*

4. *Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.*

2. *Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario. A comprobación material definida no parágrafo anterior poderase encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.*

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de xeito razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

5. *A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.*

6. *O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte da Deputación será o 1 de decembro de 2026.*

A documentación correspondente á xustificación presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

A cantidade máxima que se obrigan a achegar as partes reducirase na mesma proporción que represente a cantidade non xustificada respecto do orzamento total.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado tal como se recolle no anexo ao presente convenio, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo serán compensables entre si as partidas previstas no presente convenio, cuxos orzamentos estimados se establecen no anexo.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro: “1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días



naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención”.

Décimo terceira.- Pagamentos anticipados

Poderanse realizar pagamentos anticipados dos importes que achega a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, por importe do 100%, de cada anualidade de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e no artigo 63.4 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Coa solicitude de anticipo, a Deputación terá que presentar certificacións ou declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación queda exonerada da constitución de garantía.

Décima cuarta.- Perda do dereito ao cobramento da subvención

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento da subvención nos supostos de falta de xustificación, xustificación incompleta ou insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa, incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. Ademais de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso un incumprimento das obrigas impostas á entidade beneficiaria neste convenio as seguintes:

a) Non acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación e/ ou non presentar toda a documentación xustificativa no tempo e na forma esixibles, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.

b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

3. A perda do dereito será total ou parcial, segundo afecte todas ou algunhas das actuacións que integran o proxecto que fundamenta a resolución de concesión.

Décimo quinta.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Deputación deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.



Décimo sexta.- Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.*

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Décimo sétima.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2026

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décimo oitava.- Modificación e resolución do convenio

I. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Xunta, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, a Deputación deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

- a) *Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.*
- b) *Orzamento ou proxecto modificado.*
- c) *Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.*

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.



II. O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo novena.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As controversias derivadas da aplicación ou interpretación do presente convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cuxas resolucións poñen fin a vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias.

Vixésima.- Publicidade e rexistro do convenio. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

Vixésima primeira.- Protección de datos persoais

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/179 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPDGDD) e demais normativa concordante.

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do Convenio serán tratados polos asinantes unicamente para a adecuada formalización e desenvolvemento do mesmo e en base ao disposto no artigo 6.1 b) do RXPd.

Vixésima segunda.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizáranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio dixitalmente. Pola Consellería Román Rodríguez González

Pola Deputación Provincial de Pontevedra

Polo Concello de Arbo

Luis López Diéguez

Horacio Gil Expósito

O Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra

Carlos Cuadrado Romay

Documento datado e asinado dixitalmente.”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e ao Concello de Arbo.



3.35879.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE AS NEVES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4204 AS NEVES – ESTACIÓN DENDE O P.Q. 0+576 ATA O P.Q. 2+036. CONCELLO DE AS NEVES”. (EXPTE. 2025067136)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación Provincial de Pontevedra é titular da estrada provincial I E.P. 4204 As Neves Estación, que transcorre íntegramente polo concello de As Neves e está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4204 As Neves – Estación dende o P.Q. 0+576 ata o P.Q. 2+036. Concello de As Neves”, co fin de promover a mellora da mobilidade peonil a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

O proxecto contempla a execución dunha senda peonil na marxe esquerda da antedita estrada, formada por pavimento de formigón. Para a construción da senda será necesaria a execución de treitos de muro de contención de bloques, e executarase unha nova rede de drenaxe para a recollida das augas pluviais. Baixo a senda peonil se inclúe unha nova canalización para alumeado público e as obras se completan co subministro e instalación de dúas marquesiñas para parada de bus.

Finalmente procederase á completa renovación da capa de rodaxe da estrada e a construción de dous pasos de peóns sobreelevados, así como a renovación da sinalización horizontal e vertical de todo o ámbito



O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	606.863,05 €
IVE 21%	127.441,24 €
Presuposto base de licitación con IVE	734.304,29 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente Decreto da Alcaldía número 2025-0677 polo que se aproba a redacción do texto do convenio.

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente o Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 28/11/2025 CSV: T418XR6255A4GBH9 e informe de supervisión do proxecto data 30/10/2025 CSV: CJE1WXTKIY5TTE8R.

Así mesmo forman parte do expediente informes de Secretaría Xeral (CSV: 5YVTMQWCOFV1MWDU) e de Intervención de fiscalización previa (CSV: WF1PWF6Y67A2GKT8).

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.



De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de As Neves mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	587.443,43 €	80
Concello de As Neves	146.860,86 €	20
Total obras	734.304,29 €	100

As expropiacións serán financiadas íntegramente polo Concello de As Neves:

Organismo	Achega	%
Concello de As Neves	12.003,71 €	100



A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 587.443,43 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello de As Neves, por importe de 158.864,57 € (146.860,86 € correspondentes co 20% do importe das obras e 12.003,71 € correspondentes co 100% do importe das expropiacións), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de As Neves.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.



Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do convenio, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de As Neves co CSV: 3J2PWZDWOWPFG3K8 e o seguinte contido:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE AS NEVES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4204 AS NEVES – ESTACIÓN DENDE O P.Q. 0+576 ATA O P.Q. 2+036 (CONCELLO DE AS NEVES)”.

INTERVENEN

D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

D. José Manuel Alfonso González, alcalde do Concello de As Neves, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes reconécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.



IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- Que a Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 4204 As Neves Estación, que transcorre íntegramente polo concello de As Neves e está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.

VI.- Que o estado actual da E.P. 4204 As Neves - Estación no ámbito de actuación do proxecto, dende o punto quilométrico 0+576 ata o punto quilométrico 2+036, é necesario proceder a mellora da mobilidade peonil a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

As obras definidas neste proxecto construtivo consisten na execución dunha senda peonil na marxe esquerda da antedita estrada, formada por pavimento de formigón. Para a construción da senda será necesaria a execución de treitos de muro de contención de bloques, e executarase unha nova rede de drenaxe para a recollida das augas pluviais. Baixo a senda peonil se inclúe unha nova canalización para alumeado público e as obras se completan co subministro e instalación de dúas marquesiñas para parada de bus.

Finalmente procederáse á completa renovación da capa de rodaxe da estrada e a construción de dous pasos de peóns sobreelevados, así como a renovación da sinalización horizontal e vertical de todo o ámbito.

VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscripción do presente convenio, consonte ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de As Neves para a execución do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP-4204 As Neves - Estación, dende o P.Q. 0+576 ata o P.Q. 2+036 (Concello de As Neves)”.

O proxecto contempla a execución dunha senda peonil na marxe esquerda da antedita estrada, formada por pavimento de formigón. Para a construción da senda será necesaria a execución de treitos de muro de contención de bloques, e executarase unha nova rede de drenaxe para a recollida das augas pluviais. Baixo a senda peonil se inclúe unha nova canalización para alumeado público e as obras se completan co subministro e instalación de dúas marquesiñas para parada de bus.

Finalmente procederáse á completa renovación da capa de rodaxe da estrada e a construción de dous pasos de peóns sobreelevados, así como a renovación da sinalización horizontal e vertical de todo o ámbito.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a seiscentos seis mil oitocentos sesenta e tres euros con cinco céntimos (606.863,05 €), máis cento vinte e sete mil catrocentos corenta e un euros con vinte e catro céntimos (127.441,24 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de setecentos trinta e catro mil trescentos catro euros con vinte e nove céntimos (734.304,29 €).



O importe das expropiacións necesarias para a execución do proxecto ascende a un total de doce mil tres euros con setenta e un céntimos (12.003,71 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de As Neves mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

<i>Organismo</i>	<i>Achega</i>	<i>%</i>
<i>Deputación de Pontevedra</i>	<i>587.443,43 € €</i>	<i>80</i>
<i>Concello de As Neves</i>	<i>146.860,86 €</i>	<i>20</i>
<i>TOTAL OBRAS</i>	<i>734.304,29 €</i>	<i>100</i>

As expropiacións serán financiadas íntegramente polo Concello de As Neves

<i>Organismo</i>	<i>Achega Expropiacións</i>	<i>%</i>
<i>Concello de As Neves</i>	<i>12.003,71 €</i>	<i>100</i>

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 587.443,43 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello de As Neves, por importe de 158.864,57 € (146.860,86 € correspondentes co 20% do importe das obras e 12.003,71 € correspondentes co 100% do importe das expropiacións), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de As Neves.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección, control e seguimento da execución de obras, e soterramento de servizos, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.



Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.

Quinta.- Obrigas do Concello de As Neves.

O Concello de As Neves obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 3) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local.*
- 4) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a licitación, dirección, execución e posterior recepción das obras do proxecto de “Mellora da mobilidade peonil na EP-4204 As Neves - Estación, dende o P.Q. 0+576 ata o P.Q. 2+036 (Concello de As Neves)”.*
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 2) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas.

O Concello de As Neves faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*



- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervinientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas en:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local – Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento.*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.

Documento asinado e datado dixitalmente,”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



4.35880.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DO PORRIÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP - 2405 O CERQUIDO – BUDIÑO ENTRE O P.Q. 0+000 E O P.Q. 1+220 (CONCELLO DE O PORRIÑO)”. (EXPTE. 2025052275)

Antecedentes.

1.Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de Mellora da mobilidade peonil na EP - 2405 O Cerquido – Budiño entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+220 (Concello do Porriño)”.

A Deputación Provincial de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2405 O Cerquido - Budiño, que transcorre polo Concello do Porriño.

Na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+220 da E.P. 2405 O Cerquido - Budiño, non existen espazos adecuados para que as persoas se despracen de forma cómoda e segura, polo que é necesario realizar unha reestruturación do espazo público.

O proxecto contempla a creación dun itinerario peonil entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+220 da EP 2405. Concretamente, entre o P.Q. 0+880 e o P.Q. 0+920 propónse a execución dunha zona de convivencia entre o tráfico peonil e o tráfico motorizado. No resto do ámbito executarase unha senda peonil de formigón coloreado segregada de ancho mínimo 2,50 metros nunha das marxes da estrada provincial.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	855.387,18 €
IVE 21%	179.631,31 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.035.018,49 €



2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente Decreto de Alcaldía con cod.verificación 6RRZMDQ26LE7MZL6EJF3EP7Q6 aprobando o Convenio.

3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente o Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 28/11/2025 co CSV: THIES4C4HS3SAF4P e o informe de supervisión favorable ao proxecto data 10/11/2025 CSV: PFBXWKSGOJSTDJA6.

Así mesmo forman parte do expediente informes de Secretaría Xeral (CSV: V5UAYDBLXRX5GRO9) e de Intervención de fiscalización previa (CSV: XZSDG1N9JCS626UD).

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao

Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.



O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello do Porriño mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	828.014,79 €	80
Concello do Porriño	207.003,70 €	20
Total obras	1.035.018,49 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 828.014,79 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello do Porriño, por importe de 207.003,70 € (20 % do importe das obras), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.



De selo caso de que se financie con cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello do Porriño.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio subscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, atendese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1.- A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2.- O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3.- O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación.

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación do convenio, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello do Porriño co CSV: JWUUA78DEM2Q6XE1 e o seguinte contido:



“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DO PORRIÑO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP - 2405 O CERQUIDO – BUDIÑO ENTRE O P.Q. 0+000 E O P.Q. 1+220 (CONCELLO DE O PORRIÑO)”.

INTERVENEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Alejandro Lorenzo Alonso, alcalde do Concello do Porriño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

Ambas partes reconécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento a asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Por ese motivo, o organismo provincial quere levar a cabo intervencións neste senso no seu propio viario e está a facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial fincapé na protección dos colectivos máis vulnerables: peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida. O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 2405 O Cerquido - Budiño, que transcorre polo Concello do Porriño e ten unha lonxitude de 2.383 m.



VI.- *Que na actualidade, no treito comprendido entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+220 da E.P. 2405 O Cerquido - Budiño, non existen espazos adecuados para que as persoas se despracen de forma cómoda e segura, polo que é necesario realizar unha reestruturación do espazo público.*

Debido ó mencionado anteriormente, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP - 2405 O CERQUIDO – BUDIÑO ENTRE O P.Q. 0+000 E O P.Q. 1+220 (CONCELLO DE O PORRIÑO)" coa finalidade de dar resposta ás necesidades en materia de mobilidade.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello do Porriño, sendo o obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil entre o P.Q. 0+000 e o 1+220 da citada estrada provincial.

O proxecto contempla a creación dun itinerario peonil entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+220 da EP 2405. Concretamente, entre o P.Q. 0+880 e o P.Q. 0+920 propónse a execución dunha zona de convivencia entre o tráfico peonil e o tráfico motorizado. No resto do ámbito executarase unha senda peonil de formigón coloreado segregada de ancho mínimo 2,50 metros nunha das marxes da estrada provincial.

Proxéctase a renovación do pavimento de aglomerado e execución nalgúns treitos de cunetas de formigón tendidas na marxe oposta á senda, a renovación da rede de pluviais, o soterramento da rede de alumeadado público e colocación de luminarias, a colocación da correspondente sinalización vertical e horizontal, así como a execución de pasos de peóns sobreelevados co fin de reducir a velocidade dos vehículos e permitir aos peóns o cruce de calzada de forma cómoda e segura, mellorando así a convivencia entre todos os usuarios da estrada no ámbito de actuación contemplado no proxecto.

VII.- *Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:*

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello do Porriño para a execución do proxecto de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP - 2405 O CERQUIDO – BUDIÑO ENTRE O P.Q. 0+000 E O P.Q. 1+220 (CONCELLO DE O PORRIÑO)".

O proxecto contempla a creación dun itinerario peonil entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+220 da EP 2405. Concretamente, entre o P.Q. 0+880 e o P.Q. 0+920 propónse a execución dunha zona de convivencia entre o tráfico peonil e o tráfico motorizado. No resto do ámbito executarase unha senda peonil de formigón coloreado segregada de ancho mínimo 2,50 metros nunha das marxes da estrada provincial. Proxéctase ademais a renovación do pavimento de aglomerado e execución nalgúns treitos de cunetas de formigón tendidas na marxe oposta á senda, a renovación da rede de pluviais, o soterramento da rede de alumeadado público e colocación de luminarias, a colocación da correspondente sinalización vertical e horizontal, así como a execución de pasos de peóns sobreelevados co fin de reducir a velocidade dos vehículos e permitir aos peóns o cruce de calzada de forma cómoda e segura, mellorando así a convivencia entre todos os usuarios da estrada no ámbito de actuación contemplado no proxecto.



Segunda.- Importe do convenio.

O importe o que se refire a presente actuación ascende a oitocentos cincuenta e cinco mil trescentos oitenta e sete euros con dezaioito céntimos (855.387,18 €), máis cento setenta e nove mil seiscientos trinta e un euros con trinta e un céntimos (179.631,31 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de un millón trinta e cinco mil dezaioito euros con corenta e nove céntimos (1.035.018,49 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello do Porriño mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	828.014,79 €	80
Concello do Porriño	207.003,70 €	20
TOTAL OBRAS	1.035.018,49 €	100

A Deputación de Pontevedra realizará a tramitación anticipada do gasto do presente convenio, condicionando a súa achega, por importe de 828.014,79 € ao remanente de crédito existente na aplicación 25/456.4530.612.02 que se incorporará ao orzamento provincial 2026.

A achega do Concello do Porriño, por importe de 207.003,70 €(20 % do importe das obras), realizarase mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento 2026 co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie con cargo ao Plan Máis Provincia 2026, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello do Porriño.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguén a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobrante.



Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello do Porriño obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.*
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras, segundo as necesidades indicadas no proxecto, e poñelas a disposición da Deputación de Pontevedra. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.*
- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.*
- 4) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local.*
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.*

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP - 2405 O CERQUIDO – BUDIÑO ENTRE O P.Q. 0+000 E O P.Q. 1+220 (CONCELLO DE O PORRIÑO)”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.*
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello no punto 3 precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.*
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.*

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello do Porriño faculta expresamente á Deputación para reter e compensar con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio , así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas nas quen deleguen, o secretario xeral da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue e un representante técnico de cada Administración.



As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- *Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- *Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.*
- *En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.*

Esta comisión reunirase dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera das partes.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa firma e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do mesmo, en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes.

En calquera caso os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres meses despois da liquidación do contrato da obra, unha vez rematado o período de garantía. Calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Décima.- Resolución.

Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio de conformidade co disposto na normativa vixente.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.*
- *Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público*
- *Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025.*
- *E demais normativa de obrigado cumprimento*

Asemade, as partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as dúas partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura dixital.”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



5.35881.- 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 1002 A MAGDALENA-ALDÁN DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+850 (CONCELLO DE CANGAS)”.
(EXPTE.2023017076)

Antecedentes

1.O 19 de agosto de 2025 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas formalizaron un convenio (CSV: XCLSPYZGSOQCF7BG) co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”.

As obras son financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Cangas mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	1.067.260,84 €	80
Concello de Cangas	266.815,21 €	20
Total obras	1.334.076,05 €	100

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

2. O 20 de novembro de 2025 notificase ao Concello de Cangas o borrador da primeira Addenda co CSV: 608JQRU5SO48QFYW.

3. O 1 de decembro de 2025 o Concello remite Certificado do Pleno da corporación de data 28 de novembro de 2025 co código de validación AW4RWYDDLEC9TXFH3YDMDX9RX aprobando borrador da primeira addenda ao convenio.

4. En data 9 de decembro de 2025 a Secretaría Xeral da Deputación de Pontevedra emite informe favorable á prórroga.CSV: GEGGDJY34UNY40TK.

5.En data 11 de decembro de 2025 Intervención emite informe favorable a prórroga CSV: XNCBX9V5X16T7BWF.



Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

Esta addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”.

Tendo en conta que aínda que a obra se presupón finalizada para principios do mes de xullo do ano 2026, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres (3) meses despois da liquidación do contrato da obra unha vez rematado o período de garantía, e que calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación da addenda ao convenio en aplicación da base número 16ª das aprobadas para a execución do vixente orzamento, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a primeira addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas co CSV: 608JQRU5SO48QFYW e o seguinte contido:

PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 1002 A MAGDALENA-ALDÁN DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+850 (CONCELLO DE CANGAS)”.

INTERVEÑEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Araceli Gestido Rodríguez, alcaldesa do Concello de Cangas, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.



EXPOÑEN

I.- O 19 de agosto de 2024 a Deputación de Pontevedra e o Concello de Cangas formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na E.P. 1002 A Magdalena-Aldán dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+850 (Concello de Cangas)”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 19 de agosto do 2024 (CSV: XCLSPYZGSOQCF7BG) mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización da addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Notificar este acordo ao Concello de Cangas.

Cuarto.- A addenda ao convenio será posta a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

6.35882.- 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP-2702 AMOEDO-OS VALOS DENDE O P.Q. 6+550 ATA O P.Q. 7+980”. (EXPTE. 2023024662)

Antecedentes

1.O 4 de novembro de 2025 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pazos de Borbén formalizaron un convenio (CSV: WVJRENUTE44S0T2D) co obxecto de establecer as bases da



colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980”.

As obras son financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Pazos de Borbén mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	960.465,35 €	100
Total obras	960.465,35 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Pazos de Borbén :

Organismo	Achega	%
Concello de Pazos de Borbén	40.149,67 €	100

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

2. O 20 de novembro de 2025 notificase ao Concello de Pazos de Borbén o borrador da primeira Addenda co CSV: 6OG4QKJ04X8SFWZS.

3.O 28 de novembro de 2025 o Concello remite certificado de acordo do Pleno da Corporación co código de validación: 5TSLE9RYT57YC5QPNDL4ZD9C5 aprobando borrador da primeira addenda ao convenio.

4.En data 9 de decembro de 2025 a Secretaría Xeral emite informe favorable a prórroga do Convenio CSV: 9HLHJ67EP3Z0RS2N.

5.En data 10 de decembro de 2025 Intervención emite informe favorable a prórroga do Convenio CSV: EYJD536U1SF1SROG

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).



- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

Esta addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pazos de Borbén para a execución do proxecto de obras de “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980”.

Tendo en conta que aínda que a obra se presupón finalizada para principios do mes de outubro do ano 2026, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres (3) meses despois da liquidación do contrato da obra unha vez rematado o período de garantía, e que calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación da addenda ao convenio en aplicación da base número 16ª das aprobadas para a execución do vixente orzamento, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a primeira addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pazos de Borbén co CSV: 6OG4QKJ04X8SFWZS e o seguinte contido:

PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURANZA VIARIA NA EP 2702 AMOEDO – OS VALOS DENDE O P.Q. 6+550 ATA O P.Q. 7+980. CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN”

INTERVENEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Xosé Luciano Otero Camiña, alcalde do Concello de Pazos de Borbén, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

EXPOÑEN

I.- O día 4 de novembro de 2024 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pazos de Borbén formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.



III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pazos de Borbén para a execución do proxecto de obras de “Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP-2702 Amoedo-Os Valos dende o P.Q. 6+550 ata o P.Q. 7+980”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 4 de novembro de 2024 (CSV: WVJRENUTE44S0T2D) mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.”

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización da addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pazos de Borbén.

Cuarto.- A addenda ao convenio será posta a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

7.35883.- 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9701 BAIÓN - ANDRÁS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+560. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA”. (EXPTE. 2024027502)

Antecedentes

1. O 31 de xullo de 2024 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa formalizaron un convenio (CSV: 8BLL93M8T687B8GR) co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9701 Baión - András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560. Concello de Vilanova de Arousa”.



As obras son financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Vilanova de Arousa mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	769.552,68 €	80
Concello de Vilanova de Arousa	192.388,17 €	20
Total obras	961.940,85 €	100

As expropiacións necesarias para a realización das mencionadas obras serán financiadas na súa integridade polo Concello de Vilanova de Arousa:

Organismo	Achega	%
Concello de Vilanova de Arousa	19.298,92 €	100
Total expropiacións	19.298,92 €	100

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

2. En data 19 de novembro de 2025 notificase ao Concello de Vilanova de Arousa o borrador da primeira Addenda co CSV: Q924HD0APCZ24OE0.

3. En data 24 de novembro de 2025 o Concello remite Decreto da alcaldía co código de validación : 6NHSJGSR6FWFH57FEKXKHQ22C aprobando borrador da primeira addenda ao convenio.

4. En data 3 de decembro de 2025 a Secretaría xeral da Deputación de Pontevedra informa favorablemente a prórroga CSV: 115EZJICXUQWD0TA.

5. En data 10 de decembro de 2025 Intervención emite informe favorable a prórroga CSV: J0WWN21BRA4YGVTS.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.



Esta addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9701 Baión - András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560. Concello de Vilanova de Arousa”

Tendo en conta que aínda que a obra se presupón finalizada para principios do mes de xullo do ano 2026, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres (3) meses despois da liquidación do contrato da obra unha vez rematado o período de garantía, e que calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación da addenda ao convenio en aplicación da base número 16ª das aprobadas para a execución do vixente orzamento, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado a primeira addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa co CSV: Q924HD0APCZ24OE0 e o seguinte contido:

“PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP 9701 BAIÓN-ANDRÁS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+560. CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA”.

INTERVENEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Gonzalo Durán Hermida, alcalde do Concello de Vilanova de Arousa, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

EXPOÑEN

I.- O 31 de xullo de 2024 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9701 Baión - András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560. Concello de Vilanova de Arousa”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.



Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa para a execución do proxecto de obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP 9701 Baión - Andrés, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560. Concello de Vilanova de Arousa”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 31 de xullo de 2024 (CSV: 3CRMX56ECCATPICN) mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización da addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Vilanova de Arousa*.

Cuarto.- A addenda ao convenio será posta a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

8.35884.- 1ª ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE PEONIL MEDIANTE A ILUMINACIÓN PÚBLICA NA EP-0405 XESTEIRA – ALMOFREI, DENDE O P.Q. 0+000 AO 1+500. CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE”. (EXPTE. 2024070324)

Antecedentes

1. O 4 de febreiro de 2025 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade formalizaron un convenio (CSV: 8BLL93M8T687B8GR) co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira – Almofrei, dende o P.Q. 0+000 ao 1+500. Concello de Cerdedo-Cotobade”.



As obras son financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Cerdedo-Cotobade mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	181.160,32 €	70
Concello de Cerdedo-Cotobade	77.640,14 €	30
Total obras	258.800,46 €	100

A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervenientes.

Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

2. En data 19 de novembro de 2025 notificase ao Concello de Cerdedo-Cotobade o borrador da primeira Addenda co CSV: ESV4ZKQOU1SKBM6H.

3. En data 19 de novembro de 2025 o Concello remite Certificado do Decreto da alcaldía co código de validación 3HGHWLJ4FKAXH97TJQF4SXXWT aprobando borrador da primeira addenda ao convenio.

4. En data 3 de decembro de 2025 a Secretaría xeral da Deputación de Pontevedra emite informe xurídico favorablemente a prórroga do convenio co informe CSV: MDWK4VE4IJHYT54Y.

5. En data 10 de decembro de 2025 a Intervención emite informe de fiscalización favorable a prórroga do convenio co informe CSV: N15F7LLBC1BKII7B.

Consideracións legais e técnicas.

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

Esta addenda ten por obxecto estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira – Almofrei, dende o PQ. 0+000 ao 1+500. Concello de Cerdedo-Cotobade)”



Tendo en conta que aínda que a obra se presupón finalizada para principios do ano 2026, os efectos económicos do convenio entenderanse ata tres (3) meses despois da liquidación do contrato da obra unha vez rematado o período de garantía, e que calquera incremento do custo neste período será financiado de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira do convenio.

Por todo o exposto, sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para a aprobación da addenda ao convenio en aplicación da base número 16ª das aprobadas para a execución do vixente orzamento, logo dos informes da Secretaría Xeral e da Intervención,

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobación da primeira addenda para prorrogar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade co CSV: ESV4ZKQOU1SKBM6H e o seguinte contido:

“PRIMEIRA ADDENDA PARA PRORROGAR AS ACTUACIÓNS OBXECTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E DA MOBILIDADE PEONIL MEDIANTE A ILUMINACIÓN PÚBLICA NA EP-0405 XESTEIRA – ALMOFREI, DENDE O PQ. 0+000 AO 1+500. CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA”

INTERVENEN

Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local.

Jorge Cubela López, alcalde do Concello de Cerdedo-Cotobade, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Carlos Cuadrado Romy, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe da formalización.

EXPOÑEN

I.- O 4 de febreiro de 2025 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade formalizaron un convenio co obxecto de establecer as bases da colaboración técnica e económica para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira – Almoforei, dende o PQ. 0+000 ao 1+500. Concello de Cerdedo-Cotobade”.

II.- A cláusula novena do referido convenio establece que a vixencia do mesmo se estende ata o 31 de decembro de 2025 sendo prorrogable coa conformidade expresa das partes intervinientes.

III.- Actualmente as obras que son obxecto do convenio están en execución e non é posible a entrega ao uso público no prazo de vixencia establecido neste, razón pola que é necesario estender a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.



Por todo o anteriormente exposto, as partes manifestan expresamente a vontade de asinar unha addenda ao Convenio de Colaboración co obxecto de prorrogar a súa vixencia e

PACTAN

PRIMEIRO.- Estender ata o 31 de decembro de 2026 a vixencia do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cerdedo-Cotobade para a execución do proxecto de obras de “Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil mediante a iluminación pública na EP-0405 Xesteira – Almofrei, dende o PQ. 0+000 ao 1+500. Concello de Cerdedo-Cotobade”.

A presente addenda entrará en vigor na data da súa sinatura.

SEGUNDO.- En todo o demais, o convenio asinado o 4 de febreiro do 2025 (CSV: 8BLL93M8T687B8GR) mantense invariable, suxeitándose as partes ao establecido nas súas cláusulas.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes asinan a presente addenda na data da súa sinatura dixital.”

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización da addenda transcrita no punto anterior, mediante a súa sinatura.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Cerdedo-Cotobade*.

Cuarto.- A addenda ao convenio será posta a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

9.35885.- ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ. (EXPT. 2024043743)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- En data 26/07/2024 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 8.34081 polo que se aprobaba o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ”.
- En data 30/07/2024 asinouse o citado convenio que ten por obxecto a cooperación entre ambas Administracións para levar a cabo as obras de renovación da iluminación exterior na parroquia de Lérez, coa finalidade de conseguir un obxectivo de claro interese público e común, consistente na renovación



das instalacións de iluminación exterior pública na parroquia de Lérez, sendo a mellora da eficiencia enerxética, o aforro enerxético e a mellora do servizo a principal motivación. Coa actuación tamén se prevé un reforzo da iluminación en pasos de peóns e nos espazos e vías peonís do Concello, mellorando a seguridade peonil do municipio, coa finalidade de crear un espazo público máis seguro e cunha mobilidade máis amable.

- De acordo coa cláusula décima do convenio, contemplase como prazo de execución e finalización do investimento o 31/12/2025, fixándose un prazo de xustificación ata o 31/03/2026. Na dita cláusula tamén se contempla que “No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga”.
- En data 11/11/2025, o Concello de Pontevedra solicita a convocatoria da Comisión de Seguimento do convenio, co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar o mesmo, debido a que no contrato administrativo formalizado para a execución das obras o prazo de execución fixado e de nove meses, contados a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo, documento que foi asinado o 21 de abril do 2025, co que o remate da execución das obras obxecto do convenio está previsto para o 22 de xaneiro do 2026, polo que a actuación subvencionada non poderá rematarse no período de vixencia previsto do convenio, e tampouco se poderá cumprir o prazo de xustificación completa da actuación.
- En data 21/11/2025, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnen os membros da citada Comisión de Seguimento e acórdase, por unanimidade, tal como se fai constar na acta da mesma (CSV: LFB3B7G6J5JXACG0), propoñer prorrogar a vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ”, establecendo como prazo de execución, finalización e xustificación da obra a data límite do 31/10/2026, ante a imposibilidade material de realizar as actuacións obxecto do convenio antes da finalización do prazo de execución e fin do investimento previsto no mesmo, e adaptar así a redacción da cláusula décima á realidade de execución das obras nel recollidas.
- Recibida a documentación necesaria por parte do concello de Pontevedra para a tramitación da addenda, o xefe do Servizo de Cooperación en data 28/11/2025 informa a proposta de addenda (CSV: D53H4GZ1QN74XUCE) e, pola súa banda, en data 11/12/2025, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade (CSV: JENGYDREICEM1LQP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación exterior na parroquia de Lérez.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25 da LRBRL e en sentido semellante o artigo 80 da LALGA establecen que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos establecidos neste artigo, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, así como nas de medio ambiente urbano, en particular, na de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas. Subliñar tamén, que o artigo 26 da LRBRL establece como un servizo que deben de prestar todos os municipios o de iluminación pública.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.



- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda:

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.
- Cláusula 10ª do convenio, que indica que no caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, **INFORMO FAVORABLEMENTE** a sinatura dunha **ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ**, co fin de adecuar os prazos de execución, finalización e xustificación previstos no convenio á realidade de execución das obras.

RÉXIME COMPETENCIAL

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na Base 16º 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.



Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación exterior na parroquia de Lárez, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÁREZ

Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data de 30 de xullo de 2024 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÁREZ.

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula DÉCIMA, indica que:

“O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2025, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2026.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.”

III.- Que a cláusula NOVENA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.



IV.- Que o día 21 de Novembro de 2025 a dita Comisión reúnese con motivo de non ser posible a realización da actuación prevista no prazo de execución e finalización da obra estipulado na cláusula DÉCIMA, isto é, o 31 de decembro de 2025, debido a que no contrato administrativo formalizado para a execución das obras o prazo de execución fixado e de nove meses, contados a partir do día seguinte á sinatura da acta de comprobación de replanteo, documento que foi asinado o 21 de abril do 2025, co que o remate da execución das obras obxecto do convenio está previsto para o 22 de xaneiro do 2026, polo que se acorda por unanimidade propoñer prorrogar a vixencia do convenio, establecendo o 31 de outubro de 2026 como data límite para a execución, finalización e xustificación da actuación, co obxecto de adecuar o convenio as necesidades de execución real da obra.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación exterior na parroquia de Lerez” conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN EXTERIOR NA PARROQUIA DE LÉREZ”, ampliándose o prazo de execución, finalización e xustificación do investimento ata o día 31 de outubro de 2026.

SEGUNDA.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 30 de xullo de 2024 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

A sinatura da addenda queda condicionada á aprobación do texto da mesma polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

- Facultar ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.



10.35886.- ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO. (EXPTE. 2025024750)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- En data 30/05/2025 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 3.35269 polo que se aprobaba o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO”.
- En data 15/07/2025 asinouse o citado convenio que ten por obxecto a cooperación entre ambas Administracións para levar a cabo as obras de renovación de céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro, instalación de titularidade municipal situada na Xunqueira de Lérez, no Concello de Pontevedra, coa finalidade de conseguir un obxectivo de claro interese público e común. Coa actuación, ambas administracións locais contribúen a fomentar, promover e difundir o deporte como actividade de interese público ao que se lle recoñecen as especiais funcións que este desempeña na sociedade nos ámbitos da educación, da formación e da cultura, na mellora da saúde pública, no fomento da cohesión social, no desenvolvemento e no respecto polo medio ambiente.
- De acordo coa cláusula décimo primeira do convenio, contemplase como prazo de execución e finalización do investimento o 31 de decembro de 2025, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2026. Na dita cláusula tamén se contempla que “No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga”.
- En data 11/11/2025, o Concello de Pontevedra solicita a convocatoria da Comisión de Seguimento do convenio, co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar o mesmo, con motivo de non ser posible a realización da actuación prevista no prazo de execución e finalización de obra estipulado na cláusula DÉCIMO PRIMEIRA, isto é, o 31 de decembro de 2025, ao estar en estado de preparación a documentación necesaria para licitar as obras, por mor dun adiamento producido da actualización na estrutura do expediente electrónico no aplicativo de xestión CIVIDAS.
- En data 21/11/2025, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnen os membros da citada Comisión de Seguimento e acórdase, por unanimidade, tal como se fai constar na acta da mesma (CSV: XUPB7E2MFQNJ1IL1) propoñer prorrogar a vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO”, establecendo como prazo de execución e finalización da obra a data límite do 31/12/2026 e como prazo



de xustificación a data límite do 31/03/2027, ante a imposibilidade material de realizar as actuacións obxecto do convenio antes da finalización do prazo de execución e fin do investimento previsto no mesmo, e adaptar así a redacción da cláusula décimo primeira á realidade de execución das obras nel recollidas.

- Recibida a documentación necesaria por parte do concello de Pontevedra para a tramitación da addenda, o xefe do Servizo de Cooperación en data 28/11/2025 informa a proposta de addenda (CSV: E8QQEH0C3YCM15B2) e, pola súa banda, en data 11/12/2025, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade (CSV: GK69LITO60ES8P56).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia (LDG)
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a renovación de céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 25.2.l) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.n) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia na promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.



- Artigo 8 da LDG, que establece como competencia dos concellos, construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.
- Artigo 7 da LDG, que lle atribúe ás Deputacións no seu ámbito territorial competencias de asistencia e colaboración cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e no deseño e construción de instalacións deportivas de titularidade municipal.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda:

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.
- Cláusula 11ª do convenio, que indica que no caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.



CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, **INFOUMO FAVORABLEMENTE** a sinatura dunha **ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO**, co fin de adecuar os prazos de execución, finalización e xustificación previstos no convenio á realidade de execución das obras.

RÉXIME COMPETENCIAL

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na Base 16º 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación provincial de Pontevedra para levar a cabo a renovación de céspede artificial nos campos de fútbol 8 do centro municipal de fútbol Manolo Barreiro, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO

Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.



Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data de 15 de xullo de 2024 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPED E ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO.

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula DÉCIMO PRIMEIRA, indica que:

“O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2025, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2026.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.”

III.- Que a cláusula DÉCIMA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

IV.- Que o día 21 de novembro de 2025 a dita Comisión reúnese con motivo de non ser posible a realización da actuación prevista no prazo de execución e finalización de obra estipulado na cláusula DÉCIMO PRIMEIRA, isto é, o 31 de decembro de 2025, ao estar en estado de preparación a documentación necesaria para licitar as obras, por mor dun adiamento producido da actualización na estrutura do expediente electrónico no aplicativo de xestión CIVIDAS, polo que se acorda por unanimidade propoñer prorrogar a vixencia do convenio, establecendo o 31 de decembro de 2026 como data límite para a execución e finalización da actuación e fixando un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2027 co obxecto de adecuar o convenio ás necesidades de execución real da obra.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a renovación de céspede artificial nos campos de fútbol 8 do Centro Municipal de Fútbol Manolo Barreiro” conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A RENOVACIÓN DE CÉSPED E ARTIFICIAL NOS CAMPOS DE FÚTBOL 8 DO CENTRO MUNICIPAL DE FÚTBOL MANOLO BARREIRO”, ampliándose o prazo de execución e finalización do investimento ata o 31 de decembro de 2026 e o prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2027.

SEGUNDA.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 15 de xullo de 2025 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.



E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

A sinatura da addenda queda condicionada á aprobación do texto da mesma polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

- Facultar ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

11.35887.- ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA. (EXPTE.2025030791)

Do exame do expediente quedan acreditados os seguintes antecedentes:

- En data 30/05/2025 a Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 2.35268 polo que se aprobaba o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA”.
- En data 15/07/2025 asinouse o citado convenio que ten por obxecto a cooperación entre ambas Administracións para levar a cabo o proxecto de actualización da infraestrutura do sistema de xestión de base de datos corporativo do Concello de Pontevedra, coa finalidade de conseguir un obxectivo de claro interese público e común. Coa actuación, ambas administracións locais contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopan a consolidación da administración electrónica no Concello de Pontevedra mediante a actualización da súa infraestrutura tecnolóxica ao abeiro do mandato normativo establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como nas previsións establecidas no Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade. Por outra banda, a actuación encádrase tamén nos obxectivos establecidos no Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, aprobado polo Real decreto 203/2021, do 30 de marzo.



- De acordo coa cláusula décimo primeira do convenio, contéplase como prazo de execución e finalización do investimento o 31 de decembro de 2025, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2026. Na dita cláusula tamén se contempla que “No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, a actuación obxecto do presente convenio non estivese rematada nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga”.
- En data 20/11/2025, o Concello de Pontevedra solicita a convocatoria da Comisión de Seguimento do convenio, co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar o mesmo, con motivo de non ser posible a realización da actuación prevista no prazo de execución e finalización da actuación estipulado na cláusula DÉCIMO PRIMEIRA, isto é, o 31 de decembro de 2025, debido a que o contrato de adxudicación do servizo se asinou en data 19 de novembro de 2025, establecéndose un prazo de execución de 67 días naturais, estando prevista para a última semana de xaneiro de 2026 a realización completa dos traballos, de xeito que a execución da actuación obxecto do convenio non poderá rematarse no período de vixencia do mesmo.
- En data 28/11/2025, á vista dos antecedentes e da evolución administrativa do expediente conducente á execución do obxecto do convenio de referencia, reúnen os membros da citada Comisión de Seguimento e acórdase, por unanimidade, tal como se fai constar na acta da mesma (CSV: 5NX0BPCMODEWSZC4) propoñer prorrogar a vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA”, establecendo como prazo de execución e finalización da actuación a data límite do 31/03/2026 e como prazo de xustificación a data límite do 30/06/2026, ante a imposibilidade material de realizar as actuacións obxecto do convenio antes da finalización do prazo de execución e fin do investimento previsto no mesmo, e adaptar así a redacción da cláusula décimo primeira á realidade de execución da actuación nel recollida.
- Recibida a documentación necesaria por parte do concello de Pontevedra para a tramitación da addenda, o xefe do Servizo de Cooperación en data 03/12/2025 informa a proposta de addenda (CSV: JWRG2YRFPJ0MDZ3I) e, pola súa banda, en data 11/12/2025, a Intervención provincial emite dilixencia de conformidade (CSV: FLBYQZ1T0HA7FI5Y).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas (LPACAP)



- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia (LDG)
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral)
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de actualización da infraestrutura do sistema de xestión de base de datos corporativo do Concello de Pontevedra.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica ós concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.



Procedencia da addenda:

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.
- Cláusula 11ª do convenio, que indica que no caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con elo non se prexudican dereitos de terceiros, **INFORE FAVORABLEMENTE** a sinatura dunha **ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**, co fin de adecuar os prazos de execución, finalización e xustificación previstos no convenio á realidade de execución da actuación.

RÉXIME COMPETENCIAL

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido no artigo 35 da LRBRL e na Base 16º 2 das de Execución do Orzamento Provincial, compételle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación da addenda ao convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación provincial de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de actualización da infraestrutura do sistema de xestión de base de datos corporativo do concello de Pontevedra, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:



“ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Na data da sinatura electrónica

INTERVENEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e reconécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data de 15 de xullo de 2025 asinouse o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA.

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula DÉCIMO PRIMEIRA, indica que:

“O investimento obxecto deste Convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2025, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2026.

No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, a actuación obxecto do presente convenio non estivese rematada nesa data poderase estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.”

III.- Que a cláusula DÉCIMA do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

IV.- Que o día 28 de novembro de 2025 a dita Comisión reúnese con motivo de non ser posible a realización da actuación prevista no prazo de execución e finalización de obra estipulado na cláusula DÉCIMO PRIMEIRA, isto é, o 31 de decembro de 2025, debido a que o contrato de adxudicación do servizo se asinou en data 19 de novembro de 2025, establecéndose un prazo de execución de 67 días naturais, estando prevista para a última semana de xaneiro de 2026 a realización completa dos traballos, de xeito que a execución da actuación obxecto do convenio non poderá rematarse no período de vixencia do mesmo, polo que se acorda por unanimidade propoñer prorrogar a vixencia do convenio, establecendo o 31 de marzo de 2026 como data límite para a execución e finalización da actuación e fixando un prazo de xustificación ata o 30 de xuño de 2026 co obxecto de adecuar o convenio ás necesidades de execución real da actuación.



V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA” conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- A Deputación Provincial e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DA INFRAESTRUTURA DO SISTEMA DE XESTIÓN DE BASE DE DATOS CORPORATIVO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA, ampliándose o prazo de execución e finalización do investimento ata o 31 de marzo de 2026 e o prazo de xustificación ata o 30 de xuño de 2026.

SEGUNDA.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 15 de xullo de 2025 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

O alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores

O secretario do Concello de Pontevedra, José Carlos Castiñeira Piñeiro

O presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Luís López Diéguez

O secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, Carlos Cuadrado Romay”

A sinatura da addenda queda condicionada á aprobación do texto da mesma polo órgano competente do Concello de Pontevedra.

- Facultar ao presidente para formalizar a devandita addenda mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo ao *concello de Pontevedra*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

12.35888.- CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (PROGRAMA +AQUA 2025) COMO CONSECUENCIA DE REMANENTES DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025). (EXPTE. 2024079743)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a Comunidade de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025)”



e as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Plan Provincia comunitaria 2025)” ambas publicadas no BOPPO número 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.

Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou o acordo número 7.35790 de “concesión de subvencións da convocatoria do programa de axudas a Comunidade de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025”, a 245 Comunidade de usuarios, de entre as 280 solicitudes presentadas, que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por un importe de 2.346.306,12 euros dun total de 2.350.000,0 euros dispoñibles.

Terceiro.- Atendendo á base 7ª, para as solicitudes que se desestimaron por terse esgotado o crédito estableceuse unha prelación e pasaron a constituír unha lista de agarda.

Cuarto.- Vista a base 5ª das bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa +AQUA 2025, que di que “a contía inicial máxima poderá ampliarse como consecuencia da existencia de remanentes na convocatoria correspondente co Programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra (Plan Provincia comunitaria 2025), financiado con cargo á aplicación 2025/942.4590.789.07”.

Quinto.- Visto o acordo número 4.35834 da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 05 de decembro de 2025, de “ampliación da contía do programa +AQUA 2025 como consecuencia de remanentes do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra (plan provincia comunitaria 2025)” en 206.749,60 euros.

Sexto.- En vista do exposto, procede concederlle ás Comunidade de usuarios que se relacionan a continuación as cantidades sinaladas por un total de 206.534,01 euros para a realización das actuacións correspondentes. Todas as Comunidade referidas contan no respectivo expediente coa documentación requirida para ser beneficiarias da subvención ao abeiro do programa +AQUA 2025.

RELACIÓN DE SOLICITUDES PROPOSTAS PARA A CONCESIÓN				
COMUNIDADE DE USUARIOS	CONCELLO	EXPEDIENTE	ACTUACIÓN	IMPORTE A CONCEDER
COMUNIDADE DE USUARIOS DE PINTELOS	CAÑIZA, A	2025015067	FASE II: "SUARMIDA-A RÚA COLOCACIÓN DE NOVA TUBAXE E MEDIDORES"	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE A FEIRA	PONTE CALDELAS	2025015691	MELLORA DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES, RELACIONADAS COA MELLORA DA CALIDADE DA AGUA	9.630,70€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE BRAGAÑA, TEAÑO E CASAL	CUNTIS	2025012857	RENOVACIÓN DA TUBAXE QUE FORMA PARTE DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA VECIÑAL NA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE BRAGAÑA, CASAL E TEAÑO	10.000,00€



COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA EIRAPEDRIÑA II	REDONDELA	2025007356	IMPERMEABILIZACIÓN DE DEPÓSITO E 4 TAPAS DE SUMIDOIROS	6.394,85€
COMUNIDADE DE AUGAS DO BARRIO DA ROTEÑA	COVELO	2025015409	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DO BARRIO DA ROTEÑA	10.000,00€
COMUNIDADE DE AUGAS DOS BARRIOS DE ABELLE, CARRETERA Y SENDIN	VILAGARCÍA DE AROUSA	2025015821	REPARACIÓN E MELLORA NO DISTRIBUIDOR XERAL E ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE DEPÓSITOS DE ALMACENAMIENTO	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE RANDUFE, LISOIROS Y FORMIGOS	CAÑIZA, A	2025015407	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE RANDUFE, LISOIROS Y FORMIGOS	7.475,34€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE BARRIO DE ABAIXO	CAÑIZA, A	2025015678	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE BARRIO DE ABAIXO	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE REGADAS	MOS	2025015788	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE REGADAS	8.103,21€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE A CASIÑA E PIÑEIRO	CUNTIS	2025012929	TRABALLOS DE MELLORA NA CAPTACIÓN, NOS DEPÓSITOS E NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DA CASIÑA	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS DO LUGAR DE MIÑÁN	MARÍN	2025015048	MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ALMACENAMIENTO E DISTRIBUCIÓN DA AUGA PARA CONSUMO. SUBSTITUCIÓN DE DEPÓSITOS REPARTIDOR.	9.274,93€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE CAMPO DO MOURO	MONDARIZ	2025015372	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE CAMPO DO MOURO	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE O BARRIO NOVO	OIA	2025015351	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE O BARRIO NOVO	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE TALLOS	CAÑIZA, A	2025015697	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE TALLOS	8.405,71€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE VILANOVA	CERDEDO - COTOBADE	2025015416	INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES NO DEPÓSITOS, INSTALACIÓN DE MODULO DE COMUNICACIÓN PARA A CLORADORA E PINTADO DA ARQUETA DE CAPTACIÓN	9.933,25€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE TOUZOSAS	CAÑIZA, A	2025015677	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE TOUZOSAS	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE XUNQUEIRAS	PAZOS DE BORBÉN	2025014965	CONSTRUCCIÓN DUNHA ARQUETA DE CAPTACIÓN	8.626,09€



COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE LIÑEIRIÑOS	CERDEDO - COTOBADE	2025015394	ACONDICIONAMIENTO E PECHE DE PARCELA	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS CRUZ DE ACIVO	CERDEDO - COTOBADE	2025006072	ARRANXOS DO PECHE E DEPÓSITOS, INSTALACIÓN DE PLACA SOLAR E EQUIPO DE TELE XESTION	9.005,04€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE QUINTELAS	FORCAREI	2025005470	CAMBIO DE TUBAXES DE CONEXIÓN Ó DEPÓSITO E DE CONDUCCIÓN DA AUGA DENDE O DEPÓSITO DE ALMACENAXE ATA A VIVENDA DOS USUARIOS	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS DE CANCELA	PONTEVEDRA	2025015679	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE CANCELA	10.000,00€
COMUNIDADE DE USUARIOS MOLEDO	MARÍN	2025015408	SUBSTITUCIÓN DAS TUBAXES QUE VAN DESDE OS MANANCIAS AO DEPÓSITO E PECHE VALADO DA PARCELA DOS DEPÓSITOS	9.684,89€
				206.534,01€

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a Comunidade de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde ao xefe do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.



Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial vixente, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que o xefe do Servizo de Cooperación, emitirá informe-proposta no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobranter que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Base reguladora 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª da convocatoria que recolle a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.



CONCLUSIÓN

Con suxeición ao antedito e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

- Concederlle ás comunidades de usuarios incluídas na táboa “relación de solicitudes propostas para a concesión” a cantidade sinalada en cada unha delas co obxecto de levar a cabo a execución da actuación correspondente.
- Autorizar e comprometer o gasto por importe total de 206.534,01 euros, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

En Pontevedra, na data da sinatura dixital
O xefe do servizo de Cooperación
Marcos Areán González”

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 10/12/2025, e o informe de fiscalización da intervención provincial de data 16/12/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Concederlle ás comunidades de usuarios incluídas na táboa “*relación de solicitudes propostas para a concesión*” a cantidade sinalada en cada unha delas co obxecto de levar a cabo a execución da actuación correspondente.

A concesión de subvención ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias queda condicionada á obtención das correspondentes autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras.



Así mesmo, as presentes subvencións concédense con suxeición ás seguintes condicións:

- a) As subvencións concédense para colaborar na execución das devanditas actuacións, non podendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- b) As comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias deberán posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución dos investimentos ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras. En concreto, as comunidades de usuarios quedan condicionadas ao seguinte:

COMUNIDADE DE USUARIOS	CONCELLO	ACTUACIÓN	IMPORTE A CONCEDER	CONDICIONANTES
COMUNIDADE DE USUARIOS DE PINTELOS	CAÑIZA, A	FASE II: "SUARMIDA-A RÚA COLOCACIÓN DE NOVA TUBAXE E MEDIDORES"	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE A FEIRA	PONTE CALDELAS	MELLORA DAS INSTALACIÓNS EXISTENTES, RELACIONADAS COA MELLORA DA CALIDADE DA AGUA	9.630,70€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o Concello e declaración responsable de Augas de Galicia
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE BRAGAÑA, TEAÑO E CASAL	CUNTIS	RENOVACIÓN DA TUBAXE QUE FORMA PARTE DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA VECIÑAL NA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE BRAGAÑA, CASAL E TEAÑO	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Autorización de Patrimonio e Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA EIRAPEDRIÑA II	REDONDELA	IMPERMEABILIZACIÓN DE DEPÓSITO E 4 TAPAS DE SUMIDOIROS	6.394,85€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE AUGAS DO BARRIO DA ROTEÑA	COVELO	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DO BARRIO DA ROTEÑA	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE AUGAS DOS BARRIOS DE ABELLE, CARRETERA Y SENDIN	VILAGARCÍA DE AROUSA	REPARACIÓN E MELLORA NO DISTRIBUIDOR XERAL E ADQUISICIÓN E INSTALACIÓN DE DEPÓSITOS DE ALMACENAMENTO	10.000,00€	Acreditación no momento da xustificación de non ter afeccións na execución das obras
COMUNIDADE DE USUARIOS DE RANDUFE, LISOIROS Y FORMIGOS	CAÑIZA, A	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE RANDUFE, LISOIROS Y FORMIGOS	7.475,34€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE BARRIO DE ABAIXO	CAÑIZA, A	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE BARRIO DE ABAIXO	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello



COMUNIDADE DE USUARIOS DE REGADAS	MOS	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE REGADAS	8.103,21€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE A CASIÑA E PIÑEIRO	CUNTIS	TRABALLOS DE MELLORA NA CAPTACIÓN, NOS DEPÓSITOS E NA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE NA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DA CASIÑA	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados: Patrimonio, Deputación e Comunicación previa ante o Concello.
COMUNIDADE DE USUARIOS DO LUGAR DE MIÑÁN	MARÍN	MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ALMACENAMENTO E DISTRIBUCIÓN DA AUGA PARA CONSUMO. SUBSTITUCIÓN DE DEPÓSITOS REPARTIDOR.	9.274,93€	Deberán cumprir os compromisos declarados Licencia municipal
COMUNIDADE DE USUARIOS DE CAMPO DO MOURO	MONDARIZ	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE CAMPO DO MOURO	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE O BARRIO NOVO	OIA	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE O BARRIO NOVO	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE TALLOS	CAÑIZA, A	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE TALLOS	8.405,71€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello e autorización de CHMS
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGA DE VILANOVA	CERDEDO - COTOBADE	INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES NO DEPÓSITOS, INSTALACIÓN DE MODULO DE COMUNICACIÓN PARA A CLORADORA E PINTADO DA ARQUETA DE CAPTACIÓN	9.933,25€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE TOUZOSAS	CAÑIZA, A	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE TOUZOSAS	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE XUNQUEIRAS	PAZOS DE BORBÉN	CONSTRUCCIÓN DUNHA ARQUETA DE CAPTACIÓN	8.626,09€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS DE LIÑEIRIÑOS	CERDEDO - COTOBADE	ACONDICIONAMIENTO E PECHE DE PARCELA	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS CRUZ DE ACIVO	CERDEDO - COTOBADE	ARRANXOS DO PECHE E DEPÓSITOS, INSTALACIÓN DE PLACA SOLAR E EQUIPO DE TELE XESTION	9.005,04€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS DE QUINTELAS	FORCAREI	CAMBIO DE TUBAXES DE CONEXIÓN Ó DEPÓSITO E DE CONDUCCIÓN DA AUGA DENDE O DEPÓSITO DE ALMACENAXE ATA A VIVENDA DOS USUARIOS	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello



COMUNIDADE DE USUARIOS DE CANCELA	PONTEVEDRA	OBRAS DE MELLORA NAS INFRAESTRUTURAS DA COMUNIDADE DE USUARIOS DE CANCELA	10.000,00€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello
COMUNIDADE DE USUARIOS MOLEDO	MARÍN	SUBSTITUCIÓN DAS TUBAXES QUE VAN DESDE OS MANANCAIS AO DEPÓSITO E PECHE VALADO DA PARCELA DOS DEPÓSITOS	9.684,89€	Deberán cumprir os compromisos declarados Comunicación previa ante o concello

- c) As comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias deberán ter executados os investimentos na súa totalidade e xustificados no prazo máximo de seis meses (6), quedando establecida esta data máxima dende a data de concesión da axuda, é dicir, a data máxima de execución é xustificación queda fixada no día venres, 19 de xuño de 2026. Quedando excluída calquera outra ampliación de prazos. O incumprimento destas obrigas dará lugar ao inicio do expediente de perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención.
- d) A execución e xustificación destes investimentos correspóndelle ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra beneficiarias, e realizarase conforme ao previsto nas Bases reguladoras e a lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- e) Para o aboamento da subvención concedida, requirirase a presentación da documentación xustificativa prevista nas Bases, e previa comprobación por parte dos servizos técnicos provinciais, Cooperación e Intervención, de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu coa finalidade e o obxecto da subvención. A non xustificación ou a xustificación fóra de prazo dará lugar ao inicio do expediente de perda, total ou parcial, do dereito ao cobro da subvención correspondente.

2. Autorizar e comprometer o gasto por importe de 206.534,01 euros, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais do orzamento provincial para o exercicio 2025.

3. Dar traslado do presente acordo aos interesados, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.35889.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, DO CONTRATO DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON LÉREZ EDICIONES, S.L. PARA A ANUALIDADE 2026. (EXPTE. 2025076118)

A Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Comunicación Institucional, traballa para impulsar e fortalecer a imaxe da institución provincial, coordinando todas as accións comunicativas que contribúan a transmitir unha imaxe coherente, transparente, clara e unificada.



O servizo de Comunicación Institucional encárgase da difusión da actividade da institución provincial a través de múltiples soportes entre os que destacan os medios de comunicación. O obxectivo final é dar a coñecer á cidadanía as principais tarefas que a institución provincial leva a cabo co obxectivo de satisfacer as súas necesidades e achegar a administración ó administrado.

Por Resolución Presidencial de data 09/09/2025, número 2025007362, foi aprobado o Plan de Comunicación 2026 da Deputación de Pontevedra. No apartado referido a medios de comunicación na provincia de Pontevedra cítanse entre outros o xornal Diario de Pontevedra como medio apropiado para dar difusión ás diferentes campañas que porá en marcha a institución provincial.

A programación de todas estas campañas de información e publicidade depende directamente do servizo de Comunicación Institucional que non conta cos medios materiais, técnicos e humanos para poder realizar a correcta difusión da programación desenvolvida pola institución provincial na anualidade 2026, polo tanto dase a necesidade de acudir a compra de espazo publicitario nos medios de comunicación.

A xefa do servizo de Comunicación Institucional, co visto e prace do Presidente provincial, propón, mediante informe de data 24/11/2025, a contratación da prestación de servizos publicitarios con Lerez Ediciones, S.L. para a anualidade 2026, por exclusividade. Achégase por parte da empresa un certificado de dereitos de exclusividade.

O contrato proposto ten un orzamento de licitación de 170.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do 2026, condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Resultando que pola Intervención emitíuse documento RCFUT nº 12025000224485 por importe de 170.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2026, e quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

Tendo en conta que, con data 11/12/2025, o xefe do servizo de Contratación xustifica na memoria xustificativa que o réxime xurídico do contrato é o administrativo de servizos, así como a elección do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade e exclusividade (art. 168 LCSP), e de acordo co disposto no artigo 116 do Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), desde o Servizo de Contratación elabórase un proxecto de prego de condicións económico- administrativas.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 27/11/2025, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

O secretario xeral, con data 05/12/2025 informa favorablemente o expediente.

Visto que con data 09/12/2025, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 11/12/2025 coas seguintes observacións e recomendacións:

“Reiterar que sería aconsellable que se utilizase o procedemento aberto neste tipo de contratos de publicidade para garantir unha maior obxectividade e un mellor prezo. Non obstante, como non se requiren os servizos dunha axencia de publicidade ó contar a Deputación con medios propios, resulta difícil a utilización do citado procedemento. Como xa se puxo de manifesto con anterioridade, de optarse pola continuidade no emprego deste tipo de procedemento (negociado sen publicidade e exclusividade), sería convinte dispoñer dun plan de medios máis detallado que delimite medios e contías en base a parámetros obxectivos para garantir un reparto equitativo entre os distintos medios.

Tamén cabe sinalar que, para o pago da correspondente factura que derive deste contrato, terase en conta que non se está incorrendo nos supostos do art. 4 da LPCI, no que prohibe expresamente, entre outros, as campañas institucionais de publicidade e de comunicación que teñan como finalidade destacar os logros de xestión ou os obxectivos alcanzados pola Administración, en caso contrario, suporía unha infracción legal”.

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal calificanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade dos servizos publicitarios con Lérez Ediciones, S.L. (CIF B36003549) para a anualidade 2026.

O prazo máximo de duración comprende desde o 1 de xaneiro ata o 1 de decembro de 2026, salvo que a súa sinatura sexa posterior ao 1 de xaneiro caso no que se considerará como data de comezo o da súa sinatura.



O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 170.000,00 euros.

O valor estimado é de 140.495,87 euros.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: RD4G7GTL8COC5RUK) e de prescricións técnicas (CSV: 56Y6H68GGRIGQEL2) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 170.000,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 924.9200.226.02 “Publicidade e propaganda” do orzamento provincial do ano 2026, quedando o gasto condicionado á aprobación de dito orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato á xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra.

5.- Iniciar o procedemento para adxudicar o referido contrato, dando traslado deste acordo, xunto cunha copia dos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa Lérez Ediciones, S.L. (CIF B36003549), invitándoa a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data de envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

14.35890.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA IMPLANTACIÓN, USO E SOPORTE DUNHA SOLUCIÓN DE PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES PARA CONCELLOS. (EXPTE. 2025064680)

A Deputación de Pontevedra colabora cos concellos da provincia na xestión do padrón municipal de habitantes exercendo así as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

O sistema de intercambio de información padronal é un sistema de información esencial que se veu desenvolvendo desde 1996 sen cambios normativos relevantes.

Actualmente, o Instituto Nacional de Estatística (INE) está a liderar unha iniciativa para adoptar un novo modelo de interoperabilidade que busca mellorar significativamente a precisión dos datos e a axilidade nos procesos administrativos, permitindo unha sincronización de datos máis eficaz e actualizada, o que reflicte un paso adiante cara a unha administración pública máis integrada e accesible.

Ademais, é necesario incluír as modificacións normativas introducidas polo Real Decreto 141/2024, do 6 de febreiro, que modifica o Regulamento do Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo. O principal obxecto das devanditas modificacións é mellorar a comunicación entre os concellos e o INE, das variacións nos datos dos padróns municipais en tempo real.

O xefe do servizo de novas tecnoloxías informa que dada as novas necesidades tecnolóxicas, é imprescindible abordar a actualización dos sistemas actuais nesta nova licitación. Esta actualización deberá aliñarse coas



novas realidades dixitais e os estándares de interoperabilidade propostos, asegurando así que a administración poida continuar ofrecendo un servizo eficiente e adaptado á nova contorna Tecnolóxica. O sistema ofrecido permitirá dar soporte aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes.

Non existen actualmente programas de titularidade doutras Administracións que puideran satisfacer estas necesidades, segundo o previsto no art. 157.3 da Lei 40/2015.

A Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos necesarios para poder desenvolver a prestación, polo que ten que acudir a unha contratación externa.

En base ao exposto, con data 30/09/2025, o Xefe do servizo de Novas tecnoloxías a dita providencia de inicio co (csv ZPCF9PA4QJX25R0G) pola que propón iniciar a contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos de menos de 50.000 habitantes. O conxunto de traballos a realizar están recollidos no prego técnico. O contrato proposto ten un prazo de dous anos, con posibilidade de unha prórroga de dous anos, un orzamento base de licitación, 21% de IVE engadido de 400.000,00 € e un valor estimado de 661.157,02€.

Tendo en conta que, con data 21/10/2025, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de subministracións, o procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. Consta no expediente memoria definitiva con csv M925B47J2OKXW301.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Visto que con data 7/10/2025, a Intervención informa que no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para os exercicios 2026 (10 meses) 2027 e 2028 (2 meses) mediante os seguintes RCFUTS:

Ano	Rcfut	Aplicación orzamentaria	Importe IVE engadido
2026 (10 meses)	12025000179699	2026/926.9260.206.00	166.666,67€
2027	12025000179761	2027/926.9260.206.00	200.000,00€
2028 (2 meses)	12025000179781	2028/926.9260.206.00	33.333,33€
Total			400.000,00€

quedando condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2026, 2027 e 2028) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, as indicadas no cadro que antecede.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 27/10/2025, e as observacións contidas no mesmo co csv 2F3MKI7NP5U2VS11.



Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 11/12/2025, e as observacións e recomendacións contidas no mesmo co csv 5MPY97K69J7NL8FF.

Tendo en conta o artigo 16.3 b) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal califícanse como contratos de subministracións os contratos que teñen por obxecto a adquisición, e o arrendamento de equipos e sistemas de telecomunicacións e para o tratamento da información, os seus dispositivos e programas e a cesión de uso destes últimos, en calquera das súas modalidades de posta a disposición.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente mediante procedemento aberto, da contratación da implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos de menos de 50.000 habitantes.

O orzamento base de licitación para dous anos de contrato (límite máximo de gasto, incluído o 21% de IVE) ascende á cantidade de 400.000,00€.

O prazo de duración dous anos a contar desde a data de formalización do contrato.

Na primeira anualidade existe un período de implantación de 4 meses. Establécese a posibilidade de dous prórrogas de un ano de duración.

O valor estimado ascende a cantidade de: 661.157,04€



2.-Autorizar o gasto anticipado por importe de 400.000,00€ con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026 (10 meses)	2026/926.9260.206.00	166.666,67€
2027	2027/926.9260.206.00	200.000,00€
2028 (2 meses)	2028/926.9260.206.00	33.333,33€

Os importes correspondentes ás anualidades 2026, 2027 e 2028 quedarán condicionados a aprobación dos respectivos orzamentos e a existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

A distribución das anualidades poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice o contrato

3-Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 4SU99J34LDJX0L0W) e de prescricións técnicas (CSV: IYNDAU5AKBVQ8LNX) que rexerán contratación.

4- Nomear como responsable do contrato ao xefe do servizo de contratación.

5- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

15.35891.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCECEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 6201 RODEIRO-VILELA, DENDE O P.Q. 0+000 AO P.Q. 2+380 E NA E.P. 6202 RODEIRO-OSEIRA, DENDE O P.Q. 5+652 AO P.Q. 5+980 (CONCELLO DE RODEIRO)". (EXPTE. 2025056465)

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que as estradas E.P. 6201 RODEIRO-VILELA e a E.P. 6202 RODEIRO-OSEIRA que percorren o termo municipal de Rodeiro pertencen á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 7.074 e 11.741 metros respectivamente.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que nas devanditas estradas, comprendido entre os P.Q. 0+000 ao 2+380 da EP-6201 e os P.Q. 5+652 ao 5+980 da EP-6202, resulta necesario executar unha serie de actuacións de mellora da seguridade viaria a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.



Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro xefe da sección de conservación da zona norte do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, César Paredes Rodríguez, o proxecto de “Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)”, cun orzamento base de licitación de 523.547,46 € IVE incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: GSTT1GCR3NUQCBKH.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada da área de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)”

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000164273 por importe de 523.547,46 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/11/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)” redactado por D. César Paredes Rodríguez, enxeñeiro xefe da sección de conservación da zona norte do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra. O proxecto ten un orzamento base de licitación de 523.547,46 € IVE incluído e asinóuselle o código CSV: GSTT1GCR3NUQCBKH.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: ADXK67OW1ZFZO3AG, informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: “...Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos arts. 122 da LCSP e 67 do RD 1098/2001, informándose favorablemente. Cómpre a aprobación do proxecto no que se describen as actuacións obxecto do presente expediente...”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: LV81KCMR0EVGHTXI, informe de fiscalización do expediente, que contén o seguinte: “...-Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Nos criterios avaliábles mediante un xuízo de valor, en xeral, debe estar perfectamente definido que é o que se vai a valorar coa maior concreción posible, de xeito que se facilite o seu coñecemento ás empresas licitadoras e que estas poidan presentar así a súa mellor oferta e, ó mesmo tempo,



reducirunha posible discrecionalidade na súa valoración. Neste caso, a pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económicoadministrativas particulares dentro de cada criterio/subcriterio. 2.-Ademais, tendo en conta o prazo previsto para a realización das obras obxecto deste contrato, sinalar que, con carácter xeral, debería terse en conta o principio de temporalidade dos créditos recollido no artigo 176 do TRLRFL”.

CONCLUSIÓN Polo exposto, coas observacións e recomendacións postas de manifesto, infórmase favorablemente o expediente...”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)*” cun orzamento base de licitación de 523.547,46 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	432.683,85 €
IVE (21%).....	90.863,61 €
Importe Total.....	523.547,46 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): TEQV6RH49VPVQDOV, e de prescricións técnicas con código (CSV) GSTT1GCR3NUQCBKH, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 523.547,46 €, con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.

16.35892.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN, DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2026. (EXPTE. 2025009308)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “*servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA 2026*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea, para a presentación de proposicións.

Resultando.- Que o anuncio de licitación de dito procedemento enviouse para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea, con data 26 de agosto de 2025, resultando publicado no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 27 de agosto de 2025. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 02 de outubro de 2025, procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.



A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas.

Resultando.- Que unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 17 de outubro de 2025, acordou clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceda á adxudicación do contrato a favor da empresa Viajes Halcón, S.A.U. (NIF: A10005510), polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2025008459, de data 21 de outubro de 2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Viajes Halcón, S.A.U. (NIF: A10005510), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa Viajes Halcón, S.A.U. (NIF: A10005510) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada nº WEB2025076123, de data 03 de novembro de 2025), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 15.204,89 € (carta de pago núm. operación 12025000207068, de data 04 de novembro de 2025).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 05 de decembro de 2025, aprobou as bases reguladoras do programa “*Lecer en Familia*”, correspondentes á anualidade 2026.

Considerando.- Os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato do servizo de “*xestión, desenvolvemento e execución do programa LECER EN FAMILIA 2026*” á empresa Viajes Halcón, S.A.U. (NIF: A10005510) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

- Prezo unitario medio ofertado por praza para a totalidade dos establecementos:



NOME DO ESTABLECEMENTO		CATEGORÍA DO ESTABLECEMENTO (Nº estrelas)	PREZO UNITARIO POR PRAZA
1	Nuevo Astur Complejo & Spa	3*	102,80 €
2	Hotel Carlos I Silgar Sanxenxo	4*	102,80 €
3	Gran Talaso Hotel Sanxenxo	4*	102,80 €
4	Hotel Spa Nanin Playa	3*	102,80 €
5	Hotel Spa Bosquemar	3*	102,80 €
6	Termas de Cuntis – Hotel Castro do Balneario	4*	102,80 €
7	Hotel Bienestar Moaña	4*	102,80 €
8	Hotel Coia	4*	102,80 €
9	Hotel Sercotel Tres Luces	3*	102,80 €
10	Hotel Pazo o Rial	4*	102,80 €
12	Hotel Val Convention	3*	102,80 €
13	Hotel Pontiñas	3*	102,80 €
PREZO MEDIO UNITARIO POR PRAZA MAIORES DE 12 ANOS DA TOTALIDADE ESTABLECEMENTOS			102,80 €

De conformidade co sinalado nos pregos, o prezo unitario das prazas na totalidade dos establecementos resulta como segue:

Persoas maiores de 12 anos	Persoas de 3 a 12 anos (ambos inclusive)	Persoas de 0 a 2 anos
102,80 €* 	51,40 €* (50% do prezo de peronas > 12 anos)	GRATUITAS

* De conformidade co artigo 141 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, ao obxecto desta contratación resulta aplicable o réxime especial das axencias de viaxes.



- Agasallo serigrafiado para as familias participantes: Oferta agasallo por valor de mercado igual ou superior a 3 euros.
- Oferta de establecementos con spa, talaso ou piscina termal: 3 establecementos*.

*De conformidade co sinalado na cláusula particular 9 do prego de cláusulas económico-administrativas, “valorarase a oferta de establecementos con spa, talaso ou piscina termal, por riba do número mínimo esixido nos pregos (4 establecementos hoteleiros), outorgándose 3 puntos por cada establecemento ofertado”. De acordo coa listaxe de establecementos ofertados pola empresa, os establecementos da tipoloxía indicada por riba do mínimo esixido son 3.

- Aumento do número mínimo de establecementos ofertados: Oferta 12 establecementos ou máis.
- Oferta de actividades complementarias: Oferta 2 actividades por establecemento ofertado.
- Concurso de fotografía para as familias: Oferta concurso de fotografía con premio dunha estadía gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa.

O prazo de duración é de 1 ano, a contar desde o 1 de abril de 2026, ou data de formalización do contrato, no caso de ser posterior. Respecto á execución do contrato, estímase que as actividades propias do programa (unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, adxudicación das prazas e posterior planificación e contacto coas persoas beneficiarias) desenvolveranse entre o derradeiro trimestre do ano 2026 e o primeiro trimestre do 2027.

Prevense 3 eventuais prórrogas de 1 ano de duración cada unha.

O régime xurídico regulador desta contratación, en consoancia co sinalado no artigo 312 LCSP, ven determinado nas bases reguladoras do programa Lecer en Familia para a anualidade 2026, aprobadas mediante acordo de Xunta de Goberno nº 2.35832, de data 05 de decembro de 2025, así como nas previsións contempladas no prego técnico.

No caso de aprobarse as prórrogas previstas, tramitaranse e aprobaranse as bases reguladoras do programa para a anualidade correspondente.

Financiamento: O programa será cofinanciado pola Deputación de Pontevedra e polas persoas usuarias, de acordo coa seguinte distribución:

Nº prazas	Achega Deputación		Achega total Deputación	Achega da persoa usuaria
2.907	Maiores de 12 anos	60,00 €	174.420,00 €	42,80 €
	Entre 3 e 12 anos	30,00 €		21,40 €
	Menores de 3 anos	DE BALDE		-
50	100% custo da praza maiores de 12 anos		5.140,00 €	-
			179.560,00 €	124.419,60 €



As obrigas derivadas do presente contrato para a Deputación de Pontevedra financiaranse con cargo ás seguintes aplicación orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/231.2311.227.07	179.560,00 €

Ao tratarse dunha tramitación anticipada, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2026 e 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria así como á aprobación do respectivo orzamento provincial.

O cadro de financiación previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice e inicie o contrato.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago do prezo do contrato realizarase contra a factura presentada mensualmente, a través do rexistro da Deputación provincial de Pontevedra, necesariamente nos primeiros 15 días do mes seguinte polas estadías efectivamente realizadas no mes anterior, salvo autorización expresa do servizo de Benestar Social, acompañada da documentación indicada no prego técnico.

Presentada dita documentación correctamente, serán aboadas as facturas previo informe favorable ou conformidade do responsable da unidade administrativa receptora ou supervisora do traballo ou, no seu caso, do responsable designado polo órgano de contratación, de conformidade coa normativa vixente.

Nota: O prezo unitario das prazas de menores de 3 a 12 anos (ambos inclusive) resultará de aplicar o 50% ao prezo da praza de adulto para cada un dos establecementos hoteleiros ofertados.

As persoas menores de 3 anos, integrantes da unidade familiar con praza adxudicada, poderán participar de balde no programa e non computarán aos efectos de adxudicación das 2.957 prazas subvencionadas.

O número de prazas opera como máximo, debendo de facturarse só polas estadías efectivamente realizadas, segundo as necesidades do servizo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025009308	
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Sandra Vázquez Vázquez, xefa do servizo de Benestar Social ou persoa en quen delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

17.35893.- APROBACIÓN DA SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA EMPRESA TIQUETEO SPAIN, S.L. PARA Á CONTRATACIÓN DUNHA PLATAFORMA QUE PERMITA O DESENVOLVEMENTO DAS PRESTACIÓNS DO SISTEMA DE XESTIÓN AUTOMATIZADA DA VISITA AO CASTELO DE SOUTOMAIOR, AO CASTELO DE SOBROSO E AO MUSEO DE PONTEVEDRA. (EXPTE. 2023058369)

Na sesión ordinaria do día 12 de xaneiro de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato relativo á “*Contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior ao Castelo de Sobroso e ao Museo de Pontevedra*” á empresa TIQUETEO SPAIN S.L. (B-66045345) polos prezos e valores ofertados conforme o reflexado no citado acordo.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 06 de febreiro de 2024, sendo o prazo de duración dun ano desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 31 de xaneiro de 2025, a primeira prórroga do contrato de “Unha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior ao Castelo de Sobroso e ao Museo



de Pontevedra” dende o 06 de febreiro do 2025 ata o 05 de febreiro do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

Con data 05 de decembro de 2025 e data 10 de novembro de 2025, as responsables do contrato emiten informes nos que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos dende o 06 de febreiro do 2026 ata o 05 de febreiro do 2027.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatoria o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 05 de novembro de 2025 (data de comparecencia: 05/11/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 21 de novembro do 2025, a Intervención emitiu informe sobre a previsión futura de retención de crédito (CSV: 1HQQW17N2WOU680X) para atender as obrigas que se deriven da prórroga deste contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 11 de decembro do 2025 (CSV: X7JTU40Y1UU9SIYH), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior ao Castelo de Sobroso e ao Museo de Pontevedra”, por 1 ano, desde 06/02/2026 ao 05/02/2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 06 de febreiro do 2026.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a segunda prórroga do contrato que rexe a “Contratación dunha plataforma que permita o desenvolvemento das prestacións do sistema de xestión automatizada da visita ao Castelo de Soutomaior ao Castelo de Sobroso e ao Museo de Pontevedra” subscrito coa empresa TIQUETEO SPAIN SL (B66045345), durante o período que vai desde o 06 de febreiro do 2026 ata o 05 de febreiro do 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

ANUALIDADE	CENTRO XESTOR	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
2026	Museo de Pontevedra	26/333.3330.227.99	7.975,44 €
	Turismo (C. Soutomaior)	26/433.3360.227.99	7.975,44 €
	Turismo (C. Sobroso)	26/433.3363.227.99	7.975,44 €
2027	Museo de Pontevedra	27/333.3330.227.99	897,89 €
	Turismo (C. Soutomaior)	27/433.3360.227.99	8.157,90 €
	Turismo (C. Sobroso)	27/433.3363.227.99	1.865,89 €

O importe do gasto correspondente a anualidade 2026 e 2027 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

18.35894.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA REDINOR, S.L., PARA A SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE OFICINA PARA A DEPUTACIÓN. (EXPT.2022043519)

Na sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou os dous lotes do contrato de “*Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra*” á empresa Redinor, S.L. (NIF: B-36.127.405) polos prezos unitarios e valores ofertados no citado acordo.

O contrato formalizouse en documentos administrativos de data 31 de xaneiro de 2023, sendo o prazo de duración dun ano desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas dun ano de duración cada unha.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 11 de decembro de 2023, a primeira prórroga do contrato de “Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra” dende o 01 de febreiro do 2024 ata o 31 de xaneiro do 2025, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 13 de decembro de 2024, a segunda prórroga do contrato de “Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra” dende o 01 de febreiro do 2025 ata o 31 de xaneiro do 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



Con data 11 de novembro de 2025, o xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos dende o 01 de febreiro do 2026 ata o 31 de xaneiro do 2027.

Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 11 de novembro de 2025 (data de comparecencia: 19/11/2025), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 03 de decembro do 2025, a Intervención emitiu informe sobre a previsión futura de retención de crédito (CSV: FQHOPXMHOL4RPNE5) para atender as obrigas que se deriven da prórroga deste contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 11 de decembro do 2025 (CSV: KIOS8ZD5X0UXTSRJ), que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do contrato de “Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra” por un ano, desde o 01 de febreiro do 2026 ata o 31 de xaneiro do 2027.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 01 de febreiro do 2026..”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a terceira prórroga do contrato para a “Subministración de material de oficina para a Deputación de Pontevedra” subscrito coa empresa Redinor, S.L. (NIF: B36127405), durante o período que vai desde o 01 de febreiro de 2026 ata o 31 de xaneiro de 2027, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.



O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

LOTE 1:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
2026 (febreiro a decembro)	26/922.9200.220.00	30.224,19 €
2027(xaneiro)	27/922.9200.220.00	2.747,65 €

LOTE 2:

	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	ORZAMENTO (IVE INCLUIDO)
2026 (febreiro a decembro)	26/922.9200.220.00	21.812,36 €
2027(xaneiro)	27/922.9200.220.00	1.982,94 €

O importe do gasto correspondente as anualidades 2026 e 2027 quedará condicionado a aprobación do orzamento do respectivo exercicio e a existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

19.35895.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA UTE FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. - GRUSAMAR INGENIERIA Y CONSULTING, S.L. PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A "PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III (LOTE 1)". (EXPTE.2020019248) (DEVOGARAN 2025054787)

Por acordo, número 7.30111, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 26 de marzo de 2021 (CSV.- DC4K2W5DB2JSUH5R), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a obra de "Plan MÓVESE. Mobilidade e velocidade segura. Fase III". (Núm. Expte. 2020019248)

Para garantir a correcta execución do -Lote 1 – Zona Norte- do que estaba composto este contrato, a entidade mercantil UTE *Grusamar, ingeniería y consulting, S.L.U. – Francisco Gómez y cía, S.L. (U-05.493.051)*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación deste lote, que foi o seguinte:

EMPRESAS (<i>Constituídas en UTE</i>)	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
GRUSAMAR, INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L. (B-36.052.702)	11.367,50€	202100034963	04/03/2021
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. (B-36.258.861)	11.367,50€	202100034959	04/03/2021



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 8QLPL3TZVZX1HHIF), no cal sinala que “(...), *Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procederse a liquidación da obra sen variación económica. En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 16/06/2022, procede a devolución da garantía definitiva constituída polos contratistas que conforman a UTE polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE.* (...)”.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- UP6G9K985KCH14A3), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil UTE Grusamar, ingeniería y consulting, S.L.U. – Francisco Gómez y cía, S.L., dunhas garantías con ese concepto e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do “lote 1”, do contrato de obra de “*Plan MÓVESE. Mobilidade e velocidade segura. Fase III*” (Núm. Expte. 2020019248), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil UTE GRUSAMAR, INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L.U. – FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. (U-05.493.051), por resultar adxudicataria do “Lote 1 – Zona Norte”, de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade aseguradora BANKIA, S.A. (NIF.- A-14.010.342) “*Aval inscrito no REA, co número 2021/003.411*”, por importe de vinte e dous mil setecentos trinta e cinco euros (22.735,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 04/03/2021, segundo orde e constitución de valores, con números de operacións 12024000030447 -11.367,50€- e 12024000030447 -11.367,50€- (*Número de Cartas de Pago 202100034963 e 202100034959*).



20.35896.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A "PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III (LOTE 2)". (EXPTE. 2020019248) (DEVOGARAN 2025058829)

Por acordo, número 7.30111, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 26 de marzo de 2021 (CSV.- DC4K2W5DB2JSUH5R), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a obra de "Plan MÓVESE. Mobilidade e velocidade segura. Fase III". (Núm. Expte. 2020019248)

Para garantir a correcta execución do (Lote 2 – Zona Centro) do que estivo composto este contrato, a entidade mercantil *Construcciones Fечи, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi a seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861)	33.477,77€	202100029110	26/02/2021

Por acordo número 16.31467 adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 18 de marzo do ano 2022 (CSV.- A26V34KAZ29GRQ3W), aprobouse o "Proxecto modificado da obra", que supuxo un incremento do importe da obra do 14,71% do prezo inicial.

Para responder deste incremento do proxecto modificado do lote 2, a entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (NIF.- B-36258861), como adxudicataria do mesmo, depositou unha garantía complementaria por importe de catro mil novecentos vinte e dous euros con noventa e sete céntimos (4.922,97€ - CP202200060825, de data 23-03-2022)

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- BWXB3QVTK2WRJV32), no cal sinala que "(...), Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode procederse a liquidación da obra sen variación económica. En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 26/07/2022, procede a devolución da garantía definitiva do contrato inicial constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de trinta e tres mil catrocentos setenta e sete euros con setenta e sete céntimos (33.477,77 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100029110 de data 26/02/2021. Tamén procede a devolución da garantía complementaria constituída polo contratista para responder das obras do proxecto modificado, por importe de catro mil novecentos vinte e dous euros con noventa e sete céntimos (4.922,97 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202200060825 de data 23/03/2022. (...).



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- U13JD9RJOS4CJG9Z), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861), dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do -Lote 2 – Zona Centro-, do contrato de “*Plan MÓVESE. Mobilidade e velocidade segura. Fase III*” (Núm. Expte. 2020019248), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861), por resultar adxudicataria do Lote de dito contrato e que foi a seguinte:

o A constituída, mediante aval emitido pola entidade aseguradora GENERALI ESPAÑA, S.A., de seguros y reaseguros (NIF.- A-28.007.268) “*Con certificado de seguro de Caución número 2N-G-515.002.817*”, por importe de trinta e tres mil catrocentos setenta e sete euros con setenta e sete céntimos (33.477,77 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 26/02/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030439 (*Número de Carta de Pago 202100029110*).

o A constituída, mediante aval emitido pola entidade aseguradora GENERALI ESPAÑA, S.A., de seguros y reaseguros (NIF.- A-28.007.268) “*Con certificado de seguro de Caución número 2N-G-515.003.208*”, por importe de catro mil novecentos vinte e dous euros con noventa e sete céntimos (4.922,97 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 23/03/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030587 (*Número de Carta de Pago 202200060825*).

21.35897.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL CONSTRUCCIONES RAFER, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A “PLAN MÓVESE. MOBILIDADE E VELOCIDADE SEGURA. FASE III (LOTE 3)”. (EXPTE. 2020019248) (DEVOGARAN 2025066893)

Por acordo, número 7.30111, adoptado pola Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria, de data 26 de marzo de 2021 (CSV.- DC4K2W5DB2JSUH5R), adxudicouse, mediante procedemento aberto, a obra de “*Plan MÓVESE. Mobilidade e velocidade segura. Fase III*”. (Núm. Expte. 2020019248).



Para garantir a correcta execución do (Lote 3 – Zona Sur) do que estivo composto este contrato, a entidade mercantil *Construcciones Rafer, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que presentou do seguinte modo:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (B-36.052.702)	22.735,00€	202100034445	01/03/2021
	17.769,30€	202100034645	03/03/2021

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- UQGNDJJB56QHLL6Q), no cal sinala que “(...), *Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode proceder a liquidación da obra sen variación económica. En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 06/09/2022, procede a devolución da garantía definitiva do contrato inicial constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de corenta mil cincocentos catro euro con trinta céntimos (40.504,30 €), segundo consta nas cartas de pagamento núm. 202100034445 de data 01/03/2021 e núm. 202100034645 de data 03/03/2021. (...).*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- PWALL1IREK6A1R54), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES RAFER, S.L. (B-36.052.702), dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do -Lote 3 – Zona Sur-, do contrato de “*Plan MÓVESE. Mobilidade e velocidade segura. Fase III*” (Núm. Expte. 2020019248), sen que existan obrigas pendentes.



- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil CONSTRUCCIONES RAFAEL, S.L. (B-36.052.702), por resultar adxudicataria do lote 3 de dito contrato e que presentou do seguinte modo:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade aseguradora ASEFA SEGUROS, S.A., seguros y reaseguros (NIF.- A-08.171.605) “*Con certificado de seguro de Caución número 53264/01/41/2021/446*”, por importe de vinte e dous mil setecentos trinta e cinco euros (22.735,00€), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 01/03/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030444 (*Número de Carta de Pago 202100034445*).
- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade aseguradora ASEFA SEGUROS, S.A., seguros y reaseguros (NIF.- A-08.171.605) “*Con certificado de seguro de Caución número 53264/01/41/2021/562*”, por importe de dezasete mil setecentos sesenta e nove euros con trinta céntimos (17.769,30 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 33/03/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030445 (*Número de Carta de Pago 202100034645*).

22.35898.- ENCARGO Á EMPRESA TRAGSATEC, S.A. S.M.E. M.P., COMO MEDIO PROPIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, DA XESTIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE ANIMAIS ABANDONADOS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA E DO CENTRO DE ACOLLIDA E PROTECCIÓN DE ANIMAIS DE ARMENTEIRA (PERÍODO 2026-2027). (EXPTE. 2025077570)

Visto o informe-proposta do Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal, de data 28 de novembro do 2025, que conta co conforme do Secretario Xeral, co seguinte teor literal:

“O técnico que subscribe, no exercicio das competencias que ten asignadas e de acordo co disposto no artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, emite o seguinte

INFORME-PROPOSTA

ANTECEDENTES DE FEITO E TRATAMENTO TÉCNICO

Primeiro. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión celebrada o 22 de decembro de 2023 (acordo nº 26.33314), encargou á empresa Tragsatec S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, a xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida de protección de animais de Armenteira (CAAN), con efectos 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2025, por un importe de 712.504,81 euros.

Dito encargo modificouse posteriormente por acordos da Xunta de Goberno nº 19.34034, de data 12 de xullo de 2014, e nº 10.34542, de data 17 de xaneiro de 2025, co fin de colaborar cos Concellos na xestión dos programas sanitarios e de capturas e esterilización dos gatos pertencentes ás colonias felinas, aumentando o importe do encargo a 1.034.421,32 euros durante o ano 2025.



Segundo. Próximo a expirar o período de vixencia do citado encargo á empresa Tragsatec S.A. S.M.E. M.P, a Deputación de Pontevedra considera necesario dar continuidade ao mesmo co fin de manter no ÁMBITO PÚBLICO a prestación dun servizo que afecta ao INTERESE XERAL e a aspectos esenciais de sanidade, orde pública, benestar dos animais e medio ambiente e que detallamos a continuación:

a) A través deste encargo a un medio propio como TRAGSATEC a Deputación de Pontevedra seguirá a prestar este servizo a 52 concellos da provincia, cunha poboación conxunta de 424.287 habitantes, que delegaron na Institución Provincial esta competencia propia; nos anos que leva en funcionamento este servizo o centro realizou máis de 20.000 intervencións e actualmente atende unha media de 250-300 animais nas instalacións de Armenteira.

Deixar de prestar o servizo nestes momentos causaría un GRAVE PREXUÍZO aos concellos que carecen dos medios necesarios para iso, tendo en conta, ademais, que tanto a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de Protección e Benestar dos animais de compañía en Galicia (DOGA nº 194, de 11 de outubro de 2017) coma a Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais (BOE nº 75, de 29 de marzo de 2023), obríganlles a dispor dun centro autorizado do que carecen na actualidade.

Neste sentido resaltar que a Deputación de Pontevedra é a actual titular do centro público de acollida de animais abandonados da Armenteira, autorizado pola Xunta de Galicia e que figura inscrito co número 36/028/0005/CR no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos.

Ademais, produciríase unha situación moi grave para a SALUBRIDADE PÚBLICA xa que os animais que agora mesmo están no Centro de acollida deixarían de ser asistidos, incorrendo-tanto a Deputación como os Concellos- nunha grave negligencia.

Por iso, a continuidade do servizo mancomunado de recollida de animais constitúe unha prioridade para a Deputación de Pontevedra e os numerosos Concellos adheridos ao mesmo que viron solucionado un grave problema de salubridade pública e seguridade viaria.

A satisfacción é a nota predominante na prestación dun servizo que non lles ocasiona ningún problema e é atendido coa máxima celeridade ante calquera petición que xurda.

b) A entrada en vigor da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía de Galicia, veu a supoñer unha modificación significativa de certas actuacións desenvolvidas polo CAAN. Entre as medidas máis destacables, pola súa magnitude e significación técnica, atopamos a obrigatoriedade de esterilizar a todos os animais entregados en adopción e a prohibición xenérica do sacrificio de animais nos centros de recollida, coas excepcións legalmente establecidas.

Estas novidades fixéron necesario un gran esforzo por parte de Deputación de Pontevedra para conseguir que o centro de acollida garantira estes novos requirimentos, tanto dende o punto de vista estrutural como da prestación de servizos.

Igualmente, compre destacar tamén o esforzo realizado dende o punto de vista da prevención do abandono tanto dende a Deputación de Pontevedra como dende o Centro de Acollida, deseñando e executando campañas de concienciación e actuacións de colaboración con outras entidades e autoridades implicadas na protección animal.



Todas estas medidas e actuacións están a ter unha repercusión directa sobre a xestión e os obxectivos do centro, que ven a consolidar uns resultados excelentes nos valores de recuperación e adopción dos animais abandonados recollidos na rúa, acadando unhas taxas de adopción que duplican os valores acadados nos anos 2013 e 2014, con máis de 600 animais adoptados ao ano. Deste modo, o centro de acollida está a mudar o modelo de xestión, baseado na recollida e mantemento dun gran número de animais, por un modelo sostible de recollida e entrega en adopción.

Pois ben, para levar a cabo ditas políticas consideramos que a empresa pública Tragsatec dispón dos recursos adecuados para planificar e xestionar o servizo de acollida de animais garantindo os seus dereitos, grazas ao seu potencial de resposta e ao seu gran equipo técnico. As características incluídas no encargo adaptaranse ás necesidades futuras do servizo que ten como premisa fundamental garantir o benestar dos animais recollidos.

c) A entrada en vigor da Lei 7/2023, de 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais supuxo un aumento das competencias dos concellos nesta materia. Entre as novas obrigas destacan a prestación dun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria dos animais abandonados dispoñible 24 horas ao día, a identificación e rexistro de todos os animais que sexan recollidos sen identificación e a obriga de xestión das colonias felinas.

No que respecta á obriga para a prestación dun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria, a propia norma apunta á posibilidade de delegar aquela nas deputacións provinciais; non obstante, o modelo actual de prestación do servizo no CAAN xa está aliñado coa obriga de prestación dun servizo de urxencia para a recollida e atención veterinaria, dispoñible 24 horas.

Sen embargo, a necesidade de identificación e rexistro de todos os animais que son recollidos sen identificación si que supón un gran impacto sobre os centros de protección animal galegos, tendo en conta a que a norma autonómica non contempla a identificación no momento da entrada dos animais e só prevía esta obriga para aqueles animais que saían do centro; na práctica esta obriga implica un dobre trámite de rexistro para aqueles animais que posteriormente son adoptados, o cal implicará un incremento medio duns 20 a 25 euros por animal recollido polo CAAN.

Por outra banda, a Lei 7/2023 tamén veu a impoñer a xestión obrigatoria das colonias felinas, que ata o momento tiña carácter voluntario, establecendo no seu artigo 39.3 a obriga de colaboración por parte das Deputacións na prestación deste servizo.

Esta nova circunstancia, obrigou a modificar o encargo formalizado con TRAGSTATEC no seu día contemplando as seguintes actuacións:

a) O mapeo e censo dos gatos do termo municipal, coa colaboración do concello, para unha planificación e control nas esterilizacións acorde ao volume de poboación que se desexa controlar para que resulte eficiente e impida o aumento do número de gatos.

b) Execución do programa de capturas, esterilización e devolución dos animais pertencentes á colonias felinas.

c) Programa sanitario da colonia, subscrito e supervisado por un profesional veterinario colexiado, realizando a desparasitación, comprobación sanitaria, vacinación e identificación de cadaquén dos animais capturados.



Dende a posta en marcha do servizo a mediados do ano 2024, máis de 40 Concellos fixeron uso deste servizo, sendo os datos en resumo os seguintes:

2024	621	538	538	477	458
2025	702	603	603	429	372
TOTAL	1323	1141	1141	906	830

Así mesmo, co obxecto de establecer un servizo equitativo para todos os concellos adheridos ao servizo, se estableceron os seguintes criterios:

-Prestación do servizo restrinxida aos concellos adheridos ao CAAN (cunha poboación inferior aos 50.000 habitantes), e de acordo ao establecido no procedemento relativo á “esterilización de gatos comunitarios recollidos en colonias felinas legalmente establecidas”, publicado na sede electrónica provincial.

-Establecer unha limitación de animais obxecto de esterilización baseada en criterios de poboación, ao considerarse que o número de individuos presentes nas colonias está directamente relacionado coa poboación humana circundante. Neste sentido, estableceuse o límite anual de 1 animal cada 200 habitantes nos seguintes tramos, ata acumular o máximo de animais recollidos no orzamento total e sen prexuízo da posibilidade de flexibilizar eses parámetros se hai concellos que non fan uso do servizo e/ou esgotan a súa cota.

Tramos por poboación Número máximo de animais a esterilizar por ano

Menos de 5.000 habitantes	25
Entre 5.001 e 10.000 habitantes	50
Entre 10.001 e 20.000 habitantes	100
Entre 20.001 e 40.000 habitantes	200
Más de 40.001 habitantes	250

d) A prestación do servizo a través desta empresa pública resulta vantaxosa con respecto a unha licitación por garantir, en maior medida, a súa continuidade sen interrupción e nas condicións desexadas. Pola súa banda, a definición e adxudicación do contrato resulta complexa debido, entre outros factores, a que non existen precedentes neste tipo de servizos na Deputación e á carencia, por parte dos Concellos integrantes, do persoal propio especializado na materia, concretamente veterinarios/as.

A maiores do anterior, nestes momentos un cambio na política de xestión do centro nin sería oportuna nin conveniente desde o punto de vista social, xa que grazas á actividade desenvolvida estes anos cambiouse a percepción que parte das Asociacións Protectoras de Animais tiñan respecto deste centro, e do que agora ninguén dubida do seu labor como centro de acollida e refuxio de animais.

e) Coa xestión de Tragsatec mellorouse substancialmente a calidade na prestación do servizo (respecto da que realizan algúns Concellos), grazas ao seu gran potencial de resposta e a un equipo veterinario formado e cualificado. Durante todos estes anos de traballo esta empresa pública foi garante da prestación, de acordo coa legalidade, dun servizo xa de seu moi complexo debido á sensibilidade dunha parte da sociedade co posible destino dos animais.



Fíxose especial fincapé no fomento das adopcións dos animais, gratuíta para os particulares cando o prezo normal dunha adopción non baixa dos 60-80 euros (animal vacinado, desparasitado, con microchip etc...), co obxectivo de garantir esas políticas de benestar, superando as 6.000 adopcións.

Neste sentido é de destacar que tanto a Lei de Protección e Benestar dos animais de compañía en Galicia coma a Lei de Protección dos Dereitos e do Benestar dos animais estatal establecen que todos os animais que saian en adopción teñeno que facer esterilizados, obriga que levará un gran esforzo de medios que a empresa Tragsatec está en condicións de cumprir.

Tamén é importante subliñar que actualmente a normativa estatal prevé coma obrigatoria a prestación do servizo as 24 horas do día, durante os 365 días do ano, o que implica dispor de persoal suficiente en todo momento para garantir a súa correcta prestación e que dificilmente unha empresa privada podería garantir.

f) A empresa Tragsatec está a colaborar activamente coas distintas autoridades administrativas e xudiciais na incautación e retirada de animais no marco de actuacións de vixilancia e control sobre o benestar animal, colaboración que se deixaría de prestar no suposto de non encargar o servizo á unha empresa pública, co consecuente prexuízo para o interese xeral; tamén se tramitan numerosas denuncias por malos tratos animais e se colabora co SEPRONA na persecución de posibles delitos.

NOVA PROPOSTA ECONÓMICA

Xustificada a necesidade de encargar novamente a xestión do CAAN á empresa pública Tragsatec, como medio propio da Deputación de Pontevedra, os servizos desenvolvidos a través deste encargo aparecen detallados no prego de prescricións técnicas que acompaña a este informe e que, a modo de resumo, son os seguintes:

- *Servizo de recollida de animais abandonados e/ou vagabundos, durante os 365 días do ano e 24 horas diarias.*
- *Servizo de recollida de animais con propietario que, por causas debidamente xustificadas, non poden ser atendidos polos mesmos: tramitación das solicitudes, resolución e notificación das mesmas.*
- *Localización de propietarios no lugar da recollida do can e, no seu defecto, dende o centro de recollida realizando as notificacións necesarias para o cumprimento da normativa.*
- *Colaboración con diferentes autoridades competentes no comiso e retirada de cans, no marco das actuacións de vixilancia e control sobre o benestar dos animais domésticos.*
- *Xestión da entrega de animais aos seus propietarios no centro de recollida (incluída a recadación de taxas).*
- *Mantemento e coidado dos animais recollidos no centro.*
- *Limpeza e desinfección das instalacións do centro de recollida.*
- *Identificación de animais recollidos non identificados e/ou adoptados, previo á súa saída do centro.*
- *Revisión e tratamento sanitario de animais abandonados nas primeiras 24 horas dende a súa entrada.*
- *Asistencia veterinaria sobre os animais acollidos no centro.*
- *Esterilizacións de todos os animais entregados en adopción.*
- *Atención ao público presencial, telefonicamente e telematicamente.*
- *Xestión de adopcións e cesións de animais declarados abandonados a particulares. Os animais adoptados son entregados desparasitados, vacinados, identificados e inscritos no rexistro de animais de compañía de Galicia.*
- *Colaboración no deseño e desenvolvemento de campañas de adopción.*



- *Formación e asesoramento de técnicos e autoridades municipais, para o exercicio de competencias, especialmente no referente ao desenvolvemento da normativa local, os controis, a vixilancia e a argumentación dos expedientes administrativos.*
- *Inicio e seguimento de expedientes administrativos de protección animal (fundamentalmente abandono) e en materia de animais potencialmente perigosos.*
- *Realización de estudos e informes solicitados por diferentes concellos sobre as actuacións realizadas e sobre a valoración das condicións de mantemento de diferentes animais.*
- *Colaboracións en investigación, saúde e benestar animal: estudo nacional sobre a prevalencia de enfermidades infecciosas máis importantes, sobre os indicadores de benestar animal (AVEM) e sobre as taxas de adopción (Fundación AFFINITY).*
- *Execución do programa de captura, esterilización e devolución de gatos procedentes das colonias felinas dos concellos da provincia de Pontevedra, con menos de 20.000 habitantes, que contén cun sistema de xestión de colonias felinas.*
- *Programa sanitario da colonia, subscrito e supervisado por un profesional veterinario colexiado, realizando a desparasitación, comprobación sanitaria, vacinación e identificación de cadaquén dos animais capturados.*
- *O mapeo e censo dos gatos do termo municipal, coa colaboración do concello, para unha planificación e control nas esterilizacións acorde ao volume de poboación que se desexa controlar para que resulte eficiente e impida o aumento do número de gatos.*

A proposta económica derivada deste novo encargo ascende a 1.115.336,21 euros, de acordo ao seguinte detalle resumido:

Annualidade 2026

1. Coordinación	67.962,64 €
2. Servizo de recollida de animais	235.579,81 €
3. Servizo de atención do centro de recollida	151.204,25 €
4. Servizo de atención veterinaria centro de recollida	355.386,93 €
5. Servizo de aplicación programa sanitario colonias felinas	201.556,42 €
6. Aluguer e consumos	12.403,00 €

CUSTES DIRECTOS TOTAIS	1.024.093,05€
4.15 % Custes Indirectos	42.499,86 €
4.57 % Gastos Xerais	48.743,30 €
Total Orzamento de Execución Material	1.115.336,21€
Total Orzamento de Execución por Administración	1.115.336,21€

A anualidade do 2027 ten o mesmo alcance e importe.

Este orzamento non se verá modificado pola anexión de novos concellos ao servizo, agás aqueles que superen os 50.000 habitantes ou pertenczan a outra provincia.



A proposta económica que aparece detallada na documentación adxunta, axústase á calidade do servizo solicitado en base aos seguintes argumentos:

a) O número de actuacións desenvolvidas polo CAAN mantense en constante crecemento. O centro ven a atender cada ano un número maior de avisos de localización de animais pola vía pública, que deben de ser recollidos para a súa atención. Durante os anos 2024 e 2025 chegaronse a atender case 4.00 solicitudes de servizo, entre as que se inclúen as correspondentes con cans abandonados, que non son reclamados polos seus propietarios, e aqueles cans perdidos ou extraviados, que son reclamados e recollidos polos seus donos.

Non obstante, compre indicar que o número de abandonos mantense en valores moi elevados, chegando aos case 3 cans abandonados por cada 1.000 habitantes, retornando así a valores de abandonos similares aos do ano 2019, cun comportamento similar ao do resto do estado, segundo os datos publicados pola Fundación Affinity. Pois ben, o elevado número de intervencións realizadas polo CAAN conlevou a un novo reforzo do persoal adscrito ó servizo. Neste sentido resaltar que só unha empresa pública como Tragsatec sería quen de garantir o correcto desenvolvemento das tarefas previstas inicialmente durante estes anos.

b) Tamén é importante subliñar que o servizo se presta os 365 días do ano, as 24 horas, sábados, domingos e festivos, e que para a súa prestación correcta, tendo en conta o número crecente de avisos de servizo, os animais presentes no centro, o volume de adopcións e a xestión do programa de colonias felinas, é necesario contar cun equipo formado por 1 coordinador, 5 veterinarios, 2 auxiliares administrativos, 2 auxiliares en clínica, así como 7 operarios-laceros, cuns elevados custos no capítulo de persoal.

c) As tarifas de persoal aprobadas grupo Tragsa aumentaron un 6% de media nestes dous anos, así coma os custes correspondentes con materiais e consumibles non suxeitos a tarifa, coma é o caso dos relativos á alimentación dos animais (superior ao 40% segundo informa o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación). Compre destacar que a prestación deste servizo por parte da empresa pública TRAGSATEC fixo posible que se mantivera o mesmo, de xeito ininterrompido, sen que isto repercutise na calidade do servizo.

d) A proposta económica de TRAGSATEC é moi competitiva, permite unha optimización dos recursos públicos, unha mellora da calidade na prestación do servizo e un importante aforro respecto a unha posible concesión do servizo a unha empresa privada.

Proba do dito é o estudo económico-financeiro elaborado polos técnicos do Servizo de Cooperación que se adxunta ao presente informe no que se fixa un prezo de 1.290.342,44 euros para prestar un servizo como este; neste punto lembrar que outra vantaxe respecto a unha licitación é que aos encargos realizados ao medio propio TRAGSA e a súa filial TRAGSATEC non se lle aplica o IVE (artigo 7.8º.c) da Lei do IVE), co aforro que isto supón para o adxudicador.

As tarifas vixentes actualmente veñen determinadas pola actualización automática das tarifas oficiais do GRUPO TRAGSA vixentes na actualidade (aprobadas mediante Resolución da Subsecretaría do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, BOE nº 103, do 29 de abril de 2025), segundo as unidades descritas no orzamento.

e) A entrada en vigor da Lei 7/2023, do 28 de marzo, de Protección dos Dereitos e do Benestar dos Animais, veu supoñer unha modificación significativa de certas actuacións desenvolvidas polo CAAN; entres as medidas máis destacables, pola súa magnitude e significación técnica, atopamos a obrigatoriedade de identificar e rexistrar a todos os animais que entran nos centros de recollida, en lugar de identificar unicamente aos que saíron en adopción, co incremento de custes que isto implica en conceptos de material, persoal e taxas administrativas, así como a xestión das colonias felinas, nos termos xa expostos.



f) Tamén seguen a ser de especial importancia as actividades do centro derivadas da execución das competencias municipais sobre o benestar animal, solicitándose numerosas actuacións de valoración, actuacións provisionais de comiso, informes e declaracións periciais e asesoramento en xeral sobre o benestar e protección animal. Así, estando estas actuacións e colaboracións recollidas de forma expresa e obrigada na normativa actual, faise necesario ter en conta este tipo de actividades para a determinación do orzamento tendo en conta a especialización, dedicación e precisión coa que deben de ser realizadas.

FINANCIAMENTO E DURACIÓN DO ENCARGO

O importe correspondente ao ano 2026, que ascende a 1.115.336,21 euros, afrontarase con cargo á aplicación 26/923.1705.227.07 do Orzamento Provincial dese ano, quedando supeditada a súa aprobación definitiva.

A cantidade correspondente ao ano 2027 (1.115.336,21 euros euros), queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no Orzamento provincial dese ano.

Tendo en conta que os 52 concellos adheridos suman 424.287 habitantes e que a súa aportación na liquidación do ano 2025 foi de 169.714,80 euros (a razón de 0,40 euros/habitante), expomos a posibilidade de subir a cota dos concellos o próximo ano sempre que criterios de oportunidade e conveniencia así o aconsellen.

O encargo á empresa Tragsatec, como medio propio da Deputación Provincial de Pontevedra, establécese polo período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2027, co fin de garantir a continuidade da actual política de xestión do centro (baseada nas adopcións e no benestar animal), a estabilidade, eficiencia e eficacia do servizo.

FORMALIZACIÓN DO ENCARGO

De acordo co disposto na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público, Tragsa e a súa filial Tragsatec estarán obrigadas a realizar, con carácter exclusivo, os traballos que se lle encomenden de entre as materias relacionadas nos apartados 4 e 5 (entre outras, recollida e transporte de animais, actividade agrícola, gandeira e animal, administración e xestión de fincas, centros agrarios, medioambientais, de conservación da natureza, sanidade animal etc.); a súas relacións coa Deputación, da que son medios propios instrumentais e servizos técnicos, teñen natureza instrumental e non contractual, articulándose a través de encargos dos previstos no artigo 32 da Lei, polo que, a todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

A comunicación efectuada pola Deputación de Pontevedra encargando unha actuación a algunha das sociedades do grupo suporá a orde para iniciala, sen prexuízo da observancia do disposto no artigo 32.6.b), debendo unicamente formalizarse en documento que será publicado no perfil do contratante da Deputación ao superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017).

CONCLUSIÓN

Á vista das razóns de eficacia, eficiencia e economía descritas con anterioridade, infórmase favorablemente o novo encargo á empresa Tragsatec S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, da xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida de protección de animais de Armenteira (CAAN), durante o período 2026-2027, nos termos expostos.”



Visto o informe da Intervención Xeral, de data 10 de decembro de 2025, favorable á tramitación do presente expediente e no que se reflicte que a proposta económica deste novo encargo (1.115.336,21 euros) será imputable á aplicación orzamentaria 26/923.1705.227.07 na que, a data de hoxe, existe crédito no orzamento inicialmente aprobado para tal fin, quedando condicionada á aprobación definitiva do orzamento do ano 2026 por tratarse dunha tramitación anticipada, e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

Respecto do ano 2027, o importe ascende igualmente a 1.115.336,21 euros que se imputará á aplicación orzamentaria 27/923.1705.227.07, na que a existencia de crédito dispoñible quedará condicionada á aprobación de orzamento para dito exercicio.

Á vista do exposto, de conformidade co establecido no artigo 35 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Encargar á empresa Tragsatec S.A. S.M.E. M.P, como medio propio da Deputación de Pontevedra, a xestión do servizo de recollida de animais abandonados na provincia de Pontevedra e do centro de acollida de protección de animais de Armenteria (CAAN), con efectos 1 de xaneiro de 2026 e ata o 31 de decembro de 2027, de conformidade co informe anteriormente transcrito, o prego de prescricións técnicas e o orzamento que figuran no expediente co CSV: PBSKR42K303WEMWX.

Segundo. Comunicar o presente encargo á empresa Tragsatec S.A. S.M.E.M. P aos efectos previstos na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público.

Terceiro. Publíquese o presente acordo no perfil do contratante da Deputación Provincial de Pontevedra ao superar o encargo o importe de 50.000,00 euros (artigo 63.6 da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público, en relación co preceptuado no artigo 32.6.b) do citado texto normativo).

23.35899.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “*ESCOLA FEMINISTA DA MORADA*” SOLICITADO POR A MORADA NOSA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA. (EXPTE.2025008442)

A MORADA NOSA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*ESCOLA FEMINISTA DA MORADA*”, ao abeiro da convocatoria de bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número nº 10 de 16 de xaneiro de 2025.

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 06 de xuño de 2025, acordou concederlle á dita entidade, unha axuda económica por importe de 4.951,48 euros, para o desenvolvemento de dito proxecto.



Esta entidade, con data de 9 de decembro do 2025 presenta no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2025084194, no que nos comunican modificacións nas actividades contempladas no proxecto.

Entre os obxectivos que a entidade persegue coa realización deste proxecto está achegar á cidadanía o pensamento de autoras feministas contemporáneas achegando a complexidade das súas propostas teóricas á realidade cotiá das mulleres e identidades disidentes. Deste xeito búscase que a Escola sexa un espazo onde vincular ás vivencias das mulleres á teoría, colectivizar ditas vivencias, e entendela desde as lentes que nos brinda a teoría feminista.

Para a consecución destes obxectivos programaron cinco módulos. Cada módulo consta dunha parte teórica-expositiva, dunha parte práctica-vivencial e unha representación escénica relacionada.

A entidade comunica a este organismo provincial que a actividade prevista para o módulo V (*Re) Interpretar a economía* contiña unha proposta escénica realizada por Sue Moreno prevista para desenvolverse en exteriores no mes de decembro que non foi posible desenvolver debido ás condicións meteorolóxicas. No canto desta actividade propoñen o desenvolvemento dun taller teatral de 3 sesións de 3h de duración cada una. Este cambio non afectaría ao número total de beneficiarias nin á temporalización inicial prevista que era de 4 meses.

Con data 09/12/2025 (CSV: V1WH5S2OAYS7ADKP) o Servizo de Igualdade emite informe sinalando que a entidade, con esta solicitude de modificación do proxecto non dana dereitos de terceiros e non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude.

Con data 10/12/2025 (CSV: KTIZ6OA4WS26Z241) o Servizo de Intervención emite informe favorable con respecto á proposta de modificación.

Con data 11/12/2025 (CSV: K8I13T7MZEG9I4C6) réunese a Comisión de Valoración e autoriza a solicitude de modificación do proxecto xa que non se danan intereses de terceiros, non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e mantense a finalidade da subvención.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de dous meses dende a resolución, ou con carácter inmediato á aparición das circunstancias que levan consigo a necesidade de modificación se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo quinta das Bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025.



Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a modificación do proxecto “Escola Feminista da Morada”, solicitado por A MORADA NOSA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA (NIF: F67875781), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025.

24.35900.- CONCESIÓN DE PRÓRROGA PARA A EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DOS INVESTIMENTOS DA AXUDA CONCEDIDA A XUNCOGA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA PARA “ADQUISICION DUNHA LIÑA DE GRANULACIÓN PARA A FABRICACIÓN DE PIENSO”, ANO 2025. (EXPTE. 2025023747)

Na Xunta de Goberno do 10 de xullo de 2025, número de acordo 4.35428, aprobouse a concesión dunha axuda económica, por concorrência competitiva, a XUNCOGA SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, por un importe de trinta e dous mil trescentos corenta e dous euros con sesenta e nove céntimos (32.342,69€) sobre un orzamento de 70.000,00€, destinada á “ADQUISICION DUNHA LIÑA DE GRANULACIÓN PARA A FABRICACIÓN DE PIENSO”, segundo as bases reguladoras das axudas a cooperativas agrogandeiras da provincia de Pontevedra para o ano 2025.

Con data 14.11.2025, recíbese escrito do presidente da cooperativa XUNCOGA, solicitando unha prorroga na execución e xustificación dos investimentos subvencionables relativos á citada axuda económica, argumentando, que por diversos problemas xurdidos coa ubicación na que vai ser instalada a granuladora, para tratar reducir os costes e aproveitando un espazo que agora mesmo está ocupado por 4 silos, vaise desmontar eses 4 silos e no seu lugar montar as torres soporte da granuladora así como da carga a granel e os silos para o penso granulado. Polo que se retrasaron os traballos de instalación.

Visto o informe da xefa do Servizo de Medio Ambiente, de data 18.11.2025, que informa favorablemente a prorroga na execución e xustificación de investimentos.

Vista a dilixencia de conformidade da Intervención do 12.12.2025, a restante documentación que obra no expediente, e considerando o disposto nas Bases Reguladoras, no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de subvencións, no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Aprobar unha prorroga da axuda concedida pola Xunta de Goberno desta Deputación provincial do 10.07.2025, número de acordo 4.35428, a favor de XUNCOGA SOC. COOP. GALEGA, de conformidade co establecido na base decimo quinta das reguladoras da convocatoria. A prorroga para executar o investimento será de tres (3) meses, ata o 31 de marzo de 2026, debendo xustificar a subvención antes do 15 de maio de 2026.



25.35901.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “XUVENTUDE A MÁIS” POLO TRÁMITE ANTICIPADO DE GASTO. (EXPTE. 2025076834)

• ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

Primeiro.- A xuventude actual enfróntase a unha realidade cambiante e complexa, marcada pola transformación dixital, as novas dinámicas laborais e sociais e unha crecente preocupación polo benestar persoal e a sostibilidade.

Neste contexto, a formación integral das persoas menores de 35 anos convértese nunha prioridade estratéxica para fomentar a súa autonomía, mellorar as súas competencias vitais e favorecer a súa participación activa na comunidade. Así, o programa de obradoiros que se propón nace coa intención de ofrecer espazos de aprendizaxe práctica, creativa e transformadora, adaptados ás necesidades reais da mocidade da provincia de Pontevedra.

A través de tres grandes eixes —benestar persoal, expresión artística e cultura, e conexión e coidado da contorna— búscase impulsar un modelo de formación aberto, participativo e inspirador, que fomente a curiosidade, a colaboración e a responsabilidade social. Ademais, o programa pretende reforzar o sentimento de pertenza á provincia, ao poñer en valor os recursos locais, a cultura galega e os valores da sostibilidade e a igualdade.

Segundo.- O Servizo de Xuventude e Reto Demográfico pon en marcha o programa “Xuventude a Máis”, no que se ofertan ata 102 obradoiros, de 20 horas de duración cada un. Poderán ser beneficiarios deste programa os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) do censo de 2024, na data de publicación destas bases no BOPPO.

O procedemento de concesión dos obradoiros realizarase do seguinte xeito: na adxudicación inicial, garantirase a asignación dun máximo de dous (2) obradoiros a cada Concello solicitante. No caso de que, unha vez realizada a adxudicación inicial, non se cubrise o total de 102 obradoiros, os cursos restantes asignaranse aos concellos que solicitaron obradoiros adicionais na súa solicitude.

Terceiro.- Poderán participar nos obradoiros as mozas e mozos de entre os 16 e 35 anos empadroados nalgún dos concellos da provincia de menos de 20 mil habitantes. Serán os concellos beneficiarios os encargados da selección das persoas participantes, para o que deberán ter en conta os seguintes criterios:

- En primeiro lugar, terán prioridade as solicitudes das persoas empadroadas no propio concello, tendo en contra a orde de inscrición.
- En segundo lugar, terase en conta as solicitudes presentadas polas empadroadas noutros concellos, atendendo tamén a orde de inscrición.

Cuarto.- A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de noventa e sete mil douscentos vinte e catro euros e once céntimos (97.224,11 €), con cargo á aplicación 26/233.2310.227.07 do Orzamento provincial, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.



Quinto.- Unha vez concedidos os obradoiros, e en función das temáticas elixidas, tramitarase o expediente de contratación para a prestación do servizo de formación por unha empresa ou empresas especializadas segundo o caso.

Sexto.- Consta no expediente o informe proposta da xefa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, de data 28 de novembro de 2025 (CSV: VX4ANPHOC2DFSLBL).

Con data 9 de decembro de 2025, Intervención emite informe favorable ao expediente indicando entre outros extremos que *“(...) a aplicación proposta, 26/233.2310.227.07, considérase correcta para este fin, non obstante, dado que se trata dunha tramitación anticipada, a aprobación destas Bases quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, a teor do establecido nas bases para a execución do orzamento”*.

- **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración local de Galicia
- Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Ordenanza xeral de subvencións da deputación de Pontevedra
- Bases de execución do Orzamento provincial vixente

De acordo co exposto, e ao amparo do establecido no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na que se establecen como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial así como no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro. Aprobar o gasto por importe de 97.224,11€, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.227.07, condicionado á aprobación do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo.

Segundo. Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do programa “Xuventude a máis” para o ano 2026, cuxo teor literal é o seguinte:

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “XUVENTUDE A MÁIS”: FORMACIÓN NON REGRADA PARA A MOCIDADE NOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES

A Deputación de Pontevedra, no exercicio das competencias que se lle atribúen na lexislación local vixente, ten o compromiso de deseñar políticas públicas que contribúan a desenvolver as estratexias europeas, nacionais e autonómicas en materia de xuventude coa posta en marcha de plans concretos de actuación cunha perspectiva de reto demográfico, co fin de cumprir os obxectivos fixados pola Lei 6/2012, de 19 de xuño, de xuventude de Galicia (LXG).



Este reto supón deseñar e executar plans e programas dirixidos á mocidade, sexa cal sexa o seu lugar de residencia e a súa idade, de xeito que teñan acceso aos mesmos servizos públicos en igualdade de condicións; entre eles, o acceso ao ensino e formación non regrada, incluída a virtual.

A xuventude actual enfróntase a unha realidade cambiante e complexa, marcada pola transformación dixital, as novas dinámicas laborais e sociais, e unha crecente preocupación polo benestar persoal e a sostibilidade.

Neste contexto, a formación integral das persoas menores de 35 anos convértese nunha prioridade estratéxica para fomentar a súa autonomía, mellorar as súas competencias vitais e favorecer a súa participación activa na comunidade. Así, o programa de obradoiros que se propón nace coa intención de ofrecer espazos de aprendizaxe práctica, creativa e transformadora, adaptados ás necesidades reais da mocidade da provincia de Pontevedra.

A través de tres grandes eixes —benestar persoal, expresión artística e cultura, e conexión e coidado da contorna— búscase impulsar un modelo de formación aberto, participativo e inspirador, que fomente a curiosidade, a colaboración e a responsabilidade social. Ademais, o programa pretende reforzar o sentimento de pertenza á provincia, ao poñer en valor os recursos locais, a cultura galega e os valores de sostibilidade e igualdade.

En definitiva, esta iniciativa aposta por unha xuventude máis autónoma, consciente e comprometida, capaz de afrontar os retos actuais cunha mirada crítica, creativa e solidaria, que se converta nun motor de cambio e innovación para o futuro da provincia de Pontevedra.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 34 da Lei de xuventude de Galicia establécese un modelo descentralizado de xestión de políticas xuvenís, no que se lle outorgan á Administración local competencias clave nesta materia.

Neste marco, a Deputación de Pontevedra ten competencia para coordinar, apoiar e fomentar iniciativas que promovan o benestar e a participación activa da mocidade no seu territorio. Estas competencias inclúen, entre outras, o apoio á educación non formal e ao lecer educativo; é dicir, o desenvolvemento de programas de educación en valores, formación en habilidades sociais e actividades de lecer e tempo libre, entre outros, para promover o acceso a oportunidades de aprendizaxe fóra do ámbito académico formal.

Por outra banda, no I Plan estratéxico de xuventude da Deputación de Pontevedra, aprobado polo Pleno da Deputación, un dos obxectivos prioritarios é o de impulsar a educación non formal e as actividades de lecer educativo mediante o desenvolvemento de programas que supoñan oportunidades de aprendizaxe complementarias ás que se producen no ámbito académico formal.

Así mesmo, no artigo 34 da LXG, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécese que as entidades locais poderán asumir competencias en materia de xuventude, entre outras, nas seguintes áreas: creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á xuventude necesarios para garantir unha política integral de xuventude.

Así, podemos enmarcar este programa dentro das atribucións conferidas no artigo 36.1.d da LRBRL, no que se establece como competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que



baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, entre outras.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra pon en marcha o programa “Xuventude a máis”, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento de participación no programa “Xuventude a máis”, no que se ofertan 102 obradoiros dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

Segunda. Finalidade

A finalidade do programa é ofrecerlle á mocidade alternativas de ocio saudable e promover a súa capacitación básica en eidos coma a expresión artística, a cultura, o coidado da contorna e as habilidades para o emprendemento.

Terceira. Orzamento e financiamento

A contía total máxima destinada a esta convocatoria é de noventa e sete mil douscentos vinte e catro euros e once céntimos (97.224,11 €), con cargo á aplicación 26/233.2310.227.07 do Orzamento provincial, condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa concesión.

Cuarta. Beneficiarios e requisitos de participación

Poderán ser beneficiarios deste programa os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) do censo de 2024.

Os concellos beneficiarios non deberán estar incursos en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e deberán estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

No que atinxe ao cumprimento das obrigas coa Facenda provincial, estarase ao disposto nos artigos 10.10 e 27.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no apartado 4 da base vixésimo quinta das Bases de execución do Orzamento, referido á compensación de débedas coas entidades locais.

Quinta. Alcance e condicións do programa

5.1. O programa oférталles aos concellos de menos de 20.000 habitantes ata 102 obradoiros, de 20 horas de duración cada un; garantírase un mínimo de dous (2) por concello solicitante e poderase optar a un máximo de catro (4).

Os obradoiros agrúpanse en tres grandes áreas temáticas (ver detalle no anexo II: Catálogo de obradoiros):

Área temática 1. Habilidades para o benestar e o coidado persoal

- Economía do fogar
- Seguridade básica para a mocidade: primeiros auxilios básicos e defensa persoal



- Cociña, nutrición e mitos alimentarios
- Saúde mental (autocoidados)

Área temática 2. Expresión artística e cultura

- Curso de DJ
- Iniciación á música tradicional galega
- Edición de vídeo e fotografía
- Deseño e creación de produtos gráficos e mercadotecnia

Área temática 3. Conexión e coidado da contorna

- Sendeirismo, orientación e interpretación do patrimonio natural
- ión e interpretación do patrimonio natural
- Horta urbana e xestión biolóxica do solo (permacultura e fertilizantes)
- Reciclaxe de mobles e obxectos
- Adestramento canino

Os concellos interesados deberán especificar na solicitude a orde de prioridade dos cursos nos que estean interesados (do 1.º ao 12.º). Deses obradoiros, poderáselles conceder ata un máximo de catro (4), seguindo o procedemento especificado na base novena.

Non se concederán obradoiros dunha determinada área temática cando o número total de cursos solicitados nesa área non acade un mínimo de oito (8). Neste caso, o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, respectando a orde de prioridade determinada na solicitude, está facultado para propor de oficio a asignación doutro obradoiro de entre os solicitados que permita cumprir co mínimo de cursos esixidos por área temática.

En todo caso, a realización dos obradoiros queda condicionada ao resultado do expediente de contratación da empresa ou empresas encargadas da prestación do servizo.

5.2. Poderán participar nos obradoiros as mozas e mozos de entre 16 e 35 anos empadroados nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes, segundo os datos do INE do censo de 2024, na data de publicación destas bases no BOPPO.

5.3. Os concellos beneficiarios encargaranse de seleccionar as persoas participantes, para o que deberán ter en conta os seguintes criterios:

- En primeiro lugar, terán prioridade as solicitudes das mozas e mozos empadroados no propio concello, segundo a orde de inscrición.
- En segundo lugar, teranse en conta as solicitudes presentadas polas mozas e mozos empadroados noutros concellos de menos de 20.000 habitantes, atendendo tamén á orde de inscrición.

5.4. A formación impartiraa presencialmente unha empresa especializada e levarase a cabo nos espazos habilitados polos concellos que resulten beneficiarios.

5.5. O número máximo de alumnas e alumnos por obradoiro será de quince (15), coa finalidade de garantir unha formación personalizada, adecuada e adaptada ás súas necesidades. Para que un obradoiro se poida levar a cabo, deberán estar inscritas un mínimo de sete (7) persoas.



5.6. Os obradoiros terán un custo por persoa de cinco euros (5,00 €), que lle serán aboados polo alumnado á empresa adxudicataria que imparta a formación.

5.7. Ao remate da acción formativa, as persoas participantes que cumprisen os requisitos de asistencia recibirán un diploma acreditativo da boa execución e das horas de formación recibidas. Para obter o diploma, as ausencias non poderán superar o 20 % de horas do obradoiro.

5.8. Os obradoiros desenvolveranse entre os meses de setembro de 2026 e marzo de 2027, nas datas indicadas por cada concello e en función da dispoñibilidade da empresa ou empresas adxudicatarias.

Sexta. Lugar e modalidade de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da institución provincial (<https://sede.depo.gal/>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

Para presentar as solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será do 19 de xaneiro ao 6 de febreiro de 2026.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros).

Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite.

Os modelos estarán dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Novena. Notificacións

9.1. As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://dehu.redsara.es>.



A notificación entenderase practicada no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles aos concellos solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

9.2. De conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP, a resolución do procedemento publicarase no BOPPO, na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>) e na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal).

Décima. Procedemento de concesión e resolución

10.1. O procedemento de concesión dos obradoiros realizarase do seguinte xeito:

- a) Adxudicación inicial. As solicitudes recibidas atenderanse garantindo a asignación inicial dun máximo de dous (2) obradoiros a cada concello solicitante.
- b) Adxudicación de obradoiros adicionais. No caso de que, unha vez realizada a adxudicación inicial, non se cubrixe o total de 102 obradoiros, os cursos restantes asignaráselles aos concellos que solicitasen obradoiros adicionais. Esta concesión realizarase de acordo co procedemento que se indica a continuación:
 - Primeira fase. Asignaráselle un terceiro obradoiro a cada concello que así o solicitase, ata cubrir a totalidade de obradoiros ofertados (102).
 - Segunda fase. Asignaráselle un cuarto obradoiro a cada concello que así o solicitase, ata cubrir a totalidade de obradoiros ofertados (102).

10.2. A asignación dos obradoiros adicionais, en cada fase, realizarase por orde de presentación das solicitudes. Naqueles supostos nos que se lles requira aos concellos solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude, entenderase por rexistro de entrada a data na que o dito requirimento estea correctamente atendido.

10.3. Lista de agarda. Unha vez rematado o procedemento de adxudicación de obradoiros, crearase, no seu caso, unha lista de agarda para a asignación de cursos vacantes por renuncias ou revogacións, que estará integrada por aqueles concellos que solicitasen un número de obradoiros superior ao que se lles adxudicou. A lista de agarda ordenarase en función do indicado nos apartados anteriores. No caso de producirse unha renuncia ou revogación dun curso previamente concedido, asignaráselle o obradoiro vacante ao primeiro concello da lista de agarda que solicitase un obradoiro pertencente á mesma área temática que o curso vacante.

10.4. Instrución. O órgano competente para instruír o procedemento é a Xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para comprobar a concorrencia dos requisitos requiridos para conceder os obradoiros solicitados.

Unha vez instruído o procedemento e rematado o prazo de emenda das solicitudes requiridas, o órgano instructor elevará un informe-proposta de concesión provisional para a súa fiscalización previa por Intervención e a aprobación posterior polo órgano competente.



10.5. Resolución. A resolución correspóndelle á Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra. O acordo de resolución comprenderá a relación dos obradoiros concedidos, a lista de agarda e a lista de excluídos, xunto coas causas de exclusión.

10.6. A resolución de concesión ponlle fin á vía administrativa. Contra esta poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa notificación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

Décimo primeira. Obrigas dos concellos beneficiarios

Os concellos beneficiarios están obrigados a:

- Dispoñer dunha aula para impartir a formación que reúna as condicións establecidas para cada obradoiro segundo o especificado no catálogo.
- Subscribir, xunto coa empresa adxudicataria, a acta de comprobación da situación e dotación do espazo comprometido.
- Colaborar, dentro do seu ámbito territorial, na difusión do programa e dos obradoiros que se vaian impartir no municipio, con carteis e medios electrónicos ou audiovisuais.
- Unha vez concedidos os obradoiros, seleccionar as persoas beneficiarias da formación segundo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, e de acordo cos criterios de prelación establecidos na base 5.3.
- Cumprir coas obrigas en materia de publicidade establecidas no artigo 18 da LXS. Toda referencia en calquera medio de difusión, cartelería, redes sociais, páxinas web ou outros medios audiovisuais sobre as actividades deste programa deberá incluír unha mención expresa ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra, mediante a inclusión da súa imaxe corporativa.
- Colocar nas aulas de formación a imaxe do programa, que deberá cumprir coa identidade corporativa da Deputación de Pontevedra.
- Cumprir na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal en todas as actuacións obxecto deste programa que impliquen o tratamento destes datos.
- Autorizar a institución provincial para publicar os datos do lugar onde se desenvolverá cada acción formativa, da persoa de contacto do concello, do teléfono e do correo electrónico.
- Comunicarlles á Deputación de Pontevedra e á empresa adxudicataria da formación, cunha antelación mínima dez (10) días hábiles respecto das datas previstas para o inicio da formación, a relación definitiva das persoas admitidas en cada unha das accións formativas, cubrindo o modelo do anexo III. Na relación deberán figurar o nome e apelidos, o NIF, a idade, o teléfono de contacto e o correo electrónico das persoas admitidas.



Décimo segunda. Obrigas da empresa adxudicataria

A empresa adxudicataria estará obrigada a:

- Manter unha xuntanza previa ao inicio da formación coa persoa responsable que designe cada concello co fin de visitar a aula habilitada para impartir a formación e comprobar que reúne os requisitos exixidos, da que se levantará a correspondente acta.
- Recadar o pagamento de 5,00 € por persoa como custo por participar en cada actividade formativa. Esta cantidade só será reintegrable no suposto de que exista un motivo debidamente xustificado e documentado que lle impida á persoa asistir á formación.
- Cubrir diariamente os partes de asistencia á formación.
- Comunicarlle ao Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, con cinco (5) días hábiles de antelación, o día, o lugar e a hora de inicio de cada actividade formativa, así como a data de finalización.
- As restantes obrigas derivadas do contrato.

Décimo terceira: Obrigas do alumnado

O alumnado seleccionado estará obrigado a:

- Aboarlle á empresa que imparta a formación unha achega económica de 5,00 € por actividade formativa.
- Utilizar e conservar os medios que, no seu caso, se poñan á súa disposición, segundo as indicacións do persoal docente, coa obriga de reintegralos nas mesmas condicións nas que se lle entregaron.
- Cubrir diariamente os partes de asistencia á formación e, unha vez finalizado o obradoiro, a enquisa de avaliación.
- Levar os materiais necesarios para participar no obradoiro, de acordo co indicado no catálogo.

Décimo cuarta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento das persoas físicas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.



Décimo quinta. Prazo de vixencia

As actividades formativas deberán rematar o 31 de marzo de 2027.

Asinado dixitalmente na marxe.

▪ Anexo I: concellos destinatarios

Núm.	Concello
1	Agolada
2	Arbo
3	Baiona
4	Barro
5	Bueu
6	Caldas de Reis
7	Cambados
8	Campo Lameiro
9	Cañiza, A
10	Catoira
11	Cerdedo-Cotobade
12	Covelo
13	Crecente
14	Cuntis
15	Dozón
16	Forcarei
17	Fornelos de Montes
18	Gondomar
19	Grove, O
20	Guarda, A
21	Illa de Arousa, A
22	Lama, A
23	Meaño
24	Meis
25	Moaña
26	Mondariz

Núm.	Concello
27	Mondariz-Balneario
28	Moraña
29	Mos
30	Neves, As
31	Nigrán
32	Oia
33	Pazos de Borbén
34	Poio
35	Ponte Caldelas
36	Pontecesures
37	Portas
38	Ribadumia
39	Rodeiro
40	Rosal, O
41	Salceda de Caselas
42	Salvaterra de Miño
43	Sanxenxo
44	Silleda
45	Soutomaior
46	Tomiño
47	Tui
48	Valga
49	Vila de Cruces
50	Vilaboa
51	Vilanova de Arousa



▪ Anexo II: catálogo de obradoiros

Área temática 1. Habilidades para o benestar e o coidado persoal	
Obradoiro de economía do fogar	
Descrición	Aprende a ter o control das túas finanzas persoais. Deseña orzamentos realistas, entende as túas nóminas e facturas e descubre ferramentas dixitais esenciais para a túa vida cotiá (certificado electrónico, xestión bancaria en liña etc.).
Acondicionamento básico da aula	Conexión a internet, mesas e cadeiras suficientes, enchufes e un sistema eléctrico que soporte a conexión dos dispositivos electrónicos, proxector ou pantalla.
Materiais proporcionados pola empresa	Material didáctico e recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Ordenador portátil ou tableta; no seu defecto, teléfono móbil.
Obradoiro de seguridade básica para a mocidade: primeiros auxilios básicos e defensa persoal	
Descrición	Recursos de resposta inmediata para situacións de emerxencia. Adquire técnicas de primeiros auxilios básicos (ata a chegada de profesionais) e coñece as mellores estratexias de autoprotección e asertividade para xestionar situacións de risco con confianza.
Acondicionamento básico da aula	Espazo amplo e axeitado para desenvolver as actividades prácticas, conexión a internet, mesas e cadeiras suficientes, proxector ou pantalla.
Materiais proporcionados pola empresa	Material de simulación de primeiros auxilios (manequíns de RCP etc.), esteiras, material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Roupa e calzado cómodos.
Obradoiro de cociña, nutrición e mitos alimentarios	
Descrición	Domina receitas sinxelas, saudables e económicas con produtos de tempada. Aprende as bases da nutrición, a ler as etiquetas dos alimentos e a desmentir os mitos e noticias falsas máis comúns sobre dietas e alimentación.



Acondicionamento básico da aula	Zona de cociña ou espazo que permita instalar unha cociña portátil, que teña boa ventilación, acceso a auga corrente e pía, enchufes suficientes e un sistema eléctrico que soporte electrodomésticos.
Materiais proporcionados pola empresa	Cociñas de indución ou vitrocerámicas portátiles, de ser necesarias; pequenos electrodomésticos (batedor, licuadora etc.); batería de cociña completa (cuncas, pratos, cubertos, trapos de cociña, vasos medidores); material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Recipiente ou <i>tupper</i> para levar a comida preparada ao remate da sesión; ingredientes frescos e de tempada para as receitas; utensilios e ferramentas básicas de cociña (táboa de cortar, coitelo, pota etc.); mandil de cociña.
Obradoiro de saúde mental (autocoidados)	
Descrición	Desenvolve as ferramentas prácticas necesarias para o teu benestar emocional. Traballa a xestión do estrés, mellora a autoestima e introduce rutinas de autocoidado para manter un equilibrio emocional no teu día a día.
Acondicionamento básico da aula	Sala ben iluminada, con boa ventilación, illada de ruídos externos e cunha disposición flexible do mobiliario; mesas e cadeiras suficientes; proxector ou pantalla.
Materiais proporcionados pola empresa	Material didáctico e restantes recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Esteira, de ser necesaria.

Área temática 2. Expresión artística e cultura	
Curso de DJ	
Descrición	Iníciate no mundo da produción e na mestura musical. Aprende a manexar <i>software</i> e <i>hardware</i> de DJ, domina as técnicas de <i>beatmatching</i> e mesturas e prepárate para a sesión perfecta.
Acondicionamento básico da aula	Conexión a internet, enchufes e un sistema eléctrico que soporte a conexión simultánea dos dispositivos electrónicos, mesas e cadeiras suficientes, proxector ou pantalla.



Materiais proporcionados pola empresa	<i>Hardware</i> de DJ (controladores MIDI de DJ, polo menos 1 por cada 3 participantes), auriculares de DJ, sistema de son e altosfalantes, material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Ordenador portátil, disco duro externo ou memoria USB (para gardar as mesturas e recursos musicais).
Obradoiro de iniciación á música tradicional galega	
Descrición	Mergúllate na cultura e tradición galegas. Aprende as bases rítmicas da pandeireta, o canto, o baile solto e o uso das cunchas, e explora tamén outros instrumentos tradicionais.
Acondicionamento básico da aula	Sala ampla e diáfana cunha boa acústica e cadeiras suficientes.
Materiais proporcionados pola empresa	Instrumentos para a práctica (pandeiretas etc.), sistema de son (altosfalantes), material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Roupa e calzado cómodos que permitan o movemento para o baile.
Obradoiro de edición de vídeo e fotografía	
Descrición	Domina as ferramentas de edición de imaxe e vídeo para darlles un toque profesional ás túas creacións. Aprende técnicas de retoque fotográfico (Photoshop ou programas similares) e as claves da montaxe audiovisual para crear contidos profesionais.
Acondicionamento básico da aula	Conexión a internet, mesas e cadeiras suficientes, enchufes e un sistema eléctrico que soporte a conexión simultánea dos dispositivos, proxector ou pantalla.
Materiais proporcionados pola empresa	Material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Ordenador portátil, con rato externo; auriculares; disco duro externo ou memoria USB.



Obradoiro de deseño e creación de produtos gráficos e mercadotecnia	
Descrición	Aprende a crear os teus propios produtos desde cero. Deseña logos e mensaxes con <i>software</i> básico, prepara o teu deseño e leva á práctica a técnica de estampaxe (serigrafía ou vinilo) para crear materiais exclusivos.
Acondicionamento básico da aula	Conexión a internet, mesas e cadeiras suficientes, enchufes e un sistema eléctrico que permita a conexión simultánea dos dispositivos, proxector ou pantalla, mobiliario estable para soportar a prensa térmica ou a mesa de serigrafía, boa ventilación.
Materiais proporcionados pola empresa	Equipamento de estampaxe (prensa térmica ou equipo básico de serigrafía), utensilios de taller (luvas, tintas etc.), material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Ordenador portátil para o deseño; camisetas, bolsas ou outros produtos para estampar.
Área temática 3. Conexión e coidado da contorna	
Obradoiro de sendeirismo, orientación e interpretación do patrimonio natural	
Descrición	Explora a contorna natural da túa vila. Aprende técnicas de orientación (mapa e dixitais), seguridade en ruta, e a identificar e valorar o patrimonio natural (fauna e flora) dos nosos sendeiros.
Acondicionamento básico da aula ou espazo	Aula ou espazo para a teoría inicial, de ser necesaria, con conexión a internet, mesas e cadeiras suficientes e proxector ou pantalla.
Materiais proporcionados pola empresa	Materiais de orientación (mapas e compases), de interpretación (guías de fauna e flora, lupas de man, prismáticos etc.), material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Roupa e calzado de montaña axeitados; mochila, auga e alimentos/fritos secos/aperitivos.
Obradoiro de horta urbana e xestión biolóxica do solo (permacultura e fertilizantes)	
Descrición	Descubre como cultivar os teus propios alimentos no teu balcón ou xardín. Aplica principios de permacultura, aprende a facer fertilizantes orgánicos e a xestionar o solo dun xeito respectuoso e produtivo.



Acondicionamento básico da aula	Aula teórica que conte con mesas e cadeiras suficientes. Zona de práctica exterior ou cuberta, con acceso a auga corrente (manguera, billa, regadores), que poida ensuciarse e que teña mesas resistentes.
Materiais proporcionados pola empresa	Materiais para a práctica (recipientes de cultivo, substratos e terra axeitada, sementes e pés de tempada); ferramentas básicas (pas de man, angazos de man, aixadas pequenas); materiais de compostaxe, restos orgánicos, composteiros, materiais para a elaboración de fertilizantes etc.; material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	Luvas de xardinería, roupa cómoda que poida mancharse, recipientes ou bandexas pequenas para levar pés ou sementes sementadas.
Obradoiro de reciclaxe de mobles e obxectos	
Descrición	Unha forma de DIY (<i>do it yourself</i>) sostible. Aprende técnicas de restauración e transformación de mobles e obxectos antigos ou descartados para darlles unha segunda vida e crear pezas únicas e orixinais.
Acondicionamento básico da aula	Espazo amplo e aberto que permita traballar de pé e manexar obxectos voluminosos, mesas de traballo resistentes e cadeiras suficientes.
Materiais proporcionados pola empresa	Ferramentas de restauración para compartir: unha lixadora eléctrica, unha decapadora, varias espátulas, unha serra de man e alicates; elementos de protección (lentes protectoras etc.); material didáctico e de demostración necesario para levar a cabo os exemplos prácticos.
Material básico que levará o alumnado	Roupa de traballo ou mandil vello que poida mancharse; pequeno obxecto propio que se desexe restaurar ou transformar; outros materiais coma luvas, brocha, pinceis, pinturas, verniz etc.
Obradoiro de adestramento canino	
Descrición	Aprende as bases do adestramento para establecer unha relación sólida e respectuosa co teu can. Entende a psicoloxía canina e domina as ordes básicas para mellorar a convivencia e o benestar animal.
Acondicionamento básico da aula	Espazo exterior seguro e pechado (patio, campo) ou xardín cuberto amplo e diáfano.



Material proporcionados pola empresa	Materiais de adestramento (conos, barreiras ou material básico para a práctica de exercicios), caixa de primeiros auxilios, material didáctico e demais recursos necesarios para realizar o obradoiro.
Material básico que levará o alumnado	O seu can, correa e collar apropiados, premios de alto valor (comida favorita do can) e un xoguete (para o reforzo positivo), bolsas de recollida de excrementos.

26.35902.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO DE EXECUCIÓN DA OBRA DO CONCELLO DE AGOLADA “OBRAS DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE AGOLADA (II PEID)” FINANCIADA NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS. (EXPTE. 2025003644).

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.24
- As subvencións outorgáranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Agolada o importe que lle corresponde é de 89.185,26 €.
- Mediante o acordo núm. 2.34931 de 21/03/2025 da Xunta de Goberno da Corporación Provincial concedeuse unha subvención por importe de 89.185,26 €, con destino ao financiamento do investimento denominado “Obras de mellora das instalacións do polideportivo municipal de Agolada (PEID II)”, cun orzamento polo mesmo importe.
- O proxecto modificado conta co informe de supervisión favorable do xefe dos Servizos Técnicos de Cooperación de data 11/12/2025.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 21ª do II PEID.
- O 15/12/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de modificado do proxecto e na data 15/12/2025 a Intervención provincial informa favorablemente.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 24ª do II PEID, relativa á modificación de proxectos e excesos de medición.
- modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓN

Visto que o proxecto modificado presentado polo Concello de Agolada non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o orzamento do novo proxecto mantense invariable respecto do proxecto inicial.

Visto que o proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no II PEID e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Prestar a conformidade ao proxecto técnico modificado da actuación denominada “Obras de mellora das instalacións do polideportivo municipal de Agolada (PEID II)” presentado polo Concello de Agolada ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 89.185,26 €, desagregado en orzamento execución obra 81.864,76€ e honorarios técnicos por importe total de 7.320,50€
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Agolada*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

27.35903.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO, NO MARCO DO II PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADAPTACIÓN DAS INSTALACIÓNS E CONTORNAS DAS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO”. (EXPTE. 2025076372).

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 18/10/2024, mediante o acordo núm. 3.8273 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 206, do 22/10/2024.



- O financiamento deste plan ascende a oito millóns (8.000.000,00) de euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2025/942.3420.762.95.2024
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida á última actualización do censo (ano 2023).
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2024008497 de data 04/11/2024 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Campo Lameiro o importe que lle corresponde é de 85.843,48 €.
- En data 21/11/2025, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2025080268) dunha petición do Concello de Campo Lameiro, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 85.843,35€, con destino ao financiamento do investimento denominado “Adaptación das instalacións e contornas das piscinas municipais do concello”, cun orzamento de 85.843,35 € dos que 83.051,69 € execución de obra, 2.791,66 € redacción do proxecto.
- O concello emenda a documentación achegada inicialmente en datas posteriores.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do II PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 12/12/2025.
- Así mesmo, o 12/12/2025 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 15/12/2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do II Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (II PEID)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que lle corresponde á xefa do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do II PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.



- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do II PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do II PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do II PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Campo Lameiro relativa ao financiamento do investimento denominado “Adaptación das instalacións e contornas das piscinas municipais do concello” presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do II PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunta a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 85.843,35 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada “Obxecto”.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Campo Lameiro, CIF P3600700C a cantidade de 85.843,35 € con destino ao financiamento do investimento “Adaptación das instalacións e contornas das piscinas municipais do concello” ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 85.843,35 €, correspondendo 83.051,69 € á execución da obra, 2.791,66 € á redacción do proxecto.
- A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do II PEID (BOPPO núm. 206, de 22/10/2024) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2025/942.3420.762.95.2024 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- Dar traslado do presente acordo ao *Concello de Campo Lameiro*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.



28.35904.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE A ESTRADA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA 2025 (LIÑA 3) (EXPTE. 2025004768).

ANTECEDENTES

- 1) O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27/12/2024, punto núm.3.8316 aprobou as “Bases reguladoras do Plan de Obras e servizos de competencia municipal (Plan +Provincia) 2025”. As bases e o extracto da convocatoria publicáronse no BOPPO nº 1 do 2/01/2025.
- 2) Á vista da documentación obrante no expediente de subvención, mediante acordo da Xunta de Goberno do 7 de febreiro de 2025, punto núm. 7.34722, aprobouse a concesión dunha subvención ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), mediante o procedemento de concorrencia non competitiva, con cargo á aplicación 2025/942.9425.462.03 do vixente Orzamento Provincial.
- 3) No caso do Concello da Estrada, concedéuselle unha subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DA ESTRADA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	1 conserxe, 4 albaneis (oficiais), 2 electricistas-axudantes, 4 peóns forestais e 1 auxiliar de biblioteca a xornada completa durante 10 meses	215.921,80 €	215.921,80 €	0,00 €	215.921,80 €

- 4) O concello, mediante escrito presentado no rexistro xeral da Deputación de Pontevedra núm. WEB2025074949, do 29/10/2025, solicita reformular a solicitude inicial como consecuencia de axustar as duracións das contratacións inicialmente previstas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- O artigo. 64 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, establece que se poderá autorizar a modificación sempre que non se danen dereitos de terceiros. A solicitude deberá presentarse antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- O artigo 11.2.a) da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aplicable de conformidade co disposto na Base 25ª.1ª das bases de execución do orzamento provincial, dispón que os beneficiarios da subvención quedan obrigados a comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade pretendida, co obxecto de que, se se estiman con suficiente antelación, poida procederse á modificación da resolución.



- Base Cuadraxésimo Terceira do Capítulo III das Bases reguladores do Plan +Provincia 2025 establece que con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención e antes do 1 de novembro de 2025, e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar un cambio de destino cara á liña 1 pola desistencia (total ou parcial) da finalidade subvencionada.
- Base Cuadraxésimo Cuarta do Capítulo III das Bases reguladoras do Plan +Provincia para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2025 (Liña 3), no referente ás modificacións das resolucións ou dos acordos de concesión das subvencións para a activación do emprego, en concordancia co artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, que sinalan que se permite a modificación da resolución de concesión naqueles casos en que se xustifique adecuadamente en base a novas necesidades ou á conveniencia de reformular a duración ou as categorías profesionais solicitadas, se ben as modificacións non deberán supoñer prexuízos a terceiros e deberán solicitarse antes do 1 de novembro de 2025.

CONCLUSIÓNS:

En base á necesidade de reformular a solicitude inicial como consecuencia de axustar as duracións das contratacións inicialmente previstas, o interesado solicita a modificación do acordo de concesión minorando o importe do orzamento e da subvención conforme á seguinte táboa:

CONCELLO DA ESTRADA					
Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Orzamento	Orzamento elixible	Achega municipal	Importe da subvención solicitada
12	1 conserxe, 4 albancis (oficiais), 2 electricistas-axudantes, 4 peóns forestais e 1 auxiliar de biblioteca a xornada completa durante 8 meses e 17 días	199.273,06 €	194.532,82 €	14.300,05 €	184.973,01 €

A normativa aplicable permite realizar a modificación proposta, xa que consta no expediente a documentación necesaria para a súa válida tramitación, respéctanse os criterios de distribución entre liñas que se establece nas Bases, non se estima que se prexudiquen dereitos de terceiros e solicítase dentro do prazo previsto nas bases.

Por todo o exposto e a vista dos antecedentes, fundamentos de dereitos aplicables e a súa motivación razoada, e a concorrencia dos requisitos necesarios, INFORMO FAVORABLEMENTE a aprobación da modificación do acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 7 de febreiro de 2025, punto núm. 7.34722, no referente á subvención concedida ó Concello da Estrada, CIF núm. P3601700B, da maneira que segue:



ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Estrada, A (P3601700B)	12	1 conserxe, 4 albaneis (oficiais), 2 electricistas-axudantes, 4 peóns forestais e 1 auxiliar de biblioteca a xornada completa durante 8 meses e 17 días	184.973,01 €

RÉXIME COMPETENCIAL:

En virtude do establecido na base 16ª.2ª c) das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto nos artigos 34 e 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 17 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Á vista da documentación que obra no expediente, do informe do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: CMK7D45B6J270SHP) e da dilixencia de Intervención (CSV: DZHLUMX19C1FFVOK) a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Modificar o acordo de concesión da Xunta de Goberno do día 7 de febreiro de 2025, punto núm. 7.34722, no referente á subvención concedida ó Concello da Estrada, CIF núm. P3601700B, que queda como segue:

ANEXO			
Concello	Nº traballadores	Obxecto da subvención (número de contratos, tipo de xornada e duración)	Importe a conceder
Estrada, A (P3601700B)	12	1 conserxe, 4 albaneis (oficiais), 2 electricistas-axudantes, 4 peóns forestais e 1 auxiliar de biblioteca a xornada completa durante 8 meses e 17 días	184.973,01 €

2. O importe resultante da minoración da subvención, 30.948,79 euros, traspasase a liña 1-investmentos.
3. Darlle traslado do presente acordo ó Concello, á Intervención Provincial e ó Servizo de Cooperación.



29.35905.- AUTORIZAR O PROXECTO MODIFICADO E DE EXECUCIÓN DA OBRA “MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO TRAVESÍA VÁZQUEZ Nº4”, FINANCIADA NO MARCO DO PLAN +PROVINCIA 2024 LIÑA 1 INVESTIMENTOS, CONCELLO DE VILA DE CRUCES. (EXPTE.2024022863).

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 29/12/2023, mediante acordo núm. 4.8103, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, en adiante Plan + Provincia 2024, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024.

Mediante acordo da Xunta de Goberno, núm.7.33834, de data 24/05/2024, concedeuse ao Concello de Vila de Cruces no marco do Plan +Provincia 2024 liña 1, polo procedemento de concorrência non competitiva, unha subvención por importe de 67.760,00 euros con destino ao financiamento do investimento “MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO TRAVESÍA VÁZQUEZ Nº4” Exp.2024022863, cun orzamento de 67.760,00 euros.

En data 01/12/2025, ten entrada no rexistro da Deputación (WEB2025082312), instancia xenérica do concello de Vila de Cruces na que solicita a tramitación do proxecto modificado do investimento “MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO TRAVESÍA VÁZQUEZ Nº4”, cun orzamento de 73.098,68 euros.

Detectadas incongruencias na redacción do proxecto modificado, en data 03/12/2025 o Concello mediante rexistro WEB2025083181, solicita a tramitación do novo proxecto modificado asinado o 02/12/2025, cun orzamento de 73.461,12 euros.

Revisada a documentación, a solicitude cumpre os requisitos esixidos na base 32ª do Plan + Provincia 2024 liña 1; contando co informe de supervisión favorable do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/12/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF)



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL)
- Bases de execución do vixente orzamento provincial
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2024
- Acordo do Pleno da Corporación Provincial 5.8542 de 28/11/2025
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2024 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

Acordo do Pleno da Corporación Provincial núm. 5.8542, de 28/11/2025 que modifica a base Reguladora 34ª do Plan +Provincia 2024 Liña 1, no referente a prazo de execución dos investimentos e xustificacións das subvencións.

Base 32ª reguladora do Plan +Provincia 2024 liña 1, relativa os excesos de medición e modificación dos contratos, que dispón que se durante a execución das obras xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na normativa de contratación, e redactar un proxecto modificado.

Ase mesmo a base 32ª contempla que cando o proxecto modificado implique un incremento de custo con respecto ao inicial, o Concello empregará a baixa obtida na adxudicación do contrato no financiamento do modificado, de contar con ela.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do



facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 11/12/2025, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 11/12/2025, que conclúe favorablemente a tramitación do proxecto modificado, e do informe da Intervención Provincial, de data 15/12/2025 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Autorizar o modificado do proxecto da obra “MELLORA DO ESPAZO PÚBLICO TRAVESÍA VÁZQUES Nº4” (Expte.2024022863), aos efectos de que o investimento incluído no Plan +Provincia 2024, poida ser executado nos termos establecidos polo concello de Vila de Cruces, cun orzamento de execución a prezo de adxudicación de 70.706,33 euros, o que supón con respecto ao inicial, un incremento de 5.487,33 euros. A baixa obtida na adxudicación do contrato, que ascende a 2.541,00 euros, se empregará no financiamento do devandito proxecto modificado, asumindo o Concello o importe restante, quedando o financiamento da devandita obra tal e como se reflicte no seguinte táboa:

Orzamento a prezo de adxudicación	Subvención Plan +Provincia 2024	Achega Concello
70.706,33€	67.760,00€	2.946,33€

- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Vila de Cruces*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

30.35906.- SUSPENSIÓN EXECUCIÓN CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-1202 SEIXO-SAN TOMÉ DE PIÑEIRO, DENDE O P.Q. 0+800 AO P.Q. 3+050 (CONCELLO DE MARÍN)". (EXPTE. 2024059095).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/07/2025 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L., (CIF B-36147429) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)”, por un importe de 536.961,92 € IVE incluído, e un prazo de execución de TRES (3) MESES.

Resultando.- Que con data 01/10/2025 formalizouse entre o contratista e o director de obra, acta de comprobación de replanteo establecéndose nese intre coma data para finalizar a obra o día 01/01/2026.

Resultando.- Que con data 01/12/2025, formalizouse entre a directora da obra e o contratista, acta de paralización total das obras, quedando nese intre UN (1) MES para a finalización do prazo de execución. Recolle a acta o seguinte: “...Debido á necesidade por parte do Concello de Marín de renovar as tubaxes de abastecemento de auga coincidentes no tramo das cunetas proxectadas, polo que é necesario realizar previa á execución das cunetas a canalización de abastecemento...”

Resultando.- Que recolle a acta de paralización que a porcentaxe de obra executada é do 20,05 %, quedando unidades pendentes de executar por un importe de 429.295,56 €. Xunto coa acta xuntouse medición da obra executada.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 4M8XARPWBK5SOC1C, informe do xefe de Servizo de Contratación, que recolle o seguinte: “...*Polo recollido na xustificación dos motivos da suspensión efectuada pola directora*”



de obra, dedúcese que non se pode estimar un prazo para continuar coa execución da obra, debido a que previo á execución das cunetas proxectadas, o Concello de Marín debe de renovar ás tubaxes de abastecemento de auga, coincidentes coas cunetas. En base ó recollido pola directora de obra na acta de paralización, cumpriría autorizar a suspensión da execución deste contrato, en tanto non se subsanen as causas que deron lugar á suspensión. Solventadas as incidencias, deberase formalizar un acta de reinicio das obras, quedando nese UN (1) MES para a finalización do prazo de execución....”

Considerando.- Que o artigo 190 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establece no seu primeiro parágrafo que “...dentro dos límites e con suxección ós requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezga o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ó contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta...”

Considerando.- Que o artigo 208.1 da LCSP establece que: “...se a Administración acordase a suspensión do contrato o aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5, extenderase unha acta, de oficio ou a solicitude do contratista, na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución de aquel...”

Considerando.- Que o artigo 103 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas recolle o seguinte: “1. A acta de suspensión a que se refire o artigo 102 da Lei, será firmada por un representante do órgano de contratación e o contratista (...). 2. No contrato de obras a acta a que se refire o apartado anterior será tamén firmada polo director de obra, debendo unirse á mesma como anexo, en relación coa parte ou partes suspendidas, a medición de obra executada e os materiais acopiados a pe de obra utilizables exclusivamente nas mesmas. Dito anexo deberá incorporarse no prazo máximo de dez días hábiles conforme á regra de cómputo establecida no apartado anterior, prorrogable excepcionalmente ata un mes, tendo en conta a complexidade dos traballos que inclúe...”

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Suspender totalmente a execución do contrato de obras “Mellora da seguridade viaria na EP-1202 Seixo-San Tomé de Piñeiro, dende o P.Q. 0+800 ao P.Q. 3+050 (Concello de Marín)” con efectos dende o 01/12/2025

Solucionadas as causas que deron lugar á suspensión da execución desta obra, formalizarase entre o contratista e o director de obra acta de reinicio, quedando nese intre UN (1) MES para finalizar a obra.

31.35907.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-5005 DENDE O P.Q. 11+980 AO P.Q. 12+550 (CONCELLO DE CRECENTE)". (EXPTE. 2024057098).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 13/06/2025 acordou adjudicar á empresa NAROM, S.L., o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)”, por un importe de 222.537,24 € IVE incluído, e un prazo de execución de SEIS (6) MESES.



Resultando.- Que Con data 03/07/2025 formalizouse entre a directora de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 03/01/2026.

Resultando.- Que con data 03/12/2025 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REXWEB2025076455), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de 45 días, debido a que as condicións climatolóxicas acontecidas son incompatibles coas unidades de obra que quedan por executar.

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: KMT'ZEEVNV4LKHKXQ informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: "...O proxecto construtivo contempla escavación en desmonte en todo tipo de terreos ao longo de toda a traza. A aparición, nos terreos a desmontar, de unha porcentaxe de rocha superior á prevista diminuíu os rendementos medios. Esta mingua nos rendementos dilatou en 15 días naturais os prazos previstos para a consecución de esta actividade que, sendo camiño crítico, repercute no retraso global do prazo de execución da obra. Tendo en conta o anterior tiveron que retrasarse o resto das actividades, sendo as últimas unidades a executar o formigonado e o asfaltado. A maiores, axuntase informe de meteogalicia onde se pode comprobar que dende o 20/10/2025 ata o 11/12/2025 houbo 40 días naturais de choiva, corroborando o indicado pola empresa contratista. En virtude das causas alegadas polo contratista, esta dirección facultativa entende que está xustificada a concesión da ampliación do prazo de execución deste contrato polo tempo solicitado, non sendo causas imputables ao contratista. Non existen afeccións ao proxecto, nin a outras condicións de execución, nin ao prezo que impliquen a necesidade de modificación contractual máis alá do prazo sinalado..."

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, o Secretario da Deputación e o Interventor (CSV) JRDEL ZTKZJ817262GM4K3, no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente, autorizando a ampliación do prazo de execución en CORENTA E CINCO (45) DÍAS, sendo a data de finalización deste contrato o 17/02/2026.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: "...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva..."

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: "...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor..."

Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: "1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración..."



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

- Conceder á empresa NAROM, S.L. unha ampliación de prazo de CORENTA E CINCO (45) DÍAS, na execución do contrato de obras “Mellora da mobilidade peonil na EP-5005 dende o P.Q. 11+980 ao P.Q. 12+550 (Concello de Crecente)” establecendo coma data para finalizar a obra o día 17/02/2026, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.

32.35908.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2026). (EXPTE. 2025074584.)

Tendo en conta que a relevancia do tecido asociativo como ferramenta de integración social e de participación nos asuntos públicos está recoñecida tanto pola Constitución como polo ordenamento xurídico, resulta evidente que as asociacións desempeñan un papel esencial nos distintos ámbitos da vida social. A súa actividade contribúe ao exercicio activo da cidadanía e ao fortalecemento dunha democracia avanzada, ao tempo que representan os intereses da cidadanía ante os poderes públicos e desenvolven unha función imprescindible en áreas como o desenvolvemento local, o medio ambiente, a promoción dos dereitos humanos, a xuventude, a saúde pública, a cultura, a creación de emprego, entre outras de natureza similar. Para apoiar esta labor, a normativa vixente prevé a concesión de axudas e subvencións por parte das distintas administracións públicas, de acordo co marco legal e regulamentario xeral e coas disposicións específicas que se establezan.

En base ao exposto, propónse a creación dunha liña de subvencións mediante a cal a Deputación de Pontevedra se compromete a apoiar, no cumprimento dos seus obxectivos, ás asociacións de veciños e ás asociacións de mulleres rurais da provincia.

Considerando que, á vista da necesidade existente, se elaboran as Bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do Programa de Acción Comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Plan Provincia Comunitaria 2026), como medida de fomento destinada a apoiar ás asociacións de veciños e ás asociacións de mulleres rurais da provincia, no exercicio das competencias atribuídas á Deputación por lei. En particular, de conformidade co disposto nos artigos 25 e 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; no artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos; así como na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que habilita nos seus artigos 255 e 256 ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, e no artigo 72 da Lei reguladora das bases do réxime local, que establece a obriga das corporacións locais de favorecer o desenvolvemento do asociacionismo veciñal e facilitarlle o acceso a medios públicos e a axudas económicas para a realización das súas actividades.



Considerando que a finalidade destas axudas é mellorar a calidade de vida no ámbito local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal e a cohesión social, mediante a promoción de investimentos que contribúan a dar resposta ás necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Considerando que estas bases e a súa correspondente convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, destinadas a financiar os gastos derivados de investimentos realizados polas asociacións da provincia de Pontevedra que cumpran os requisitos para ter a condición de entidades beneficiarias.

Considerando que as bases establecen os criterios de distribución do crédito dispoñible mediante un procedemento de concorrència competitiva e garanten a seguridade xurídica do proceso de concesión e xustificación das subvencións públicas, asegurando así a obxectividade que debe presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento destas subvencións se realizará con cargo a fondos propios da Deputación, con consignación no orzamento do exercicio 2026, de conformidade co disposto no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei Xeral de Subvencións, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2025074584; vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación (CSV: ISQTTNBG5LVO41D1), da Secretaría Xeral (CSV: A60285Q4JS8SL03Y) e da Intervención Provincial (CSV: CR14K9N579B5CGYD), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a memoria explicativa dos obxectivos, custos de realización e fontes de financiamento do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Plan provincia comunitaria 2026), co tenor literal que se contén no documento con CSV: 53PLPEUTE98ZSPJZ.
2. Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Plan provincia comunitaria 2026), financiada pola Deputación de Pontevedra e aprobar o gasto por importe de un millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00) de euros, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais, condicionado á aprobación definitiva do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo.

As ditas bases e convocatoria apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSV: 8WYN6E8QCA1BTW0Q.



3. Ordenar a súa publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2026)
--

ANTECEDENTES

Tras a excelente acollida obtida polos programas de axudas a asociacións de veciños, e asociacións de mulleres rurais nas convocatorias correspondentes aos exercicios 2024 e 2025 (Plan Provincia Comunitaria 2024 e Plan Provincia Comunitaria 2025), nas que se presentaron preto de seiscentas solicitudes, o Goberno provincial manifesta a súa vontade de dar continuidade a esta liña de actuación e reforzar o apoio económico destinado a estas entidades. Con este obxectivo, prevese no orzamento do ano 2026 un incremento específico das partidas orzamentarias dirixidas a financiar este programa.

Tamén influíu na decisión o feito de que se constatou a forte presenza destas entidades na provincia e a necesidade de reforzar as accións de fomento neste ámbito. Ademais, hai unha gran demanda de investimentos por parte destas entidades.

Por todo isto, esta liña de actuación busca ser unha ferramenta para impulsar a cohesión territorial, a sostibilidade ambiental e a habitabilidade humana, cun enfoque centrado nas comunidades veciñais e nos espazos que normalmente son máis vulnerables á desigualdade territorial. O obxectivo é destacar a necesidade de vertebrar o territorio e xerar sinerxías positivas, especialmente nas zonas rurais, implicando á veciñanza na construción do seu propio modelo de vida, baseado en calidade, sostibilidade e equidade na prestación de servizos.

Con este propósito, a Deputación asume a responsabilidade de dar resposta ás necesidades das entidades veciñais e comunitarias, activando unha liña de axudas a través do plan provincia comunitaria 2026, dirixida a asociacións de veciños e de mulleres rurais, cos seguintes obxectivos xerais:

- A mellora do medio rural e barriadas urbanas mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, que permita ós seus habitantes unhas adecuadas condicións de vida.
- Desenvolvemento das propias asociacións co obxecto de aumentar a súa capacidade de xestión e resolución de problemas, fomentar a súa participación nos distintos ámbitos de actuación e propiciar a súa sustentabilidade.
- Contribuír á mellora da calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo e o desenvolvemento comunitario.



- Mellorar as infraestruturas e equipamentos comunitarios para facilitar a autoxestión das asociacións, favorecendo a transformación social do territorio de xeito integrador e colaborativo.
- Contribuír á implantación homoxénea en todo o territorio provincial de servizos comunitarios básicos que redunden na mellora da calidade de vida da veciñanza.

De forma complementaria, esta liña de acción créase con un enfoque centrado tamén nos principios e obxectivos do reto demográfico, de xeito que contribúan a:

- Impulsar a vertebración do territorio, garantindo o equilibrio e a cohesión territorial, desde o punto de vista da funcionalidade e a ampliación das posibilidades vitais para a poboación.
- Garantir a igualdade no acceso a servizos e oportunidade.
- Favorecer a funcionalidade territorial.
- Reducir a vulnerabilidade socio-territorial.
- Mellorar a relación e interaccións entre o medio urbano e rural.
- Incorporar fórmulas novas, innovadoras e transformadoras para activar as oportunidades no territorio.
- Perfeccionar os mecanismos de gobernanza multinivel e multiactor.

INTRODUCCIÓN

A forte implantación do asociacionismo veciñal na provincia de Pontevedra, con máis de mil asociacións inscritas no rexistro público autonómico, reflicte a importancia deste tecido asociativo como ferramenta de integración social e participación cívica. As asociacións desempeñan un papel crucial en múltiples ámbitos da actividade social, desde a defensa dos dereitos humanos até a promoción do desenvolvemento, o medio ambiente, a cultura, a saúde pública e a creación de emprego, entre outros. A súa presenza activa contribúe a consolidar unha democracia avanzada e favorece un exercicio dinámico da cidadanía.

Por iso, a Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, busca potenciar o seu papel na sociedade, destinando recursos importantes á actividade de fomento mediante axudas económicas ás asociacións veciñais da provincia. Estas axudas están orientadas á promoción de investimentos e á mellora de equipamentos e servizos considerados de interese público, co fin de apoiar o cumprimento dos obxectivos das propias asociacións e fomentar a participación cidadá.

A actividade de fomento está amparada tanto constitucionalmente como legalmente, xa que as leis permiten o outorgamento de axudas e subvencións polas administracións públicas para apoiar este tipo de iniciativas. Con iso, a Deputación de Pontevedra busca dinamizar as actividades de interese xeral, beneficiando á colectividade e mellorando a calidade de vida das persoas que viven nas zonas onde se desenvolven.

O artigo 232 do Real Decreto 2568/1986, que regula a organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, establece de forma explícita a posibilidade de conceder subvencións ás asociacións de veciños para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais das veciñanzas, así como para sufragar os seus gastos xerais e as actividades que estas realicen. Esta subvención é posible sempre que os recursos orzamentarios o permitan, e en función das prioridades fixadas polas administracións públicas. Así, as asociacións veciñais



teñen un marco legal que lles permite acceder a apoios financeiros para desenvolver o seu labor e garantir que se dean respostas ás necesidades da cidadanía nas distintas comunidades. Este marco tamén busca apoiar ás asociacións en función da súa labor social e da súa capacidade de xestionar recursos de interese común.

Por outra banda, a Lei de Administración Local de Galicia (5/1997), nos artigos 255 e 256, habilita ás asociacións veciñais para a defensa dos intereses veciñais, sociais ou sectoriais, subliñando a importancia deste tipo de organizacións na vertebración do tecido social e comunitario. Neste contexto, os concellos teñen a responsabilidade de fomentar e promover o desenvolvemento das asociacións, asegurándose de que teñan o apoio necesario para funcionar e seguir desenvolvendo proxectos de interese xeral. A implicación activa das asociacións no proceso de toma de decisións locais é fundamental para afianzar a democracia participativa e para garantir que se teñan en conta as necesidades específicas das comunidades en que operan.

A Lei 7/1985, no seu artigo 25, tamén establece que os concellos teñen competencia para promover actividades e prestar servizos públicos que satisfagan as necesidades e aspiracións das comunidades veciñais, de acordo coas características locais e as prioridades identificadas nas mesmas. No marco das súas competencias, as asociacións veciñais teñen un papel esencial na organización e xestión de actividades comunitarias, como a promoción de instalacións culturais, equipamentos de tempo libre, programas de saúde e benestar e outras iniciativas que favorezan o enriquecemento social e cultural das localidades. A súa implicación no desenvolvemento de programas sociais e culturais é crucial para a cohesión social e para mellorar a calidade de vida da cidadanía.

A Devolución dos servizos públicos aos veciños, en especial aqueles que impactan directamente no benestar das persoas, é outra das funcións fundamentais que desempeñan as asociacións veciñais. A súa acción permite detectar carencias, promover melloras e ofrecer alternativas ante os problemas que afectan a comunidade.

Neste contexto, a Deputación de Pontevedra, que ten competencias de cooperación e asistencia aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica, tamén desempeña un papel crucial na potenciación do asociacionismo veciñal e no fomento de proxectos de desenvolvemento local e social.

Segundo o artigo 36.1.b) da Lei 7/1985, as deputacións teñen a responsabilidade de garantir o equilibrio intermunicipal, prestando a asistencia xurídica, económica e técnica necesaria aos concellos, para que poidan xestionar os servizos públicos de forma eficiente e adecuada. A Deputación tamén ten a tarefa de fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia, apoiando aos concellos na mellora da súa infraestrutura e na creación de programas sociais que favorezan o benestar e a cohesión entre as distintas localidades.

A través deste marco competencial, a Deputación de Pontevedra actúa como un motor de solidariedade e cohesión territorial, apoiando de maneira especial as comunidades de menor capacidade e as asociacións veciñais que contribúen ao desenvolvemento social. O apoio ás asociacións veciñais non só fortalece o asociacionismo, senón que tamén fomenta a participación cidadá, permitindo que as persoas se involucren directamente na toma de decisións que afectan ao seu entorno. Este enfoque promove unha cidadanía activa e comprometida, que é fundamental para o avance dunha democracia participativa e para a cohesión social e territorial en toda a provincia.



En resumo, a Deputación de Pontevedra, ao ofrecer axudas económicas ás asociacións veciñais, xoga un papel clave na vertebración territorial da provincia, garantido que todos os concellos, especialmente os máis pequenos ou os que se atopan en situacións de dificultade, teñan acceso aos recursos necesarios para fomentar actividades de interese social, promovendo servizos públicos de calidade e garantindo unha mellora continua na prestación de servizos básicos. Esta actuación contribúe ao desenvolvemento sostible da provincia e á cohesión social entre os distintos territorios que a conforman.

BASES

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto, finalidade e actuacións subvencionables

1.1 Constitúe o obxecto destas bases a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, no marco do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (plan provincia comunitaria 2026), para sufragar os gastos derivados de investimentos realizados polas asociacións da provincia de Pontevedra que reúnan os requisitos para ser entidades beneficiarias, e convocar estas subvencións para o ano 2026.

1.2 A finalidade das axudas é a de contribuír a mellorar a calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo veciñal e a cohesión social, mediante a promoción de investimentos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

1.3 Actuacións subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados de investimentos e equipamentos, todos eles orientados ao cumprimento dos fins das entidades solicitantes e ó seu funcionamento ordinario, cuxa execución se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2026 ata o fin do prazo de execución regulado nestas bases, e sempre que estean destinados a algunha das seguintes intervencións:

a) EXECUCIÓN DE OBRAS:

Gastos derivados de investimentos en inmobles ou terreos de titularidade da entidade solicitante ou sobre os que teñan un dereito de uso por convenio ou por calquera outro título válido en dereito cunha duración mínima de 5 anos, de conformidade co disposto na base cuarta, a contar desde a finalización do prazo para a presentación de solicitudes ao abeiro desta convocatoria, consistentes en:

- Obras de mellora dos locais sociais en que a entidade veciñal desenvolva a súa actividade.
- Obras de mellora doutras infraestruturas, equipamentos e espazos en que a entidade veciñal desenvolva a súa actividade.
- Obras de novas infraestruturas, equipamentos e espazos que se vaian destinar ao cumprimento dos fins da entidade veciñal.



b) **ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS:**

Gastos derivados de equipamentos necesarios para o funcionamento da entidade solicitante, consistentes en:

- Adquisición de equipamento e mobiliario básico para os locais sociais ou outros inmobles nos que se desenvolva a actividade, que resulten necesarios para o funcionamento ordinario da entidade, integrado por mobiliario, equipamentos de oficina, equipamento informático ou equipamento acústico e audiovisual.
- Adquisición doutro equipamento ou mobiliario necesario para o funcionamento e posta en marcha de actividades específicas da entidade veciñal.

c) **GASTOS DERIVADOS DA XESTIÓN DE SOLICITAR E TRAMITAR A SUBVENCIÓN,** ata o límite de seiscentos (600,00 €) euros .

d) **GASTOS DERIVADOS DO PAGAMENTO DE TAXAS,** ata o límite de seiscentos (600,00€) euros, para a obtención das preceptivas autorizacións, licenzas, declaracións responsables ou permisos.

e) **TRABALLOS DE DESBROCE E LIMPEZA DE TERREOS** que non sexan parte necesaria dos traballos previos dunha obra. Estes traballos previos non poderán ser a parte principal da execución, estando limitados a un 25% do total do orzamento.

En calquera caso, só serán subvencionables as actuacións operativas, é dicir, aqueles investimentos que conteñan os elementos necesarios para acadar a finalidade para a cal foron deseñadas.

Todos os gastos deberán corresponderse con investimentos realizados dentro do prazo de execución establecido nestas bases.

Os gastos notariais e rexистраis, así como os de redacción de memoria ou proxecto serán subvencionables se están directamente relacionados co investimento subvencionado e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

1.4 Actuacións NON subvencionables:

- a) **GASTOS CORRENTES** das entidades, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alugueiros de locais e similares, nin tampouco vehículos e teléfonos móbiles, nin bens de alta gama que non xustifiquen expresamente a súa utilización preferente sobre outros dispoñibles no mercado.
- b) **GASTOS** referidos a vestuario e material téxtil, vaixelas, menaxe, mantelería e similar, tampouco será subvencionable o material destinado a actividades cun valor unitario inferior a corenta (40,00 €) euros **IVE INCLUÍDO**.
- c) Traballos ou actuacións que se correspondan con meras reparacións, traballos de conservación ou gastos de mantemento.
- d) Gastos sobre actuacións en novas infraestruturas e equipamentos ou sobre os xa existentes cando non se dispoña da titularidade ou dun dereito de uso que as ampare, de conformidade co expresado nestas bases, ou cando non garden unha relación directa coa entidade solicitante.
- e) Non se admitirán gastos que non respondan á natureza da actividade subvencionada de maneira indubitada e que non resulten estritamente necesarios.



En ningún caso o custo de adquisición ou execución dos investimentos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. De non considerarse que os prezos son razoablemente de mercado, requirirase aos interesados para emenda ou aclaración da adaptación dos prezos ao mercado. Todas as unidades de obra ou elementos de gasto que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables. De persistir a falta de adaptación razoada aos prezos de mercado, a Deputación procederá a desestimación da solicitude presentada, previa resolución motivada por parte do órgano competente acorde ó indicado nos artigos 31.1 e 33 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para acreditar os prezos medios de mercado aos que se refire o devandito artigo 33, poderán empregarse bases de prezos de aplicación contrastada e recoñecida solvencia, actualizadas, como poden ser a Base de datos da construción de Galicia e/ou Bases de prezos das diferentes administracións e empresas públicas.

A entidade solicitante deberá xustificar adecuadamente que a actuación está amparada polos correspondentes permisos, autorizacións, declaracións responsables ou licenzas, que se corresponde con algunha das actuacións subvencionables e que se realiza integramente no territorio provincial, para o cal a Deputación solicitará cantos documentos e aclaracións considere pertinentes. De non considerarse suficientemente acreditado o cumprimento desta circunstancia, a Deputación poderá desestimar a solicitude, previa resolución motivada por parte do órgano competente.

Segunda. Natureza xurídica

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e do artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS), as axudas que se arbitren a favor das entidades beneficiarias no marco desta liña de axudas, para o programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (Plan provincia comunitaria 2026), terán o carácter de subvencións e rexeranse pola seguinte normativa:

- Lei xeral de subvencións, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento.
- Lei de subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.
- Artigos non básicos da LXS e normativa de desenvolvemento.
- Lexislación de réxime local estatal e autonómica.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Bases de execución do orzamento, sobre todo nos aspectos orzamentario e contable
- Convocatoria e bases reguladoras destas.
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2026 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.



Cuarta. Entidades beneficiarias

- 1 Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases as asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra que estean legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia (central ou provincial). As entidades deberán conter na súa denominación a identificación como asociación de veciños, federación, confederación ou unión de asociacións de veciños ou como asociación de mulleres rurais, segundo o caso.
- 2 Para obteren a condición de beneficiarias, as asociacións deberán cumprir, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:
 - Ter domicilio social na provincia de Pontevedra.
 - Estar legalmente constituídas e debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia (central ou provincial) con anterioridade á data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
 - No caso de execución de obras, ter a titularidade ou o dereito de uso sobre os terreos ou inmobles sobre os que se vaia realizar o obxecto subvencionable, sitos na provincia de Pontevedra, cunha duración mínima de cinco anos a contar desde o fin da data de presentación de solicitudes. Nos supostos de cesión do uso, unicamente se admitirán como subvencionables cando sexan de titularidade de administracións públicas ou comunidades de montes. Non se admitirán contratos de aluguer, nin cesións onerosas ou gratuítas, doutras persoas físicas ou xurídica de carácter privado. Quedan expresamente excluídas as cesións de uso ou disposición que teñan por obxecto bens de dominio e uso público, tales como vías públicas, camiños, rúas, prazas, parques, xardíns, zonas verdes, espazos libres ou calquera outro ben integrante do dominio público, por non ser legalmente susceptibles de cesión, de conformidade coa súa natureza.
 - No caso de que se acredite ter a titularidade ou o dereito de uso cunha duración inferior, deberase aportar o compromiso de obter antes do fin do prazo de xustificación a prórroga polo prazo pendente ata completar o mínimo esixido. De non acreditarse o cumprimento desta circunstancia no momento da xustificación, considerarase unha causa de perda da subvención.
 - Cumprir os requisitos recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións.
 - Acreditar estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación de Pontevedra. O cumprimento deste requisito deberá estar referido ao momento do fin do prazo de solicitudes.
- 3 Ningunha entidade poderá presentar máis dunha solicitude ao abeiro desta convocatoria de axudas, aínda que se refira a actuacións distintas. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas en segundo lugar ou sucesivo lugar.

Quinta. Financiamento

A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.



A contía inicial máxima poderá ampliarse como consecuencia da existencia de remanentes na convocatoria correspondente do Programa de axudas a comunidades de usuarios de auga da Deputación de Pontevedra (+AQUA 2026), financiado con cargo á aplicación 2026/942.4590.789.07.

O incremento de crédito condiciónase a existencia de crédito dispoñible como consecuencia da circunstancia referida e aprobación, no seu caso, da modificación orzamentaria correspondente. Esta modificación deberá levarse a cabo antes do 31 de decembro de 2026.

O órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria sen que dita publicidade implique a apertura de prazo para presentación de novas solicitudes nin inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

No caso de que o importe destinado a esta convocatoria non se esgotase no momento da concesión, o crédito declarado dispoñible poderase empregar, de xeito adicional, para a concesión doutras subvencións a solicitudes en lista de agarda do Programa de axudas a comunidades de usuarios de auga da Deputación de Pontevedra (+AQUA 2026).

Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo. O importe desta ampliación dependerá do volume de solicitudes presentadas, co límite máximo dun millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00 €) adicionais e quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito a consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A Deputación de Pontevedra publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

Sexta. Criterios de concesión e contía das subvencións

6.1. As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrència competitiva, de acordo cos principios establecidos no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A axuda económica que se conceda poderá abarcar a totalidade do investimento solicitado cun máximo de DEZ MIL (10.000,00 €) euros e un mínimo de SEIS MIL (6.000,00 €) euros por entidade beneficiaria. Unicamente se concederá unha axuda por entidade.

Aplicaranse os seguintes criterios e baremos para a valoración das solicitudes, que poderán obter un máximo de 35 puntos:

- a) Calidade da memoria.- por conter todos os apartados enumerados a continuación e describirse de forma detallada, completa e clara de maneira que se aprecien claramente os requisitos e aspectos a valorar (ata 17 puntos):
 - Por conter as medicións que se inclúan no orzamento explicitadas e desagregadas. No caso de ser obras atoparanse definidas en planos e esquemas, de forma que sexa posible a súa comprobación e cálculo, permitindo o seu replanteo e a análise da súa realidade xeométrica. No caso de ser subministros as unidades virán definidas polo detalle da actividade a que se destinarán, os participantes previstos e de ser o caso, as



actividades semellantes feitas con anterioridade. A puntuación de este apartado valorarase atendendo á distribución de obra-subministro na solicitude : 6 puntos (no caso de conter descrições parciais ou incompletas abrangendo como mínimo o 50% do orzamento: 3 puntos).

- Por conter unha correcta xustificación de que o coste de adquisición dos gastos subvencionables non é superior ó valor de mercado. Será válida calquera metodoloxía que permita mostralo , tanto as indicadas no artigo 33 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións como mostrar un valor medio de mercado a través de recompilacións dos prezos do/s elemento/s a xustificar en diversos establecementos comerciais, uso de bases de prezos actualizadas e de contrastada solvencia, desagregado en unidades doadamente estimables, xustificación de rendementos... etc.: 6 puntos (no caso de conter descrições parciais ou incompletas abrangendo como mínimo o 50% do orzamento: 3 puntos).
- Por conter un detalle desagregado da man de obra, nas obras subvencionables, no caso de que esta non estea incluída nunha unidade de obra, que permita imputar a mesma a cada unha das obras elementais ou gastos da solicitude. No caso de man de obra incluída en unidades de obra, por conter unha explicitación dos rendementos con suficiente detalle que permita entender o alcance da mesma, incluíndo o número de horas por unidade: 5 puntos (no caso de conter descrições parciais ou incompletas a puntuación será de 2 puntos, abrangendo como mínimo o 50% do orzamento).

b) Pola representatividade da entidade solicitante, en función do número de membros da asociación, acreditado mediante certificación emitida pola persoa secretaria da entidade actualizada con data comprendida como máximo desde os tres meses anteriores á data de apertura da convocatoria (ata 10 puntos):

- Máis de 200 membros: 10 puntos.
- Entre 151 e 200 membros: 8 puntos.
- Entre 101 e 150 membros: 6 puntos.
- Entre 51 e 100 membros: 4 puntos.
- Entre 11 e 50 membros: 3 puntos.
- Entre 5 e 10 membros: 2 puntos.

c) Pola corresponsabilidade financeira, entendida como as achegas realizadas polos membros da Asociación, que se acreditará coa certificación do secretario da entidade das cotas dos membros, xustificantes dos ingresos da última anualidade vencida ou documentos análogos que permitan a comprobación, puntuarase do seguinte xeito (no caso de existir cotas de diferente importe por socio/a, cotas familiares ou similares, considerarase a media aritmética por socio/a, é dicir a suma total das cotas dividido entre o número total de socios/as), (ata 5 puntos):

- Cota de máis de 80 euros ao ano: 5 puntos.
- Cota de entre 51 e 80 euros ao ano: 4 puntos.
- Cota de entre 26 e 50 euros ao ano: 3 puntos.



- Cota de entre 10 e 25 euros ao ano: 2 puntos.
- Cota de menos de 10 euros ao ano: 1 punto.
- Cota de cero euros ao ano 0 puntos.

d) Impacto territorial no cumprimento dos obxectivos de reto demográfico -en función do índice de envelhecimento da poboación do concello onde ten o domicilio social a entidade solicitante, de conformidade aos datos publicados polo IGE - Instituto Galego de Estatística-, vixentes no momento da publicación destas bases (ata 3 puntos):

- Maior de 300: 3 puntos.
- Entre 101 e 300: 2 puntos.
- Menor ou igual a 100: 1 punto.

As subvencións para cada investimento poderán alcanzar ata o 100% do orzamento, tendo en conta que a axuda non poderá superar o importe máximo asignado ao orzamento na solicitude. En todo caso, a entidade beneficiaria terá a obriga de asumir o cofinanciamento pola parte que exceda o importe da axuda.

Os investimentos subvencionables deben de constituír o ámbito material de competencias das entidades beneficiarias que, se o consideran oportuno, poderán asignar recursos orzamentarios propios á mesma finalidade.

6.2. Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran os requisitos e condicionantes establecidos nestas bases e demais normativa aplicable en materia de subvencións.

O cumprimento destas circunstancias acreditarase mediante a achega da documentación necesaria correspondente, segundo o caso, e deberá estar referido, a máis tardar, con respecto á data de finalización do prazo de presentación de solicitude. A Deputación resérvase a potestade de requirir as aclaracións necesarias naqueles casos que non permitan dilucidar con claridade o seu cumprimento. Non obstante, os aspectos baremables no apartado a) serán valorados en relación á documentación achegada na fase de presentación de solicitudes, é dicir, que non se terá en conta a efectos da súa valoración a súa emenda posterior.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Sétima. Procedemento de concesión

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefatura do Servizo de Cooperación cos Municipios

2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:

- a) Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instructor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de 10 días hábiles. As emendas achegadas non poderán en ningún caso introducir unidades de obra novas, actuacións adicionais nin modificacións substanciais no proxecto, nin alterar ou substituír os orzamentos inicialmente presentados, salvo correccións de erros materiais ou aritméticos.



- b) Unicamente serán admisibles as correccións de erros materiais ou aritméticos que non impliquen variación do contido esencial do proxecto, do alcance das actuacións nin dos importes valorados.
- c) Petición de informes: o órgano instructor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais sobre os proxectos presentados a efectos de avaliar, de xeito motivado, o cumprimento dos criterios que se deben ter en conta segundo estas bases. No mesmo informe ou en informes técnicos adicionais, incluírase a relación detallada dos permisos, declaracións responsables ou autorizacións sectoriais para a execución dos investimentos referindo os que son achegados xunto coa solicitude e aqueles que, por falta de achega, deberán ser remitidos e revisados no momento da xustificación. Así mesmo, incluírase a valoración xustificada e motivada dos criterios técnicos avaliábeis para a concesión, salvo que non sexa necesaria por existir crédito suficiente.
- d) Informe-proposta da xefatura do Servizo de Cooperación, no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrante que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda. En casos de empate, resolverase por sorteo, de cuxa celebración se levantará acta que se incorporará ao expediente. No suposto de que o número total de solicitudes presentadas supoña un importe a subvencionar total que non exceda o importe máximo consignado para este programa, non será necesario proceder á valoración das solicitudes, sendo unicamente procedente a verificación do cumprimento dos requisitos xerais de subvencionabilidade establecidos nestas bases.
- e) Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.
- f) Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de Avaliación, da que a secretaria ou secretario redactará a acta. A Comisión de Avaliación estará formada polos seguintes membros ou as persoas que se designen como os seus suplentes:

Presidencia:

- O deputado delegado de Acción Comunitaria.

Vogais:

- Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios.
- Unha técnica ou técnico do Servizo de Arquitectura.
- Unha técnica ou técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Unha técnica ou técnico da Intervención Provincial.



Secretaria ou secretario:

- Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación, funcionaria ou funcionario de carreira con titulación superior.
- g) Con carácter previo á proposta de resolución definitiva, o órgano instructor poderá elevar proposta de resolución coa relación de solicitudes excluídas, expoñendo os motivos da exclusión, para que o órgano competente resolva e se lle notifique aos interesados co fin de que poidan aducir alegacións e aportar os documentos ou outros elementos de xuízo que consideren nun prazo de 10 días hábiles e que serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución definitiva.
- h) Proposta de resolución definitiva, que se elevará ao órgano competente para a súa aprobación. De producirse algún cambio con respecto á resolución provisional, este deberá ser informado pola intervención provincial.
- i) Resolución do órgano competente, de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os 6 meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar os potenciais beneficiarios lexitímaos para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada a resolución de concesión, entenderase aceptada polas entidades beneficiarias salvo que estas a rexeiten expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

4. As solicitudes que conteñan toda a documentación válida para a concesión das subvencións pero que non obteñan subvención por esgotarse o crédito dispoñible para este programa, quedarán en lista de agarda e poderán obter financiamento segundo o disposto na base Quinta.

Oitava. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

8.1 Forma de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

As solicitudes deberán estar debidamente cubertas, especificando a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, e deben conter todos os datos da asociación solicitante que serán os que se empreguen por parte do servizo instructor en todo o procedemento a efectos de comunicación e notificación.



As ditas solicitudes deberán ser aprobadas mediante o acordo do órgano competente da entidade solicitante, en data posterior á publicación destas bases, onde se indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación.

Sinatura electrónica obrigatoria dos documentos

A solicitude, así como todas as declaracións responsables, certificados, compromisos e demais documentos que impliquen manifestación de vontade, responsabilidade ou obriga por parte da Asociación, deberán estar asinados electronicamente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

Non se admitirán:

- Sinaturas manuscritas insertadas/escaneadas.
- Sinaturas efectuadas por terceiros que non teñan representación substantiva na asociación.
- Sinaturas realizadas por xestores ou por profesionais intermediarios, salvo que acrediten poder específico para iso.

Presentación electrónica a través dun representante (xestoría)

A asociación poderá designar unha xestoría, asesoría ou profesional autorizado para presentar telemáticamente:

- A solicitude.
- A documentación achegada.
- As emendas ou requirimentos.
- As notificacións electrónicas, se así se autoriza.

A representación conferida á xestoría é meramente para efectos de tramitación e en ningún caso habilita para asinar declaracións responsables, certificados, compromisos ou calquera documento que implique responsabilidade ou aceptación de obrigas en nome da Asociación. Estes documentos deberán ser sempre asinados pola persoa representante legal da Asociación.

8.2 Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este programa será desde o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e ata o mércores, 01 de abril de 2026.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación dos procedementos consultaránse automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- NIF da entidade solicitante.



- NIF da persoa representante.
- Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

No caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Presentación de documentos

As entidades solicitantes deberán presentar a solicitude normalizada, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. En dita solicitude recolleranse os datos básicos da entidade solicitante, os da actuación obxecto da subvención (denominación e orzamento), os da persoa representante e os referidos aos efectos de notificación.

Ademais, xunto coa devandita solicitude as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificación expedida e asinada pola persoa que exerza o posto de secretario/a da entidade solicitante, no que se faga constar (ANEXO I):
 - O acordo do órgano competente no que se acorde solicitar a subvención, coa indicación do importe e da denominación da actuación para a que se solicita a subvención. A data de dito acordo ten que ser posterior á publicación das bases reguladoras.
 - Que se cumpren os requisitos e as obrigas sinalados nestas bases reguladoras.
 - O número de asociados/as da entidade solicitante, actualizado con data comprendida como máximo desde os tres meses anteriores á data de apertura da convocatoria.
 - O importe individualizado da totalidade das cotas que pagan anualmente os asociados/as da entidade solicitante referidos á última anualidade vencida ou, no seu caso, xustificantes dos ingresos da última anualidade vencida ou documentos análogos que permitan a súa comprobación.
 - Que todos os prezos unitarios que constan no orzamento corresponden con prezos de mercado.
 - Que as persoas que se relacionan no mesmo cos cargos de presidente/a, secretario/a e persoa representante da asociación, actúan en calidade dos cargos que ostentan con indicación do órgano que os nomeou e a data do acordo, así como que na actualidade seguen vixentes no cargo.
 - Que o número de conta bancaria indicado para o ingreso da subvención é de titularidade da entidade solicitante.
- Declaración responsable de que a entidade solicitante (ANEXO II):
 - Dispón da titularidade dos terreos, inmobles ou instalacións sobre as que se vai actuar.



- No caso de que non se dispoña da titularidade, de que se conta coa cesión do dereito de uso dos terreos, inmobles ou instalacións sobre as que se vai actuar con anterioridade á publicación destas bases e cunha duración mínima de cinco anos.
 - No caso de que se dispoña dun dereito de uso cunha duración inferior a cinco anos, asumirase o compromiso de obter antes do fin do prazo execución, a prórroga ou ampliación polo prazo pendente ata completar o mínimo esixido.
 - Que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. En caso de telas solicitado, deberase indicar o detalle do financiamento solicitado e o organismo ao que se lle solicitou, e no caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
 - Que a entidade solicitante non incorre en ningunha causa de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta o total contido destas bases da convocatoria, e que asume o compromiso de cumprir as condicións da subvención.
 - Que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social e coa Deputación provincial.
 - Que a entidade solicitante ten o domicilio social na provincia de Pontevedra.
 - Que a entidade solicitante está legalmente constituída e conta con NIF definitivo.
 - Que as actuacións subvencionables se van realizar integramente no territorio da provincia de Pontevedra.
 - Que a entidade solicitante dispón ou, no seu defecto, se compromete a obter antes do fin do prazo de xustificación as autorizacións, licenzas, declaracións responsables e permisos preceptivos para a execución das actuacións obxecto da subvención.
 - Que autoriza expresamente a Deputación de Pontevedra para solicitar tanta información resulte necesaria para a correcta comprobación e verificación da información subministrada e, en especial, para dar acceso de forma automática aos rexistros, bases de datos ou arquivos dixitais onde conste a información necesaria para efectuar as comprobacións, cando iso sexa posible.
- Documentación acreditativa de ser titulares dos terreos, inmobles ou instalacións sobre as que se vai actuar. Para este suposto, será preciso aportar un certificado asinado pola persoa secretaria da entidade solicitante, no cal se faga constar que as instalacións sobre as que se vai actuar son de titularidade da asociación. Este requisito será preciso nos casos nos cales a actuación a levar a cabo sexa sobre instalacións xa existentes.

Cando non se dispoña da titularidade dos terreos, inmobles ou instalacións sobre as que se vai actuar, é preciso a acreditación de que se conta coa cesión do dereito de uso dos terreos, inmobles ou instalacións sobre as que se vai actuar con anterioridade á publicación destas bases e cunha duración mínima de cinco anos.



Esta cesión de uso debe ser aprobada polo órgano competente e só será admisible nos casos en que a titularidade sexa dunha administración pública ou dunha comunidade de montes. No caso de que se acredite ter a titularidade ou o dereito de uso cunha duración inferior a cinco anos, deberase aportar o compromiso de obter antes do fin do prazo de xustificación, a prórroga polo prazo pendente ata completar o mínimo esixido. De non acreditarse o cumprimento desta circunstancia no momento da xustificación, considerarase unha causa de perda da subvención.

- Detalle das autorizacións, licenzas, declaracións responsables e/ou permisos preceptivos para a realización da actuación subvencionable e documentación acreditativa de telos solicitado ou, no seu caso, compromiso de solicitalos. En todo caso, a súa obtención deberá acreditarse, a máis tardar, no momento da xustificación. Deberase especificar claramente que autorizacións, licenzas, declaracións responsables e/ou permisos serán necesarios para levar a cabo a actuación. Do mesmo xeito, de non precisar ningunha autorización, licenza, declaración responsable e/ou permiso cómpre facelo constar expresamente.
- Documentación acreditativa por parte das entidades beneficiarias de estar legalmente constituídas, debidamente inscritas e denominadas como “asociación de veciños, ou asociación de mulleres rurais” no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia con anterioridade ao remate do prazo de solicitude. O certificado deberá estar actualizado e terá que ter unha antigüidade máxima de seis (6) meses desde a data límite de presentación de solicitudes.
- Certificado de conta bancaria da entidade solicitante. O certificado deberá estar actualizado e terá que ter unha antigüidade máxima de seis (6) meses desde a data límite de presentación de solicitudes.
- Unha memoria valorada ou proxecto técnico, nos casos que resulte esixible, asinada electronicamente polo/a presidente/a da entidade solicitante e/ou os/as técnicos/as competentes, conformada polas seguintes partes:
 - Memoria explicativa na que se describa o obxecto das actuacións subvencionables. No caso de ser obras estarán definidas en planos e esquemas, de forma que sexa posible a súa comprobación e cálculo, permitindo o seu replanteo e a análise da súa realidade xeométrica. No caso de ser equipamentos as unidades virán definidas polo detalle da actividade a que se destinarán, os participantes previstos e de ser o caso as actividades semellantes feitas con anterioridade. A memoria recollerá os antecedentes e a situación previa á intervención, de ser o caso, para a que se solicita a subvención, as necesidades que se deben satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que hai que ter en conta.
 - A definición dos traballos a realizar ou elementos a subvencionar de forma que queden perfectamente definidos, así como os detalles que delimiten a ocupación de terreos.
 - Planos, esquemas, fotografías ou imaxes, que evidencien a situación inicial da infraestrutura sobre a que se vai intervir antes da execución das actuacións subvencionables, ou das actuacións a desenvolver cos subministros, de forma que se identifiquen as necesidades, e de ser o caso datas en que se tomaron as fotografías, os lugares e infraestruturas sobre as que se vai intervir e o seu estado, que deberá corresponderse co estado previo á execución das actuacións subvencionables. Non serán subvencionables aquelas actuacións nas que non exista suficiente definición ou evidencias gráficas ou os servizos técnicos provinciais non poidan comprobar con certeza á realización das actuacións subvencionables.



Estes planos, imaxes, esquemas e/ou fotografías de conxunto e de detalle deberán ser os necesarios para que o obxecto subvencionable quede perfectamente definido e poida ser, así, correctamente avaliada a solicitude nas fases de concesión e xustificación.

- Un orzamento desagregado en unidades, no que se definan con claridade os distintos elementos presentes en cada unha, coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos de cada unidade e o número de unidades, co IVE desagregado que sexa de aplicación e de acordo cos prezos unitarios de mercado actualizados.

En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.

Incluirase a definición do estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.

A man de obra que non sexa definida como parte dunha unidade de obra, deberá ser indicada obrigatoriamente ben mediante o número de horas de traballo orzamentadas e o seu prezo unitario ou mediante outra expresión que permita ós servizo técnicos provinciais identificar sen xénero de dúbida a cantidade de man de obra imputada a cada unidade. En caso de formar parte dunha unidade de obra, esta debe ser explicitada de forma que permita coñecer a cantidade da mesma imputada en cada unha. Os/as técnicos/as provinciais poderán solicitar calquera tipo de aclaración para poder comprobar a razoabilidade e adecuación ós prezos de mercado dos traballos incluídos na proposta a subvencionar, non sendo aceptable que unha partida alzada sexa considerada como unha unidade, por tanto, non será aceptable establecer un prezo global fixo por un conxunto de traballos nin pola totalidade do obxecto do investimento.

Os gastos xerais e o beneficio industrial poderán aplicarse, no caso das obras, coma unha porcentaxe da execución material (13% e 6% respectivamente) ou xa repercutidos en cada unidade. A entidade solicitante deberá indicalo de forma que non exista dúbida do método utilizado.

Así mesmo, calquera outra documentación adicional de carácter técnico, e particularmente á referida aos aspectos a avaliar como criterios de concesión referidos na base 6.1.a) “calidade da memoria”, incorporárase á memoria valorada ou proxecto técnico.

A Memoria do proxecto é un documento esencial e imprescindible para a avaliación das solicitudes, polo que a súa ausencia non é susceptible de emenda, de acordo co artigo 23.5 da Lei 38/2003 e o artigo 66.6 da Lei 39/2015. Considerarase que non existe memoria cando non se presente ningún documento que desenvolva todos ou parte substancial dos apartados anteriores. Para os efectos destas bases, a achega exclusiva dun orzamento, factura proforma ou documento equivalente non se considera presentación parcial da memoria, senón falta total de presentación da mesma.

Cando o requirimento de emenda inclúa aspectos baremables de acordo co disposto na base 6.1.a) a información achegada con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes unicamente se terá en conta para efectos de admisión da solicitude, nunca para efectos de valoración. A valoración efectuarase exclusivamente sobre a documentación presentada xunto coa solicitude, dentro do prazo de presentación, sen que poida ter resultados favorables a posterior emenda de documentos que inflúan na puntuación. A emenda de documentos que teñan incidencia na valoración só poderá empregarse para:

- Acreditar que a entidade cumpre os requisitos mínimos para ser admitida.



- Completar elementos formais indispensables.
- Permitir a análise técnica da documentación indispensable.

A comprobación do contido dos proxectos realizarana os servizos técnicos provinciais.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e os documentos preceptivos recollidos nestas bases. En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicáráselle que, se non o fai, se terá por desistida da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, e a través da URL directa <https://dehu.redsara.es/>, non serán obxecto de manipulación ou emendas. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. O certificado electrónico das asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais, deberá estar en vigor para a correcta notificación das resolucións e dos actos administrativos así como o do representante no caso que se designe un para a tramitación do expediente.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e a través da URL directa <https://dehu.redsara.es/>.

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicáraselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos do artigo 21.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

CAPÍTULO III. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS POLOS BENEFICIARIOS

Décimo terceira. Prazo de execución e xustificación das actuacións

As actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 30 de xuño de 2027 e xustificadas, a máis tardar, o 31 de xullo de 2027. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden en lista de agarda e que se concedan posteriormente, non sendo posible a concesión de novas subvencións para as solicitudes en lista de agarda máis alá do 26 de febreiro de 2027.

Os prazos de execución e xustificación só poderán ser prorrogados, por un máximo de tres (3) meses, previa solicitude debidamente motivada da entidade beneficiaria naqueles casos en que se acredite o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

- A demora na obtención dos permisos, licenzas, autorizacións ou declaracións responsables necesarios para a execución da actividade subvencionada cando sexa por causas alleas e non imputables á entidade beneficiaria.



Para estes efectos, a entidade deberá acreditar que actuou coa debida dilixencia, sen incorrer en atrasos pola súa parte, mediante a xustificación de que presentou as solicitudes correspondentes sen dilación indebida, e achegou en prazo a documentación requirida polos distintos organismos.

Non se considerarán causas xustificativas as demoras derivadas de actuacións tardías, incompletas ou negligentes da propia entidade solicitante.

- A aparición de circunstancias sobrevidas ou imprevisibles non imputables á entidade beneficiaria e que dificulten a execución no prazo previsto inicialmente.

A estes efectos, a prórroga será acordada individualmente para cada entidade e deberá aprobarse polo órgano competente da Deputación con anterioridade ó vencemento do prazo inicial.

En atención ó anterior, a solicitude de prórroga deberá formalizarse antes do 31 de marzo de 2027. No caso de non estar aprobada a prórroga na data de vencemento dos prazos de execución e xustificación, considerarase denegada.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste plan e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes.

A Deputación poderá valorar, segundo o ritmo de execución e xustificación das actuacións subvencionadas, a tramitación de oficio da concesión da prórroga máxima, sen necesidade de tramitala de forma individual, para o cal, de ser o caso, deberá aprobarse polo órgano competente e publicarse o dito acordo no boletín oficial da provincia.

Décimo cuarta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias, en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en particular:

- A destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
- A realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
- A someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán canta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial. A estes efectos, en relación ó control financeiro, as entidades beneficiarias deberán cumprir o disposto no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, dispoñible no enlace: <https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2016/12/30/2016045874>.
- A destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un mínimo de cinco anos.
- A cumprir a normativa de subvencións e a demais normativa que sexa de aplicación.



As entidades beneficiarias deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:

- En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, a entidade beneficiaria deberá recoñecer o apoio da Deputación de Pontevedra, de conformidade co Manual de imaxe corporativa específico desta axuda, dispoñible no portal institucional da Deputación de Pontevedra, incluída a imaxe institucional correspondente.
- Acreditar a publicidade, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria
- Colocar en lugar visible un cartel informativo, que facilitará a Deputación de Pontevedra, no que se indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial, o importe subvencionado e o logotipo da Deputación.
- Colocar nun lugar visible o adhesivo co logo da Deputación de Pontevedra, que facilitará a institución co fin de acreditar a publicidade dada á obra subvencionada.
- Facerse cargo fisicamente dos carteis que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, un ano despois da comprobación material realizada pola Deputación.

Correspóndelle ao Departamento de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

Décimo quinta. Xustificación da subvención

Todas as actuacións deberán estar xustificadas na data sinalada na base décimo terceira.

A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, certificacións, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta base. E en todo caso coa seguinte documentación:

- Memoria explicativa do investimento realizado e dos resultados obtidos, que inclúa unha reportaxe fotográfica, asinada electronicamente polo presidente ou pola presidenta da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta. A presentación das fotografías farase de forma que se identifiquen os lugares e o momento da execución á que correspondan (antes, durante e despois).
- Conta xustificativa dos gastos no modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (formulario 100.001), asinada electronicamente e debidamente cuberta, na cal se relacionarán as facturas ou documentos probatorios no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, NIF, número de factura, concepto e importe) que xustifiquen a execución do proxecto que fundamentou a resolución de concesión. Os gastos xustificados deberán coincidir exactamente cos conceptos incluídos no orzamento inicial, permitíndose unicamente a súa adaptación nos termos especificados na base Décimo Sétima. Non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida e da porcentaxe de financiamento correspondente á concesión.
- Facturas dos gastos realizados, que deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.



- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante fotografías do cartel publicitario, dos adhesivos, dosier de noticias de prensa ou outras accións de publicidade en redes, páxinas web, etc.
- Declaración de non ter percibido outras subvencións, ingresos ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, ente público ou privado estatal ou internacional ou, en caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Acreditación da obtención das autorizacións, permisos, declaracións responsables e licenzas pertinentes, no caso de non telos achegado con anterioridade. De non acreditarse o cumprimento desta circunstancia no momento da xustificación considerarase unha causa de perda da subvención.
- Acreditación de estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación de Pontevedra (só no caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas no cadro habilitado na solicitude de inicio).
- Para os casos nos que se condicionase a concesión á súa acreditación posterior, documentación acreditativa da prórroga da titularidade ou da cesión do dereito de uso ata completar a duración mínima de cinco anos sobre os terreos ou inmoables en que se vai desenvolver a actuación. De non acreditarse o cumprimento desta circunstancia no momento da xustificación, considerarase unha causa de perda da subvención.

As entidades beneficiarias estarán obrigadas ao pagamento dos gastos do proxecto subvencionado unha vez executados e, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde a percepción do ingreso correspondente á subvención concedida.

A estes efectos, as entidades beneficiarias deberán achegar, no prazo máximo de dous meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario. No caso de non achegarse no prazo indicado este xustificante ou facelo de forma incompleta, requiriráselle para a súa correcta presentación no prazo de quince días.

Este aspecto será obxecto de comprobación polo centro xestor, así como nas actuacións de control financeiro, constituíndo, en caso de incumprimento, causa de reintegro polo importe da factura pagada fóra de prazo.

A documentación xustificativa deberá cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación axustarase ás normas segundo o indicado na base décimo cuarta sobre obrigas dos beneficiarios e nesta mesma base.

Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.



A Deputación poderá requirir ás entidades beneficiarias para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Cooperación e Intervención da institución provincial. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución dos investimentos por parte dos servizos técnicos da Deputación provincial, que verificarán as certificacións de obras e facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, resérvase as facultades de inspección e comprobación das obras en calquera momento. A este fin, as entidades beneficiarias, a requirimento da Deputación, estarán obrigadas a comunicar as datas de inicio e fin das actuacións subvencionadas.

Décimo sexta. Pagamento

Todas as actuacións deberán estar executadas na data sinalada na base décimo terceira e deberán xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O pago ás entidades beneficiarias do importe da subvención realizarase á vista dos xustificantes de gasto, certificacións, facturas e demais documentación xustificativa, segundo o previsto nestas bases.

O pagamento das subvencións efectuarase previa comprobación por parte dos servizos de Cooperación e Intervención e dos servizos técnicos provinciais de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu a finalidade e o obxecto da subvención.

Unha vez realizados todos os trámites para efectuar as comprobacións oportunas, o órgano competente da Deputación ditará resolución na que se aprobará a xustificación e procederase a librar o pagamento da axuda , sen prexuízo do cumprimento da obriga de achegar, no prazo máximo de dous meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

O pagamento efectuarase ao número de conta bancaria a nome do beneficiario que se indique, a máis tardar, no momento da xustificación final. Non se farán pagos a contas nas que non figure como titular a entidade beneficiaria, para o cal a Deputación poderá solicitar que se acredite mediante certificado bancario a titularidade da conta.

Décimo sétima. Modificación da resolución de concesión

- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.3.l) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, previa solicitude suficientemente xustificada que se deberá presentar con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido.



- Non terán a consideración de modificación da resolución de concesión, e polo tanto non serán admitidas, aquelas solicitudes que supoñan un cambio da finalidade ou do obxecto do proxecto ou actividade subvencionada, mesmo cando se manteña o importe concedido.

Só se poderán autorizar modificacións da resolución cando respondan a circunstancias sobrevidas, posteriores á presentación da solicitude e non coñecidas nin previsibles pola entidade beneficiaria, que dificulten ou imposibiliten a execución material do proxecto nas condicións inicialmente aprobadas.

Terán esta consideración, entre outras:

- A denegación de permisos, licenzas ou autorizacións que sexan imprescindibles para a execución do proxecto.
 - A imposición de condicionantes ou modificacións substanciais derivadas de informes técnicos, autorizacións sectoriais ou licenzas administrativas.
 - Calquera alteración externa, allea á vontade da entidade, que faga imposible ou non viable a execución do proxecto nos termos aprobados.
- O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recolleitos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
 - A modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión, nin se prexudiquen dereitos de terceiros e non deberá variarse o destino ou finalidade da subvención.
 - No caso de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pago da subvención realizarase por aplicación da porcentaxe de financiamento respecto do custo real do proxecto executado e xustificado.

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.

Décimo oitava. Compatibilidade con outras subvencións

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada, agás para o caso doutras axudas outorgadas pola Deputación para a mesma finalidade.

Para estes efectos e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.



Décimo novena. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro

Procederáse ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, en conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- O incumprimento da normativa de subvencións.
- O incumprimento das condicións e obrigas asumidas no outorgamento da subvención.
- O incumprimento dos obxectivos fixados no proxecto/memoria do investimento
- A falta de disposición da titularidade, cesión de uso ou autorizacións, respecto dos terreos, inmobles ou instalacións necesarios para a execución da actividade subvencionada, nos termos previstos nestas bases.
- A realización das actuacións subvencionables sen dispoñer das autorizacións, licenzas, permisos e declaracións responsables preceptivas.
- A falta de presentación en tempo e forma da documentación xustificativa ou a súa presentación incompleta
- A falta de pagamento dos xustificantes de gasto das actuacións subvencionadas no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.
- A falta de presentación nos prazos establecidos do xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

Vixésimo. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Anexos da convocatoria e modelos de presentación de documentación

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>

33.35909.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA LEGALIZACIÓN DAS TRAÍDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +NOVAQUA 2026). (EXpte. 2025074583.).

Dado que a auga é un recurso fundamental e limitado, imprescindible tanto para a poboación como para o desenvolvemento económico de calquera actividade, vese necesario asegurar un abastecemento de calidade para o consumo humano nas zonas que, debido á seca, á falta de infraestruturas axeitadas ou ao deterioro das redes existentes, poidan atoparse en situación de emerxencia, escaseza ou deficiencia no servizo. Por este motivo, propónse unha liña de subvencións pola que a Deputación de Pontevedra se compromete a apoiar, no exercicio das súas competencias, ás comunidades de usuarios de auga da provincia.

Tendo en conta esta necesidade, elabóranse as Bases reguladoras e a convocatoria de subvencións do programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026). Trátase dunha medida de fomento destinada a apoiar ás comunidades de usuarios de augas da provincia, no marco das competencias que a Deputación ten atribuídas pola normativa vixente: os artigos 26 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os artigos 80 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; o artigo 5 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia; a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que reforza o papel das deputacións como garantes da prestación adecuada dos servizos públicos. Así mesmo, a Lei 5/1997 habilita nos seus artigos 255 e 256 as asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da veciñanza, e o artigo 72 da LRBRL establece que as corporacións locais deben fomentar o seu desenvolvemento, facilitándolles o uso de medios públicos e o acceso ás axudas económicas necesarias para levar a cabo as súas actividades.

Considerando que a finalidade das axudas é a de contribuír a mellorar a calidade de vida local e satisfacer as necesidades básicas da poboación a través do financiamento de actuacións que contribúan á mellora na prestación do servizo de abastecemento de auga para consumo humano e o seu control sanitario para contribuír á mellora do nivel de garantía deses sistemas en canto á calidade da auga.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión das subvencións, en réxime de concorrência competitiva, para sufragar os gastos destinados a legalizar novas concesións de augas de consumo humano ou novación das existentes.



Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrência competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2026, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, quedando condicionado á aprobación definitiva e entrada en vigor do orzamento, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2025074583; vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación (CSV: 6LCQSDN7K9VEKVGM), da Secretaría Xeral (CSV: GYY68OS6G03MK1P6) e da Intervención Provincial (CSV: 21E5CZ3CMMGNMHTI), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar a memoria explicativa dos obxectivos, custos de realización e fontes de financiamento do programa +NOVAQUA 2026, co tenor literal que se contén no documento con CSV: 53PLPEUTE98ZSPJZ.

2º.- Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas para legalización das traídas de augas veciñais (programa +NOVAQUA 2026), e aprobar o gasto por importe de trescentos sesenta mil (360.000,00 €) euros, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07 para gastos correntes para o ano 2026, condicionado á aprobación definitiva do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo.

As ditas bases e convocatoria apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSV: V8Z4XNSBBTH5NTEE.

3º.- Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.



**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA DE AXUDAS
PARA LEGALIZACIÓN DAS TRAÍDAS DE AUGAS VECIÑAIS (PROGRAMA +NOVAQUA 2026)****ANTECEDENTES**

Debido á excelente acollida que tivo o programa de axudas para a legalización das traídas de augas veciñais na súa primeira convocatoria (+NOVAQUA 2025) que contou con preto dunha centena de solicitudes, o Goberno provincial expresa a súa intención de continuar con esta iniciativa e aumentar o apoio económico destinado a estas entidades. Con ese fin, está previsto un incremento específico no orzamento do ano 2026 para a partida que financia este programa.

Esta decisión tamén está influída pola constatación da forte presenza destas entidades na provincia e pola necesidade de reforzar as iniciativas de fomento para axudar a alcanzar os obxectivos públicos comúns que deben acadar tanto as comunidades de usuarios de augas como as administracións. Ademais, existe unha alta demanda e necesidade de investimentos por parte das comunidades de usuarios de auga, que se ve incrementada polas novas obrigas establecidas pola administración estatal tras a aprobación do Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, no que se fixan os criterios técnico-sanitarios para a calidade da auga de consumo, o seu control e subministro.

Neste sentido, detectouse unha importante deficiencia ao comprobar que hai numerosas traídas de auga que carecen dunha concesión de augas vixente ou que directamente non están cubertas pola concesión correspondente. Isto significa que necesitan regularizar a súa situación, ben mediante a creación dunha nova comunidade de augas ou ben a través da modificación ou renovación da concesión de augas xa existente.

Esta situación limita o desenvolvemento da xestión da auga, ao non estar debidamente amparadas as actuacións pola concesión correspondente. Conscientes de que estes trámites supoñen un custo elevado para os usuarios, a Deputación segue coa intención de poñer en marcha unha liña de axudas que favoreza a regularización das comunidades de augas, considerándoas un instrumento axeitado para a xestión do ciclo integral da auga de consumo humano, cunha adecuada calidade e cantidade. Deste xeito, preténdese garantir que todas as zonas da provincia teñan as mesmas oportunidades para o uso e aproveitamento dun ben tan valioso e esencial como é a auga.

Con todo isto, continúaase coa liña de actuación que ten como obxectivo impulsar a cohesión territorial, a sustentabilidade ambiental e a mellora da habitabilidade, enfocándose especialmente nas comunidades locais e nas áreas que habitualmente experimentan maiores niveis de desigualdade territorial. Así, ponse énfase na importancia de xerar unha vertebración efectiva do territorio e na creación de sinerxías positivas, sobre todo nas zonas rurais, ao tempo que se busca a participación activa da veciñanza na construción dun modelo de vida propio, que se basee en parámetros de calidade, sustentabilidade e xustiza na prestación dos servizos.

Co obxectivo de dar resposta ás necesidades das entidades veciñais e comunitarias, a Deputación considera necesario reactivar a liña de axudas a través do programa +Novaqua 2026, dirixida á legalización e/ou renovación das concesións das traídas de auga veciñais para consumo humano. Os obxectivos xerais deste programa son os seguintes:

- A mellora do medio rural e barriadas urbanas mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, que permita ós seus habitantes unhas adecuadas condicións de vida.



- O desenvolvemento das propias comunidades de usuarios co obxecto de aumentar a súa capacidade de xestión e resolución de problemas, fomentar a súa participación nos distintos ámbitos de actuación e propiciar a súa sustentabilidade.
- Contribuír á mellora da calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo e o desenvolvemento comunitario.
- Mellorar as infraestruturas e equipamentos comunitarios para facilitar a autoxestión das comunidades, favorecendo a transformación social do territorio de xeito integrador e colaborativo.
- Contribuír á implantación homoxénea en todo o territorio provincial de servizos comunitarios básicos que redunden na mellora da calidade de vida da veciñanza.
- Apoiar e fortalecer a participación das comunidades locais na mellora da xestión da auga, garantir o acceso universal e equitativo á auga potable, mellorar a súa calidade, aumentar o uso eficiente dos recursos hídricos e asegurar a sostibilidade do abastecemento.

De forma complementaria, esta liña de acción créase con un enfoque centrado tamén nos principios e obxectivos do reto demográfico, de xeito que contribúan a:

- Impulsar a vertebración do territorio, garantindo o equilibrio e a cohesión territorial, desde o punto de vista da funcionalidade e a ampliación das posibilidades vitais para a poboación.
- Garantir a igualdade no acceso a servizos e oportunidade.
- Favorecer a funcionalidade territorial.
- Reducir a vulnerabilidade socio-territorial.
- Mellorar a relación e interaccións entre o medio urbano e rural.
- Incorporar fórmulas novas, innovadoras e transformadoras para activar as oportunidades no territorio.
- Perfeccionar os mecanismos de gobernanza multinivel e multiactor.

INTRODUCCIÓN

A auga é un recurso esencial para a vida de todos os seres vivos, un dereito inalienable de cada persoa e un ben público de primeira necesidade. Trátase tamén dun patrimonio social, ambiental e económico profundamente ligado ao benestar colectivo. Non obstante, a súa dispoñibilidade é limitada, pois está suxeita a unha distribución desigual tanto no espazo como no tempo. Neste contexto, resulta fundamental lembrar que o acceso á auga, ao saneamento e á hixiene non só é un dereito básico, senón unha condición para a dignidade humana. A pesar diso, unha parte significativa da poboación mundial continúa atopando dificultades para acceder a estes servizos esenciais na súa vida cotiá.

A auga xoga un papel crucial na produción e no desenvolvemento económico, polo que é esencial garantir a súa subministración e dispoñibilidade, especialmente en zonas que máis o precisan. O acceso a auga suficiente e de calidade, con condicións hixiénico-sanitarias adecuadas, é unha chave para reducir a pobreza, que está directamente asociada á falta de recursos hídricos. Asegurar a auga en condicións óptimas non só mellora a saúde e benestar das persoas, senón que tamén facilita o progreso social e económico das áreas máis vulnerables.



A Axenda 2030 de España, en harmonía co Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 6, pon de manifesto a importancia crucial da auga e inclúe a súa xestión entre as cuestións prioritarias nas políticas públicas nacionais. Este plan de acción subliña o papel fundamental dos recursos hídricos para garantir a sustentabilidade e mellorar as condicións de vida, reflectindo o compromiso do país co uso responsable e equitativo da auga.

Cada día, os concellos da nosa provincia intensifican as medidas de vixilancia e control para reducir o uso non prioritario da auga, e cada vez se implementan máis políticas públicas centradas nesta cuestión. Estas políticas inclúen a identificación das zonas máis vulnerables, a promoción de prácticas que fomenten un uso máis eficiente e responsable da auga, e a realización de operacións estratéxicas para diagnosticar e mellorar os sistemas de abastecemento.

Non obstante, a realidade do abastecemento de auga segue sendo preocupante, especialmente en pequenos e medianos municipios. A pesar de que aínda logran ofrecer servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, moitos carecen dos recursos técnicos e económicos necesarios para garantir a subministración en determinadas situacións. Por iso, é clave centrarse na prevención, mellorando a eficiencia e fomentando unha xestión responsable das reservas hídricas.

A auga é un ben esencial, non só para a cidadanía, senón tamén para o desenvolvemento económico de todos os sectores, polo que é fundamental garantir o seu abastecemento en condicións de calidade para o consumo humano. Isto resulta especialmente relevante en zonas afectadas pola seca, que carecen de sistemas adecuados ou onde as redes de abastecemento están deterioradas, o que pode levar a situacións de emerxencia ou ineficiencia no servizo. Con todo, a Deputación de Pontevedra comprométese a apoiar ás comunidades de usuarios de augas da provincia, aquelas que estén legalmente constituídas e debidamente inscritas no rexistro público correspondente.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establece no seu artigo 26 que os concellos deben prestar como mínimo determinados servizos, incluíndo o abastecemento de auga potable a domicilio, que varía segundo a poboación. Esta obrigaón tamén está recollida na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que nos seus artigos 80.2, l) e 81.a), atribúe aos municipios a responsabilidade de garantir este servizo en todos os casos, así como na Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, que tamén inclúe o abastecemento domiciliario de auga potable como un servizo de prestación obrigatoria.

Pola súa parte, as deputacións provinciais teñen, segundo o artigo 36.1.b) da LRBRL, a función de cooperar cos municipios, especialmente aqueles con menos recursos económicos e de xestión, para asegurar a prestación dos servizos municipais obrigatorios. O artigo 82 da Lei 5/1997 tamén establece que as deputacións deben garantir a prestación homogénea dos servizos mínimos, dirixindo as súas accións de cooperación a este fin.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, sobre racionalización e sustentabilidade da Administración, reforza este papel das deputacións provinciais, considerándoas responsables de garantir a adecuada prestación dos servizos públicos de competencia municipal.



Non obstante, debido ás limitacións na xestión directa do abastecemento de auga, existen instrumentos legais para que as administracións poidan colaborar coa sociedade, sen prexuízo das competencias de control ou as medidas de fomento que se adopten. O artigo 81 do texto refundido da Lei de Augas (Real Decreto Legislativo 1/2021, do 20 de xullo) obriga aos usuarios da auga e doutros bens do dominio público hidráulico a constituírse en comunidades de usuarios para a súa xestión colectiva.

Este escenario, xa de por si complexo, agrávase coa aprobación do Real Decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, que establece criterios técnico-sanitarios para a calidade da auga de consumo humano, o seu control e subministro, incorporando as esixencias da Directiva (UE) 2020/2184. Esta nova normativa incrementa a complexidade da xestión da auga, facendo necesario adoptar medidas de fomento para facilitar a implicación das comunidades de usuarios na súa xestión, creando sinerxías coa administración.

A Lei de Administración Local de Galicia (5/1997), no seus artigos 255 e 256, reconece ás asociacións de veciños como actores clave para a defensa dos intereses das veciñanzas, e os concellos son os encargados de favorecer o seu desenvolvemento. Ademais, a LRBRL, no artigo 72, tamén establece que as corporacións locais deben facilitar información e apoiar estas asociacións, incluíndo a súa participación na xestión pública.

Por outra banda, a Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, tamén reconece a importancia de fomentar a participación do terceiro sector social nas políticas de impulso demográfico, co obxectivo de mellorar o recoñecemento e exercicio dos dereitos sociais, así como avanzar cara unha sociedade máis cohesionada e inclusiva. Neste contexto, o artigo 18 da mesma lei establece que as bases reguladoras das axudas e subvencións incluírán requisitos para promover a implicación dos diversos axentes sociais na sustentabilidade demográfica e na cohesión territorial, o que tamén pode favorecer a mellora nos servizos de auga e a súa xestión.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto, finalidade e actuacións subvencionables

- 1.1 Constitúe o obxecto destas bases a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, no marco do programa de axudas a legalización das traídas de auga veciñais para o ano 2026 (+NOVAQUA 2026), para sufragar os gastos destinados a legalizar novas concesións de augas de consumo humano ou novación das existentes, e convocar estas subvencións para o ano 2026.
- 1.2 A finalidade das axudas é a de contribuír a mellorar a calidade de vida local e satisfacer as necesidades básicas da poboación a través do financiamento de actuacións que contribúan á mellora na prestación do servizo de abastecemento de auga para consumo humano e o seu control sanitario para contribuír á mellora do nivel de garantía deses sistemas en canto á calidade e cantidade da auga.
- 1.3 Actuacións subvencionables:
Serán subvencionables os gastos derivados de actuacións efectuadas no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2024 ata o fin do prazo de execución regulado nestas bases polas comunidades de usuarios solicitantes a través dalgunha das actuacións subvencionables relacionadas a continuación:



Actuacións subvencionables	Importe máximo (IVE incluído)
Custo de redacción do proxecto de legalización/novación	Ata 4.000,00 euros
Custos de realización das analíticas obrigatorias segundo o Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración	ata 1.700,00 euros
Custos derivados dos traballos de topografía	ata 800,00 euros
Gastos de xestión/tramitación	ata 600,00 euros
Os gastos notariais, rexistrals e de publicación en boletíns oficiais, serán subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma	ata 500,00 euros
As taxas derivadas da presentación de documentación	ata 350,00 euros

En calquera caso, só serán subvencionables as actuacións operativas, é dicir, aquelas que conteñan os elementos necesarios para acadar a finalidade para a cal foron deseñadas.

Todos os gastos deberán corresponderse con actuacións realizadas dentro do prazo de execución establecido nestas bases.

En ningún caso o importe unitario máximo subvencionable poderá ser superior ao valor dos prezos de mercado, nin dos importes máximo sinalados nestas bases para cada concepto, nin se admitirán gastos que non garden unha relación directa coa actividade subvencionable, estes valores comprobaranos os servizos técnicos provinciais. De non considerarse que os prezos son razoablemente de mercado, os técnicos provinciais informarán e incorporaranse ao requirimento de emenda esta circunstancia que se lles comunicará aos interesados para que emenden ou aclaren a adaptación dos prezos ao mercado. Todas as unidades que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables. De persistir a falta de adaptación razoada aos prezos de mercado, a Deputación poderá desestimar a solicitude, previa resolución motivada por parte do órgano competente.

Segunda. Natureza xurídica

- De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e do artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS), as axudas que se arbitren a favor das entidades beneficiarias no marco desta liña de axudas, para o programa de axudas a comunidades de usuarios de augas para o ano 2026 (+NOVAQUA 2026), terán o carácter de subvencións e rexeranse pola seguinte normativa:
- Lei xeral de subvencións, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento.
- Lei de subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.
- Artigos non básicos da LXS e normativa de desenvolvemento.



- Lexislación de réxime local estatal e autonómica.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Bases de execución do orzamento, sobre todo nos aspectos orzamentario e contable.
- Convocatoria e bases reguladoras destas.
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2026 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Cuarta. Entidades beneficiarias

- 1 Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases as comunidades de usuarios de augas coa finalidade de abastecemento para consumo humano, que teñan domicilio social na provincia de Pontevedra, estean legalmente constituídas de forma definitiva en data anterior ao fin de presentación de solicitudes (non se admiten NIFs provisionais), e debidamente inscritas no rexistro público correspondente como titulares do aproveitamento das augas para o que solicitan a subvención.
- 2 Para obterer a condición de beneficiarias, as comunidades de usuarios deberán cumprir, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:
 - Ter domicilio social na provincia de Pontevedra.
 - Estar legalmente constituídas como titulares dunha concesión de aproveitamento de augas para consumo humano e debidamente inscritas no rexistro público correspondente como titulares do aproveitamento de augas para o que solicitan a subvención.
 - Non estar incursas en ningún procedemento sancionador ou de reposición co organismo de bacía correspondente
 - Cumprir os requisitos recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións
 - Estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación de Pontevedra. O cumprimento deste requisito deberá estar referido ao momento do fin do prazo de solicitudes.
- 3 Ningunha comunidade de usuarios poderá presentar máis dunha solicitude ao abeiro desta convocatoria de axudas, aínda que se refira a actuacións distintas. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas en segundo lugar ou sucesivo lugar.

Quinta. Financiamento

A contía desta convocatoria de axudas ascende a trescentos sesenta mil (360.000,00 €) euros, financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.4590.489.07 para gastos correntes.



Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo. O importe desta ampliación dependerá do volume de solicitudes presentadas, co límite máximo de trescentos sesenta mil (360.000,00 €) euros e quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito a consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A Deputación de Pontevedra publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

Esta modificación deberá levarse a cabo antes do 31 de decembro de 2026.

Sexta. Criterios de concesión e contía das subvencións

6.1. As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência competitiva, de acordo cos principios establecidos no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A axuda económica que se conceda poderá abarcar a totalidade do orzamento solicitado cun máximo de SEIS MIL (6.000,00 €) euros e un mínimo de DOUS MIL (2.000,00 €) euros por entidade beneficiaria. Unicamente se concederá unha axuda por entidade.

Aplicaranse os seguintes criterios e baremos para a valoración das solicitudes, que poderán obter un máximo de 15 puntos:

- Pola representatividade da entidade solicitante, en función do número de comuneiros da comunidade de usuarios, acreditado mediante certificación emitida pola persoa secretaria da entidade actualizada con data comprendida como máximo desde os tres meses anteriores á data de apertura da convocatoria (ata 7 puntos):
 - Máis de 200 membros: 7 puntos.
 - Entre 151 e 200 membros: 6 puntos.
 - Entre 101 e 150 membros: 5 puntos.
 - Entre 51 e 100 membros: 4 puntos.
 - Entre 11 e 50 membros: 3 puntos.
 - Entre 5 e 10 membros: 2 puntos.
- Pola corresponsabilidade financeira, entendida como as achegas realizadas polos comuneiros da comunidade de usuarios, que se acreditará coa certificación do secretario da entidade das cotas dos comuneiros, xustificantes dos ingresos da última anualidade vencida ou documentos análogos que permitan a comprobación, puntuarase do seguinte xeito (no caso de existir cotas de diferente importe por comuneiro, considerarase a media ponderada), ata 5 puntos:
 - Cota de máis de 80 euros ao ano: 5 puntos.
 - Cota de entre 51 e 80 euros ao ano: 4 puntos.
 - Cota de entre 26 e 50 euros ao ano: 3 puntos.
 - Cota de entre 10 e 25 euros ao ano: 2 puntos.
 - Cota de menos de 10 euros ao ano: 1 punto.
 - Cota de cero euros ao ano: 0 puntos.



- Impacto territorial no cumprimento dos obxectivos de reto demográfico -en función do índice de envellecemento da poboación do concello onde ten o domicilio social a entidade solicitante-, de conformidade aos datos publicados polo IGE - Instituto Galego de Estatística-, vixentes no momento da publicación destas bases (ata 3 puntos):
 - Maior de 300: 3 puntos.
 - Entre 101 e 300: 2 puntos.
 - Menor ou igual a 100: 1 punto.

As subvencións poderán alcanzar ata o 100% do orzamento, tendo en conta que a axuda non poderá superar o importe máximo asignado ao orzamento na solicitude. En todo caso, a entidade beneficiaria terá a obriga de asumir o cofinanciamento pola parte que exceda o importe da axuda.

6.2. Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumpran os requisitos e condicionantes establecidos nestas bases e demais normativa aplicable en materia de subvencións.

O cumprimento destas circunstancias acreditarase mediante a achega da documentación necesaria correspondente, segundo o caso, e deberá estar referido, a máis tardar, con respecto á data de finalización do prazo de presentación de solicitude. A Deputación resérvase a potestade de requirir as aclaracións necesarias naqueles casos que non permitan dilucidar con claridade o seu cumprimento.

CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Sétima. Procedemento de concesión

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefatura do Servizo de Cooperación cos Municipios.
2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:
 - a) Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instrutor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de 10 días hábiles.
 - b) Petición de informes: o órgano instrutor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais sobre os proxectos presentados a efectos de avaliar, de xeito motivado, o cumprimento dos criterios que se deben ter en conta segundo estas bases.
 - c) Informe-proposta da xefatura do Servizo de Cooperación, no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrance que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira



solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda. En casos de empate, resolverase por sorteo, de cuxa celebración se levantará acta que se incorporará ao expediente. No suposto de que o número total de solicitudes presentadas supoña un importe a subvencionar total que non exceda o importe máximo consignado para este programa, non será necesario proceder á valoración das solicitudes, sendo unicamente procedente a verificación do cumprimento dos requisitos xerais de subvencionabilidade establecidos nestas bases.

- d) Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.
- e) Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de Avaliación, da que a secretaria ou secretario redactará a acta. A Comisión de Avaliación estará formada polos seguintes membros ou as persoas que se designen como os seus suplentes:

Presidencia:

- O deputado delegado de Acción Comunitaria.

Vogais:

- Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios.
- Unha técnica ou técnico do Servizo de Arquitectura.
- Unha técnica ou técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Unha técnica ou técnico da Intervención Provincial.

Secretaria ou secretario:

- Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación, funcionaria ou funcionario de carreira con titulación superior.
- f) Con carácter previo á proposta de resolución definitiva, o órgano instrutor poderá elevar proposta de resolución coa relación de solicitudes excluídas, expoñendo os motivos da exclusión, para que o órgano competente resolva e se lle notifique aos interesados co fin de que poidan aducir alegacións e aportar os documentos ou outros elementos de xuízo que consideren nun prazo de 10 días hábiles e que serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución definitiva.
 - g) Proposta de resolución definitiva, que se elevará ao órgano competente para a súa aprobación. De producirse algún cambio con respecto á resolución provisional, éste deberá ser informado pola intervención provincial.
 - h) Resolución do órgano competente, de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os 6 meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar os potenciais beneficiarios lexitímaos para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.



3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada a resolución de concesión, entenderase aceptada polas entidades beneficiarias salvo que estas a rexeiten expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

4. As solicitudes que conteñan toda a documentación válida para a concesión das subvencións pero que non obteñan subvención por esgotarse o crédito dispoñible para este programa, quedarán en lista de agarda e poderán obter financiamento segundo o disposto na base Quinta.

Oitava. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

8.1 Forma de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

As solicitudes deberán estar debidamente cubertas, especificando a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, e deben conter todos os datos da comunidade de usuarios solicitante que serán os que se empreguen por parte do servizo instrutor en todo o procedemento a efectos de comunicación e notificación.

As ditas solicitudes deberán ser aprobadas mediante o acordo do órgano competente da entidade solicitante, en data posterior á publicación destas bases, onde se indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación.

Sinatura electrónica obrigatoria dos documentos

A solicitude, así como todas as declaracións responsables, certificados, compromisos e demais documentos que impliquen manifestación de vontade, responsabilidade ou obriga por parte da Asociación, deberán estar asinados electronicamente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

Non se admitirán:

- Sinaturas manuscritas insertadas/escaneadas.
- Sinaturas efectuadas por terceiros que non teñan representación substantiva na Asociación.
- Sinaturas realizadas por xestores ou por profesionais intermediarios, salvo que acrediten poder específico para iso.

Presentación electrónica a través dun representante (xestoría)



A Asociación poderá designar unha xestoría, asesoría ou profesional autorizado para presentar telematicamente:

- A solicitude.
- A documentación achegada.
- As emendas ou requirimentos.
- As notificacións electrónicas, se así se autoriza.

A representación conferida á xestoría é meramente para efectos de tramitación e en ningún caso habilita para asinar declaracións responsables, certificados, compromisos ou calquera documento que implique responsabilidade ou aceptación de obrigas en nome da Asociación. Estes documentos deberán ser sempre asinados pola persoa representante legal da Asociación.

8.2 Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este programa será desde o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e ata o mércores, 01 de abril de 2026.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación dos procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- NIF da entidade solicitante.
- NIF da persoa representante.
- Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

No caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Presentación de documentos

As entidades solicitantes deberán presentar a solicitude normalizada, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. En dita solicitude recolleranse os datos básicos da entidade solicitante, os da actuación obxecto da subvención (denominación e orzamento), os da persoa representante e os referidos aos efectos de notificación.



Ademais, xunto coa devandita solicitude as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

Certificación expedida e asinada pola persoa que exerza o posto de secretario da comunidade de usuarios, no que se faga constar (ANEXO I):

- O acordo do órgano competente no que se acorde solicitar a subvención, coa indicación do importe e da denominación da actuación para a que se solicita a subvención. A data de dito acordo ten que ser posterior á publicación das bases reguladoras.
 - Que se cumpren os requisitos e as obrigas sinalados nestas bases reguladoras.
 - O número de comuneiros actualizado con data comprendida como máximo desde os tres meses anteriores á data de apertura da convocatoria.
 - O importe individualizado da totalidade das cotas que pagan anualmente os comuneiros referidos á última anualidade vencida ou, no seu caso, xustificantes dos ingresos da última anualidade vencida ou documentos análogos que permitan a súa comprobación.
 - Que todos os prezos unitarios que constan no orzamento corresponden con prezos de mercado.
 - Que as persoas que se relacionan no mesmo cos cargos de presidente/a, secretario/a e autorizado da comunidade de usuarios, actúan en calidade dos cargos que ostentan con indicación do órgano que os nomeou e a data do acordo, así como que na actualidade seguen vixentes no cargo.
 - Que o número de conta bancaria indicado para o ingreso da subvención é de titularidade da entidade solicitante.
- Declaración responsable de que a entidade (ANEXO II):
- Que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. En caso de telas solicitado, deberase indicar o detalle do financiamento solicitado e o organismo ao que se lle solicitou, e no caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
 - Que a entidade solicitante non incorre en ningunha causa de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta o total contido destas bases da convocatoria, e que asume o compromiso de cumprir as condicións da subvención.
 - Que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social e coa Deputación provincial.
 - Que a entidade solicitante ten o domicilio social na provincia de Pontevedra.
 - Que a entidade solicitante está legalmente constituída e conta con NIF definitivo.
 - Que as actuacións subvencionables se van realizar integramente no territorio da provincia de Pontevedra.



- Que autoriza expresamente a Deputación de Pontevedra para solicitar tanta información resulte necesaria para a correcta comprobación e verificación da información subministrada e, en especial, para dar acceso de forma automática aos rexistros, bases de datos ou arquivos dixitais onde conste a información necesaria para efectuar as comprobacións, cando iso sexa posible.
- Documentación acreditativa da inscrición no rexistro público de augas correspondente. A acreditación deberá estar actualizada e terá que ter unha antigüidade máxima de seis (6) meses desde a data límite de presentación de solicitudes.
- Resolución de concesión de aproveitamento de augas para consumo humano.
- Certificado de conta bancaria da entidade solicitante. O certificado deberá estar actualizado e terá que ter unha antigüidade máxima de seis (6) meses desde a data límite de presentación de solicitudes.
- Unha memoria valorada asinada polo/a presidente/a da entidade solicitante e/ou os/as técnicos/as competentes, na que conste o seguinte contido mínimo:
 - Memoria explicativa na que se describa o alcance das actuacións subvencionables, detallando en planos ou esquemas a localización das actuacións derivadas do eventual proxecto de legalización. A memoria recollerá as necesidades que se deben satisfacer e na que se detallan os factores de todo tipo que hai que ter en conta.
 - A definición e alcance dos traballos a realizar de forma que queden perfectamente definidos, quedando patente e comprobable a súa condición de elixibles.
 - Un orzamento no que se definan con claridade os distintos elementos, con expresión dos prezos unitarios e o número de unidades, cando proceda, e acorde á taboa de accións subvencionables contida na base Primeira destas bases, co IVE desagregado que sexa de aplicación. En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e os documentos preceptivos recollidos nestas bases. En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicáráselle que, se non o fai, se terá por desistida da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei. A falta de presentación da memoria valorada ou, no seu caso, do proxecto técnico non será considerado como un defecto emendable e operará como unha causa de exclusión.



A comprobación do contido dos proxectos realizarana os servizos técnicos provinciais.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, non serán obxecto de manipulación ou emendas. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. O certificado electrónico das comunidades de usuarios de auga deberá estar en vigor para a correcta notificación das resolucións e dos actos administrativos así como o do representante no caso que se designe un para a tramitación do expediente.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e a través da URL directa <https://dehu.redsara.es/>

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicáraselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos do artigo 21.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para



o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

CAPÍTULO III. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS POLOS BENEFICIARIOS

Décimo terceira. Prazo de execución e xustificación das actuacións

As actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 31 de decembro de 2026 e xustificadas, a máis tardar, o 31 de marzo de 2027. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden en lista de agarda e que se concedan posteriormente, non sendo posible a concesión de novas subvencións para as solicitudes en lista de agarda máis alá do 01 de decembro de 2026.

Décimo cuarta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias, en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en particular:

- A destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
- A realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
- A someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán canta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial. A estes efectos, en relación ó control financeiro, as entidades beneficiarias deberán cumprir o disposto no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, dispoñible no enlace: <https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2016/12/30/2016045874>.
- A cumprir a normativa de subvencións e a demais normativa que sexa de aplicación.

As entidades beneficiarias deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:

- En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, a entidade beneficiaria deberá recoñecer o apoio da Deputación de Pontevedra, de conformidade co Manual de imaxe corporativa específico desta axuda, dispoñible no portal institucional da Deputación de Pontevedra, incluída a imaxe institucional correspondente.
- Acreditar a publicidade, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.



- Colocar en lugar visible un cartel informativo, que facilitará a Deputación de Pontevedra, no que se indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial, o importe subvencionado e o logotipo da Deputación.
- Colocar nun lugar visible o adhesivo co logo da Deputación de Pontevedra, que facilitará a institución co fin de acreditar a publicidade dada á obra subvencionada.
- Facerse cargo fisicamente dos carteis que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, un ano despois da comprobación material realizada pola Deputación.

Correspóndelle ao Departamento de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

Décimo quinta. Xustificación da subvención

Todas as actuacións deberán estar xustificadas na data sinalada na base Décimo terceira.

A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta base. E en todo caso coa seguinte documentación:

- Memoria explicativa das actuacións realizadas e dos resultados obtidos, asinada electronicamente polo presidente ou pola presidenta da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta.
- Conta xustificativa dos gastos no modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (formulario 100.001), asinada electronicamente e debidamente cuberta, na cal se relacionarán as facturas ou documentos probatorios no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, NIF, número de factura, concepto e importe) que xustifiquen a execución do proxecto que fundamentou a resolución de concesión. Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aborará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida e da porcentaxe de financiamento correspondente á concesión.
- Facturas dos gastos realizados, que deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.
- Proxecto de legalización/novación e, no seu caso, estudo topográfico.
- Deberase acreditar a presentación nos rexistros correspondentes da documentación preceptiva para a tramitación ante o órgano competente en materia de augas e da solicitude do informe sanitario correspondente, así como os documentos xustificativos da realización de análíticas (acreditando o seu carácter obrigatorio), publicacións e pagos das taxas e calquera outro gasto subvencionable realizado.
- Declaración de non ter percibido outras subvencións, ingresos ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, ente público ou privado estatal ou internacional ou, en caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.



- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante fotografías do cartel publicitario, dos adhesivos, dosier de noticias de prensa ou outras accións de publicidade en redes, páxinas web, etc.
- Acreditación de estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación de Pontevedra (só no caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas no cadro habilitado na solicitude de inicio).

As entidades beneficiarias estarán obrigadas ao pagamento dos gastos do proxecto subvencionado unha vez executados e, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde a percepción do ingreso correspondente á subvención concedida.

A estes efectos, as entidades beneficiarias deberán achegar, no prazo máximo de dous meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario. No caso de non achegarse no prazo indicado este xustificante ou facelo de forma incompleta, requiriráselle para a súa correcta presentación no prazo de quince días.

Este aspecto será obxecto de comprobación polo centro xestor, así como nas actuacións de control financeiro, constituíndo, en caso de incumprimento, causa de reintegro polo importe da factura pagada fóra de prazo.

A documentación xustificativa deberá cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación axustarase ás normas segundo o indicado na base décimo cuarta sobre obrigas dos beneficiarios e nesta mesma base. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

A Deputación poderá requirir ás entidades beneficiarias para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Cooperación e Intervención da institución provincial. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita por parte dos servizos técnicos da Deputación provincial, que verificarán as facturas remitidas. Esta comprobación do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, resérvase as facultades de inspección e comprobación das obras en calquera momento. A este fin, as entidades beneficiarias, a requirimento da Deputación, estarán obrigadas a comunicar as datas de inicio e fin das actuacións subvencionadas.



Décimo sexta. Pagamento

Todas as actuacións deberán estar executadas na data sinalada na base décimo terceira e deberán xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O pago ás entidades beneficiarias do importe da subvención realizarase á vista dos xustificantes de gasto, facturas e demais documentación xustificativa, segundo o previsto nestas bases.

O pagamento das subvencións efectuarase previa comprobación por parte dos servizos de Cooperación e Intervención e dos servizos técnicos provinciais de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu a finalidade e o obxecto da subvención.

Unha vez realizados todos os trámites para efectuar as comprobacións oportunas, o órgano competente da Deputación ditará resolución na que se aprobará a xustificación e procederase a librar o pagamento da axuda, sen prexuízo do cumprimento da obriga de achegar, no prazo máximo de dous meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

O pagamento efectuarase ao número de conta bancaria a nome do beneficiario. Non se farán pagos a contas nas que non figure como titular a entidade beneficiaria, para o cal a Deputación poderá solicitar que se acredite mediante certificado bancario a titularidade da conta.

Décimo sétima. Modificación da resolución de concesión

- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.3.l) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, previa solicitude suficientemente xustificada que se deberá presentar con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido. En ningún caso, na modificación do proxecto se permitirá variar o obxecto e a finalidade do mesmo.
- O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recolleitos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- A modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión, nin se prexudiquen dereitos de terceiros e non deberá variarse o destino ou finalidade da subvención.
- No caso de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pago da subvención realizarase de acordo co custo real do proxecto executado e xustificado, ata o límite do importe concedido.
- Os gastos subvencionables que se correspondan con analíticas ou cos gastos derivados directamente da tramitación de novas concesións ou novacións non poderán modificarse para cambiar o destino a outros gastos de investimento e viceversa.



En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.

Décimo oitava. Compatibilidade con outras subvencións

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada, agás para o caso doutras axudas outorgadas pola Deputación para a mesma finalidade.

Para estes efectos e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.

Décimo novena. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro

Procederáse ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, en conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- O incumprimento da normativa de subvencións.
- O incumprimento das condicións e obrigas asumidas no outorgamento da subvención.
- O incumprimento dos obxectivos fixados no proxecto/memoria do investimento.
- A falta de presentación en tempo e forma da documentación xustificativa ou a súa presentación incompleta.
- A falta de pagamento dos xustificantes de gasto das actuacións subvencionadas no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.
- A falta de presentación nos prazos establecidos do xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os



datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Anexos da convocatoria e modelos de presentación de documentación

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>.

34.35910.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (PROGRAMA +AQUA 2026). (EXPTE. 2025074581.).

Dado que a auga constitúe un recurso esencial para a vida de todos os seres vivos e representa un dereito da cidadanía, así como un ben público e un patrimonio social, ambiental e económico vinculado directamente ao benestar da poboación, evidénciase a importancia de garantir un subministro de calidade para consumo humano. Isto resulta especialmente necesario naquelas áreas que, debido á seca, á falta de infraestruturas adecuadas ou ao deterioro das redes existentes, se atopan en situación de emerxencia, escaseza ou deficiencia na prestación do servizo. Por este motivo, propónse a creación dunha liña de subvencións coa que a Deputación de Pontevedra se compromete, no desenvolvemento das súas funcións, a apoiar ás comunidades de usuarios de auga da provincia.

Considerando que, á vista desta necesidade, se confeccionan as Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (+AQUA 2026), como medida de fomento para apoiar ás comunidades de usuarios de augas da provincia no marco das competencias que ten atribuídas a Deputación por lei (arts. 26 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; artigos 80 e ss. da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; artigo 5 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia; a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que reforza o papel das deputacións como garantes da adecuada prestación dos servizos públicos; a Lei de Administración local de Galicia (5/1997, de 22 de xullo) habilita nos seus artigos 255 e 256 ás asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, e o artigo 72 da lei de bases (LRBRL) establece que as corporacións locais favorecen



o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitánlles o uso dos medios públicos e o acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades).

Considerando que a finalidade das axudas é a de contribuír a mellorar a calidade de vida local e satisfacer as necesidades básicas da poboación a través do financiamento de actuacións que contribúan á mellora na prestación do servizo de abastecemento de auga para consumo humano e o seu control sanitario para contribuír á mellora do nivel de garantía deses sistemas en canto á calidade da auga.

Considerando que estas bases e a súa convocatoria rexerán o procedemento aplicable para a concesión das subvencións, en réxime de concorrència competitiva, para sufragar os gastos destinados a mellorar, en termos cualitativos e cuantitativos, a calidade da auga e o estado das instalacións de captación, potabilización, abastecemento e almacenamento de augas de consumo das comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra.

Considerando que as bases, ademais de recoller os criterios de distribución do crédito dispoñible conforme un procedemento de concorrència competitiva, dotan de seguridade xurídica ó procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a obxectividade que deber presidir a actuación da Deputación Provincial de Pontevedra.

Considerando que o financiamento realízase con fondos propios da Deputación do orzamento do ano 2026, onde se recolle a consignación económica para esta actuación, de conformidade co establecido no artigo 56 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Considerando que, de acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Por conseguinte, vista toda a documentación relativa ó citado programa de subvencións, que obra no expediente número 2026074581; vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación (CSV: 0LQOSMGCR3W2GIT2), da Secretaría Xeral (CSV: 4XOLNDH8CTLI1GJ8) e da Intervención Provincial (CSV: G1XVB98K4RJ2XL55), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a memoria explicativa dos obxectivos, custos de realización e fontes de financiamento do programa +AQUA 2026, co tenor literal que se contén no documento con CSV: 53PLPEUTE98ZSPJZ.
2. Aprobar as bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2026 (+AQUA 2026), e aprobar o gasto por importe de un millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00€) de euros, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais, condicionado á aprobación definitiva do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026 e á existencia de crédito suficiente e adecuado no mesmo.

As ditas bases e convocatoria apróbanse co tenor literal que se contén no documento con CSV (WP6AXF63UVSKW2XF).



3. Ordenar a publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DO PROGRAMA DE AXUDAS A COMUNIDADES DE USUARIOS DE AUGAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (PROGRAMA +AQUA 2026)

ANTECEDENTES

Tras a excelente acollida obtida polo programa de axudas ás comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra nas convocatorias correspondentes aos exercicios 2024 e 2025 (Programas +AQUA 2024 e +AQUA 2025), nas que se presentaron preto de setecentas solicitudes, o Goberno provincial manifesta a súa vontade de dar continuidade a esta liña de actuación e reforzar o apoio económico destinado a estas entidades. Con este obxectivo, prevese no orzamento do ano 2026 un incremento específico das partidas orzamentarias dirixidas a financiar este programa.

Esta decisión baséase, ademais, na constatada implantación e relevancia das comunidades de usuarios de auga na provincia, así como na necesidade de consolidar e potenciar as accións de fomento que contribúan á consecución dos obxectivos públicos compartidos entre estas entidades e as administracións, especialmente no que atinxe ao abastecemento de auga de consumo humano en condicións de calidade e seguridade.

Cómpre salientar tamén que existe unha elevada demanda de investimentos por parte das comunidades de usuarios, motivada en boa medida polas novas obrigas técnicas e sanitarias derivadas da entrada en vigor do Real decreto 3/2023, do 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministración, en transposición da Directiva (UE) 2020/2184.

En consecuencia, esta nova convocatoria pretende consolidarse como unha ferramenta eficaz de apoio e cooperación coas comunidades de usuarios, contribuíndo á cohesión territorial, á sustentabilidade ambiental e á mellora da habitabilidade humana, especialmente nos ámbitos rurais. Deste modo, ponse o foco nas comunidades veciñais e territorios máis vulnerables fronte á desigualdade territorial, favorecendo a vertebración do territorio e a xeración de sinerxías positivas que impliquen directamente á cidadanía na construción dun modelo de vida baseado na calidade, sustentabilidade e equidade na prestación dos servizos básicos.

Con tal fin, a Deputación vese na obriga de cubrir as necesidades das entidades veciñais e comunitarias activando unha liña de axudas a través do Programa +AQUA 2026, para comunidades de usuarios de auga, cos seguintes obxectivos xerais:

- A mellora do medio rural e barriadas urbanas mediante un mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, que permita ós seus habitantes unhas adecuadas condicións de vida.
- O desenvolvemento das propias comunidades de usuarios co obxecto de aumentar a súa capacidade de xestión e resolución de problemas, fomentar a súa participación nos distintos ámbitos de actuación e propiciar a súa sustentabilidade.



- Contribuír á mellora da calidade de vida local e fomentar e dinamizar o asociacionismo e o desenvolvemento comunitario.
- Mellorar as infraestruturas e equipamentos comunitarios para facilitar a autoxestión das comunidades, favorecendo a transformación social do territorio de xeito integrador e colaborativo.
- Contribuír á implantación homoxénea en todo o territorio provincial de servizos comunitarios básicos que redunden na mellora da calidade de vida da veciñanza.
- Apoiar e fortalecer a participación das comunidades locais na mellora da xestión da auga, garantir o acceso universal e equitativo á auga potable, mellorar a súa calidade, aumentar o uso eficiente dos recursos hídricos e asegurar a sostibilidade do abastecemento.

De forma complementaria, esta liña de acción créase con un enfoque centrado tamén nos principios e obxectivos do reto demográfico, de xeito que contribúan a:

- Impulsar a vertebración do territorio, garantindo o equilibrio e a cohesión territorial, desde o punto de vista da funcionalidade e a ampliación das posibilidades vitais para a poboación.
- Garantir a igualdade no acceso a servizos e oportunidade.
- Favorecer a funcionalidade territorial.
- Reducir a vulnerabilidade socio-territorial.
- Mellorar a relación e interaccións entre o medio urbano e rural.
- Incorporar fórmulas novas, innovadoras e transformadoras para activar as oportunidades no territorio.
- Perfeccionar os mecanismos de gobernanza multinivel e multiactor.

INTRODUCCIÓN

A auga é un elemento imprescindible para a vida en todas as súas formas, un dereito inherente a toda persoa e un ben público que sustenta o equilibrio ambiental, social e económico das comunidades. A súa relevancia é indiscutible, mais tamén o é a súa escaseza, xa que se trata dun recurso limitado e irregularmente distribuído no tempo e no espazo.

Garantir o acceso universal á auga, ao saneamento e á hixiene é unha obriga recoñecida a nivel internacional como dereito fundamental. Non obstante, unha parte significativa da poboación mundial segue atopando serias dificultades para dispoñer destes servizos básicos, o que agrava as desigualdades e compromete o desenvolvemento sostible.

No ámbito produtivo, a auga tamén desempeña un papel esencial, polo que resulta prioritario asegurar a súa dispoñibilidade e subministración nas zonas con maiores carencias, contribuíndo así á mellora da calidade de vida e á loita contra a pobreza, directamente vinculada á falta de recursos hídricos en condicións axeitadas.

A Axenda 2030, a través do Obxectivo de Desenvolvemento Sostible número 6, recoñece expresamente a importancia deste recurso e impulsa políticas que promovan unha xestión eficiente e sostible da auga, obxectivo que tamén se reflicte nas estratexias públicas españolas e galegas.



Os concellos da provincia de Pontevedra intensifican cada vez máis as medidas de control e uso responsable da auga, promovendo políticas de eficiencia hídrica, a identificación de zonas vulnerables e a mellora das redes de abastecemento. Mais, os pequenos e medianos municipios seguen atopando dificultades para garantir o servizo en condicións óptimas debido ás limitacións económicas e técnicas que afrontan.

Neste contexto, e tendo en conta que a auga é un recurso vital e escaso, convértese nunha prioridade garantir o abastecemento de calidade para o consumo humano, especialmente naquelas zonas afectadas por situacións de seca, deterioro das infraestruturas ou falta de capacidade técnica.

É por iso, que a Deputación de Pontevedra promove unha liña de subvencións dirixida a apoiar ás comunidades de usuarios de augas legalmente constituídas e rexistradas na provincia, co fin de fortalecer a súa capacidade de xestión e mellorar a eficiencia na prestación do servizo.

A obriga de prestar o servizo de abastecemento de auga potable a domicilio deriva do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), concretamente no seu artigo 26, que determina os servizos mínimos que deben garantir os concellos en función da súa poboación.

A lexislación galega reforza este mandato a través da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, que no artigo 80.2, letra l), atribúe aos concellos competencias en materia de subministración de auga, e no artigo 81, letra a), establece o carácter obrigatorio deste servizo en todos os municipios.

Pola súa parte, a Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, dispón no artigo 5 que o abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario son servizos de prestación obrigatoria.

As deputacións provinciais, segundo o artigo 36.1.b) da LRBRL, teñen entre as súas funcións principais a cooperación e asistencia técnica e económica aos municipios, especialmente a aqueles con menor capacidade de xestión, para asegurar a prestación dos servizos obrigatorios. Esta mesma orientación recóllese no artigo 82 da Lei 5/1997, que fai fincapé na importancia de garantir unha prestación homoxénea dos servizos municipais básicos.

Ademais, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, reforza o papel das deputacións como entidades garantes da eficiencia e continuidade dos servizos públicos locais.

Dado que non sempre é viable que as administracións xestionen directamente o abastecemento de auga, a normativa prevé mecanismos de colaboración con entidades e comunidades de usuarios. Así o establece o artigo 81 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2021, do 20 de xullo, que obriga a que os usuarios dunha mesma toma ou concesión se agrupen en comunidades de usuarios.

A aprobación do Real decreto 3/2023, de 10 de xaneiro, que incorpora a Directiva (UE) 2020/2184, supón un novo marco técnico e sanitario para a calidade da auga destinada ao consumo humano, o que incrementa as esixencias e responsabilidades das entidades subministradoras e xestoras. Esta realidade fai imprescindible reforzar as medidas de apoio institucional e de cooperación administrativa.

A Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, nos artigos 255 e 256, e o artigo 72 da LRBRL, tamén recoñecen o papel das asociacións veciñais e a obriga das administracións locais de favorecer o seu desenvolvemento, facilitándolles acceso á información, medios públicos e axudas económicas.



Finalmente, a Lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos artigos 15 e 18, promove a participación do terceiro sector social e a incorporación, nas bases reguladoras das axudas, de criterios que fomenten a sustentabilidade demográfica, a cohesión territorial e a permanencia da poboación no territorio galego.

BASES

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto, finalidade e actuacións subvencionables

1.1 Constitúe o obxecto destas bases a ordenación do procedemento aplicable para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, no marco do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas para o ano 2026 (+AQUA 2026), para sufragar os gastos de investimentos destinados a mellorar, en termos cualitativos e cuantitativos, a calidade da auga e o estado das instalacións de captación, potabilización, abastecemento e almacenamento de augas de consumo das comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra, e convocar estas subvencións para o ano 2026.

1.2 A finalidade das axudas é a de contribuír a mellorar a calidade de vida local e satisfacer as necesidades básicas da poboación a través do financiamento de actuacións que contribúan á mellora na prestación do servizo de abastecemento de auga para consumo humano e o seu control sanitario para contribuír á mellora do nivel de garantía deses sistemas en canto á calidade da auga.

1.3 Actuacións subvencionables:

Serán subvencionables os gastos derivados de investimentos que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 ata o fin do prazo de execución regulado nestas bases, sempre que estean destinados á mellora da calidade da auga e do estado das instalacións de captación, potabilización, tratamento e almacenamento da auga nas traídas xestionadas polas comunidades de usuarios solicitantes a través dalgunha das seguintes intervencións:

- 1 Investimentos que supoñan a instalación ou mellora das infraestruturas e instalacións das traídas de auga comunitarias:
 - Instalación de contadores.
 - Novas canalizacións ou mellora das existentes.
 - Investimentos sobre as redes de distribución.
 - Investimentos sobre tomas de auga.
 - Investimentos de acondicionamento e recuperación dos espazos onde se localicen as infraestruturas e equipamentos comunitarios.
- 2 Investimentos de dixitalización, sostibilidade e eficiencia enerxética das instalacións e infraestruturas que impliquen unha mellora na xestión da auga:
 - Investimentos de mellora en xeral que redunden na eficiencia enerxética e a mellora da sostibilidade das instalacións e infraestruturas.



- Investimentos que supoñan a incorporación de tecnoloxías innovadoras que redunden nunha mellora da xestión da auga.
 - Investimentos de dixitalización para o control da subministración e a calidade da auga
- 3 No ámbito dos sistemas de tratamento da auga, serán subvencionables os seguintes investimentos:
- Obras de mellora nos sistemas de filtración e decantación
 - Instalación de medidores de turbidez
 - Instalación ou obras de mellora de sistemas de desinfección e de recirculación
 - Instalación de dispositivos de cloración e potabilización da auga
 - Instalación ou obras de mellora da eficiencia enerxética no tratamento da auga
- 4 No ámbito da calidade da auga subministrada, serán subvencionables os seguintes investimentos:
- Implantación ou mellora de sistemas de tratamento da auga que impliquen unha mellora da calidade da auga
 - Melloras nas infraestruturas de almacenamento que incidan directamente na calidade da auga
- 5 No ámbito das captacións, serán subvencionables os seguintes investimentos:
- Obras de mellora nas arquetas de captación e os seus elementos
 - Obras de mellora da protección do pozo de captación
 - Instalación de selos sanitarios nos pozos de captación
 - Obras para mellorar os perímetros de protección das captacións
 - Obras para novas captacións, canalizacións e acometidas ou recuperación ou ampliación das existentes
- 6 No ámbito das infraestruturas de almacenamento da auga antes da súa subministración, serán subvencionables os seguintes investimentos:
- Instalacións ou obras de mellora dos respiradoiros
 - Impermeabilización de depósitos
 - Instalación ou obras de mellora na cámara de claves, válvulas de control de enchido para evitar desbordamentos e sectorización
 - Construción de depósitos de auga comunitarios ou acondicionamento, recuperación ou ampliación dos existentes

Tamén serán subvencionables ata o límite de seiscentos (600,00 €) euros os gastos derivados da xestión para solicitar e tramitar a subvención, así como ata o límite de seiscentos (600,00 €) euros os gastos derivados do pagamento de taxas para a obtención das preceptivas autorizacións, licenzas, declaracións responsables ou permisos.

En calquera caso, só serán subvencionables as actuacións operativas, é dicir, aqueles investimentos que conteñan os elementos necesarios para acadar a finalidade para a cal foron deseñadas.

Todos os gastos deberán corresponderse con investimentos realizados dentro do prazo de execución establecido nestas bases.



Os gastos notariais e rexistrals, así como os de redacción de memoria ou proxecto serán subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Non serán subvencionables os gastos correntes das entidades, tales como material funxible, luz, auga, teléfono, alugueiros de locais e similares, nin tampouco vehículos e teléfonos móbiles, nin bens de alta gama que non xustifiquen expresamente a súa utilización preferente sobre outros dispoñibles no mercado.

Non serán subvencionables en ningún caso os traballos ou actuacións que se correspondan con meras reparacións, traballos de conservación ou gastos de mantemento.

Non serán subvencionables, os traballos de desbroce e limpeza de terreos que non sexan parte necesaria dos traballos previos dunha obra. Estes traballos previos non poderán ser a parte principal da execución, estando limitados a un 25% do total do orzamento.

Non serán subvencionables os gastos sobre actuacións en novas infraestruturas e equipamentos ou sobre os xa existentes cando non estean amparados pola correspondente concesión.

Non se admitirán gastos que non respondan á natureza da actividade subvencionada de maneira indubitada e que non resulten estritamente necesarios. En ningún caso o custo de adquisición ou execución dos investimentos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. De non considerarse que os prezos son razoablemente de mercado, requirirase aos interesados para emenda ou aclaración da adaptación dos prezos ao mercado. Todas as unidades de obra ou elementos de gasto que non respecten o establecido nos parágrafos anteriores serán consideradas como non subvencionables. De persistir a falta de adaptación razoada aos prezos de mercado, a Deputación procederá a desestimación da solicitude presentada, previa resolución motivada por parte do órgano competente acorde ó indicado nos artigos 31.1 e 33 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. Para acreditar os prezos medios de mercado aos que se refire o devandito artigo 33, poderán empregarse bases de prezos de aplicación contrastada e recoñecida solvencia, actualizadas, como poden ser a Base de datos da construción de Galicia e/ou Bases de prezos das diferentes administracións e empresas públicas.

A entidade solicitante deberá xustificar adecuadamente que a actuación está amparada pola correspondente concesión nos termos expresados nestas bases, así como polos correspondentes permisos, autorizacións, declaracións responsables ou licenzas, que se corresponde con algunha das actuacións subvencionables e se realiza integramente no territorio provincial, para o cal a Deputación solicitará cantos documentos e aclaracións considere pertinentes. De non considerarse suficientemente acreditado o cumprimento desta circunstancia, a Deputación poderá desestimar a solicitude, previa resolución motivada por parte do órgano competente.

Segunda. Natureza xurídica

De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e do artigo 4 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra (OXS), as axudas que se arbitren a favor das entidades beneficiarias no marco desta liña de axudas, para o programa de axudas a comunidades de usuarios de augas para o ano 2026 (+AQUA 2026), terán o carácter de subvencións e rexeranse pola seguinte normativa:



- Lei xeral de subvencións, nos artigos de carácter básico e na súa normativa tamén básica de desenvolvemento.
- Lei de subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento.
- Artigos non básicos da LXS e normativa de desenvolvemento.
- Lexislación de réxime local estatal e autonómica.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.
- Bases de execución do orzamento, sobre todo nos aspectos orzamentario e contable.
- Convocatoria e bases reguladoras destas.
- Actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación.

Terceira. Aprobación das bases

De acordo co establecido na base 16.2 das Bases de execución do Orzamento para o exercicio 2026 e cumprindo co establecido no artigo 17 da LXS, o órgano competente para aprobar estas bases é a Xunta de Goberno da Deputación.

Cuarta. Entidades beneficiarias

- 1 Poderán solicitar as axudas reguladas nestas bases as comunidades de usuarios de augas coa finalidade de abastecemento para consumo humano, que teñan domicilio social na provincia de Pontevedra, estean legalmente constituídas de forma definitiva en data anterior ao fin de presentación de solicitudes (non se admiten NIFs provisionais), e debidamente inscritas no rexistro público correspondente como titulares do aproveitamento das augas para o que solicitan a subvención, para a realización dos investimentos subvencionables en terreos ou inmoables da súa titularidade ou sobre os que dispoñan dun dereito de uso por calquera título válido nos termos especificados nestas bases.
- 2 Para obter a condición de beneficiarias, as comunidades de usuarios deberán cumprir, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de solicitudes os seguintes requisitos:
 - Ter domicilio social na provincia de Pontevedra.
 - Estar legalmente constituídas como titulares dunha concesión de aproveitamento de augas para consumo humano e debidamente inscritas no rexistro público correspondente como titulares do aproveitamento de augas para o que solicitan a subvención. O prazo de concesión do aproveitamento de augas ten que estar vixente no momento da presentación da solicitude e, por tanto, non serán subvencionables as solicitudes daquelas entidades cuxa concesión estea caducada ou expirada salvo naqueles supostos nos que se acredite a presentación da solicitude de renovación perante o organismo competente antes do fin do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.



- No caso de execución de obras, ter a titularidade, o dereito de uso sobre os terreos ou inmobles sobre os que se vaia realizar o obxecto subvencionable, cunha duración mínima de cinco anos a contar desde o fin da data de presentación de solicitudes. Nos supostos de cesión do uso, unicamente se admitirán como subvencionables cando sexan de titularidade de administracións públicas ou comunidades de montes. Exclúense os supostos de contratos de aluguer, así como as cesións onerosas ou gratuítas, doutras persoas físicas ou xurídicas de carácter privado. Quedan expresamente excluídas as cesións de uso ou disposición que teñan por obxecto bens de dominio e uso público, tales como vías públicas, camiños, rúas, prazas, parques, xardíns, zonas verdes, espazos libres ou calquera outro ben integrante do dominio público, por non ser legalmente susceptibles de cesión, de conformidade coa súa natureza.

Cando se trate de instalación ou mellora de tubaxes, canalizacións ou investimentos análogos deberase dispoñer da autorización expresa dos titulares dos terreos sobre os que se vai actuar para levar a cabo a actuación sinalada.

- Non estar incursas en ningún procedemento sancionador ou de reposición co organismo de bacía correspondente.
- Cumprir os requisitos recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións.
- Estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación de Pontevedra. O cumprimento deste requisito deberá estar referido ao momento do fin do prazo de solicitudes.

- 3 Ningunha comunidade de usuarios poderá presentar máis dunha solicitude ao abeiro desta convocatoria de axudas, aínda que se refira a actuacións distintas. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas en segundo lugar ou sucesivo lugar.

Quinta. Financiamento

A contía desta convocatoria de axudas ascende a un millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00 €), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial do exercicio 2026, imputables contra a aplicación orzamentaria 2026/942.4590.789.07, para gastos de investimentos reais.

A contía inicial máxima poderá ampliarse como consecuencia da existencia de remanentes na convocatoria correspondente do Programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra (Plan Provincia Comunitaria 2026), financiado con cargo á aplicación 2026/942.4590.789.07.

O incremento de crédito condicionase a existencia de crédito dispoñible como consecuencia da circunstancia referida e aprobación, no seu caso, da modificación orzamentaria correspondente. Esta modificación deberá levarse a cabo antes do 31 de decembro de 2026.

O órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria sen que dita publicidade implique a apertura de prazo para presentación de novas solicitudes nin inicio de novo cómputo de prazo para resolver.



No caso de que o importe destinado a esta convocatoria non se esgotase no momento da concesión, o crédito declarado dispoñible poderase empregar, de xeito adicional, para a concesión doutras subvencións a solicitudes en lista de agarda do Programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra (Plan Provincia Comunitaria 2026).

Sen prexuízo do disposto nos apartados anteriores, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 58.2 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo. O importe desta ampliación dependerá do volume de solicitudes presentadas, co límite máximo dun un millón catrocentos corenta mil euros (1.440.000,00 €) adicionais e quedará condicionada á declaración de dispoñibilidade do crédito a consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A Deputación de Pontevedra publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo do prazo para resolver.

Sexta. Criterios de concesión e contía das subvencións

6.1. As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrência competitiva, de acordo cos principios establecidos no artigo 8.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A axuda económica que se conceda poderá abarcar a totalidade do investimento solicitado cun máximo de DEZ MIL (10.000,00 €) euros e un mínimo de SEIS MIL (6.000,00 €) euros por entidade beneficiaria. Unicamente se concederá unha axuda por entidade.

Aplicaranse os seguintes criterios e baremos para a valoración das solicitudes, que poderán obter un máximo de 35 puntos:

- a) Calidade da memoria.- por conter todos os apartados enumerados a continuación e describirse de forma detallada, completa e clara de maneira que se aprecien claramente os requisitos e aspectos a valorar (máximo 20 puntos):
 - Por conter as medicións que se inclúan no orzamento explicativas e desagregadas en planos e esquemas, de forma que sexa posible a súa comprobación e cálculo, permitindo a súa implantación e a análise da súa realidade xeométrica: máximo 8 puntos.
 - 1. Planos, esquemas de detalle con medicións reflectidas graficamente: 4 puntos.
 - 2. Fotografías das zonas de actuacións a realizar: 2 puntos.
 - 3. Inclusión da comprobación e análise da implantación ou localización das actuacións: 2 puntos.

No caso de conter descrições parciais ou incompletas abrangendo como mínimo o 50% do orzamento: ata o 50% da puntuación máxima de cada subapartado.

- Por conter unha correcta xustificación de que o coste de adquisición dos gastos subvencionables non é superior ó valor de mercado. Será válida calquera metodoloxía que permita mostralo, tanto as indicadas no artigo 33 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións como mostrar un valor medio de mercado a través de recompilacións dos prezos do/s elemento/s a xustificar en diversos



establecementos comerciais, uso de bases de prezos actualizadas e de contrastada solvencia, desagregado en unidades doadamente estimables, xustificación de rendementos... etc.: máximo 6 puntos.

1. Cadro valoración actuación/s subvencionable/s (segundo apartado do punto 1.3 da base primeira): 1 punto
2. Utilización de base/s de prezos actualizada/s: 1 punto
3. Presentación de oferta solicitada a empresa e/ou establecemento comercial: 1 punto
4. Presentación de actuación/s con prezos desagregados por partidas ou unidades de obra: 1 punto
5. Presentación de actuación/s con prezos descompostos por partidas ou unidades de obra: 1 punto
6. Presentación de oferta/s de contraste ou comparativa de prezos da/s actuación/s: 1 punto

No caso de conter descrições parciais ou incompletas abrangendo como mínimo o 50% do orzamento: ata o 50% da puntuación máxima de cada subapartado.

- Por conter un detalle desagregado da man de obra subvencionable, no caso de que esta non estea incluída nunha unidade de obra, que permita imputar a mesma a cada unha das obras elementais ou gastos da solicitude. No caso de man de obra incluída en unidades de obra, por conter unha explicación dos rendementos con suficiente detalle que permita entender o alcance da mesma, incluíndo o número de horas por unidade: máximo 4 puntos.

1. Cadro man de obra desagregada/s por actuación/s: 2 puntos.
2. Cadro man de obra con descompostos e rendementos por actuación/s: 2 puntos.

No caso de conter descrições parciais ou incompletas abrangendo como mínimo o 50% do orzamento: ata o 50% da puntuación máxima de cada subapartado.

- Por conter unha explicación que xustifique a subvencionabilidade da solicitude: que está dentro das actuacións subvencionables, que é operativa, que corresponde ó estritamente necesario, que non existen desbroces superiores ó máximo permitido e un detalle do obxecto e uso futuro dos elementos a subvencionar: máximo 2 puntos.

1. Actuación/s incluída/s nas operacións subvencionables segundo apartado, punto 1.3, base primeira): 1 punto
2. Detalle explicativo do obxecto e uso do/s elemento/s: 1 punto

No caso de conter descrições parciais ou incompletas abrangendo como mínimo o 50% do orzamento: ata o 50% da puntuación máxima de cada subapartado.

b) Pola representatividade da entidade solicitante, en función do número de comeneiros da comunidade de usuarios, acreditado mediante certificación emitida pola persoa secretaria da entidade actualizada con data comprendida como máximo desde os tres meses anteriores á data de apertura da convocatoria (máximo 7 puntos):

- Máis de 200 membros: 7 puntos.



- Entre 151 e 200 membros: 6 puntos.
- Entre 101 e 150 membros: 5 puntos.
- Entre 51 e 100 membros: 4 puntos.
- Entre 11 e 50 membros: 3 puntos.
- Entre 5 e 10 membros: 2 puntos.

c) Pola corresponsabilidade financeira, entendida como as achegas realizadas polos membros da Asociación, que se acreditará coa certificación do secretario da entidade das cotas dos membros, xustificantes dos ingresos da última anualidade vencida ou documentos análogos que permitan a comprobación, puntuarase do seguinte xeito (no caso de existir cotas de diferente importe por comuneiro, cotas familiares ou similares, considerarase a media aritmética por comuneiro, é dicir a suma total das cotas dividido entre o número total de comuneiros), máximo 5 puntos:

- Cota de máis de 80 euros ao ano: 5 puntos.
- Cota de entre 51 e 80 euros ao ano: 4 puntos.
- Cota de entre 26 e 50 euros ao ano: 3 puntos.
- Cota de entre 10 e 25 euros ao ano: 2 puntos.
- Cota de menos de 10 euros ao ano: 1 punto.
- Cota de cero euros ao ano: 0 puntos.

d) Impacto territorial no cumprimento dos obxectivos de reto demográfico -en función do índice de envelhecimento da poboación do concello onde ten o domicilio social a entidade solicitante, de conformidade aos datos publicados polo IGE - Instituto Galego de Estatística-, vixentes no momento da publicación destas bases (máximo 3 puntos):

- Maior de 300: 3 puntos.
- Entre 101 e 300: 2 puntos.
- Menor ou igual a 100: 1 punto.

As subvencións para cada investimento poderán alcanzar ata o 100% do orzamento, tendo en conta que a axuda non poderá superar o importe máximo asignado ao orzamento na solicitude. En todo caso, a entidade beneficiaria terá a obriga de asumir o cofinanciamento pola parte que exceda o importe da axuda.

Os investimentos subvencionables deben de constituír o ámbito material de competencias das entidades beneficiarias que, se o consideran oportuno, poderán asignar recursos orzamentarios propios á mesma finalidade.

6.2. Quedarán excluídas aquelas solicitudes que incumplan os requisitos e condicionantes establecidos nestas bases e demais normativa aplicable en materia de subvencións.

O cumprimento destas circunstancias acreditarase mediante a achega da documentación necesaria correspondente, segundo o caso, e deberá estar referido, a máis tardar, con respecto á data de finalización do prazo de presentación de solicitude. A Deputación resérvase a potestade de requirir as aclaracións necesarias naqueles casos que non permitan dilucidar con claridade o seu cumprimento. Non obstante, os aspectos baremables no apartado a) serán valorados en relación á documentación achegada na fase de presentación de solicitudes, é dicir, que non se terá en conta a efectos da súa valoración a súa emenda posterior.



CAPÍTULO II. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

Sétima. Procedemento de concesión

1. A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefatura do Servizo de Cooperación cos Municipios.
2. A instrución do procedemento de concesión comprenderá as seguintes actividades ou fases:
 - a) Unha vez presentadas as solicitudes, realizarase o seu estudo e comprobación por parte do servizo instructor e solicitaranse as emendas que procedan, que deberán presentarse no prazo de 10 días hábiles. As emendas achegadas non poderán en ningún caso introducir unidades de obra novas, actuacións adicionais nin modificacións substanciais no proxecto, nin alterar ou substituír os orzamentos inicialmente presentados, salvo correccións de erros materiais ou aritméticos.
 - b) Unicamente serán admisibles as correccións de erros materiais ou aritméticos que non impliquen variación do contido esencial do proxecto, do alcance das actuacións nin dos importes valorados.
 - c) Petición de informes: o órgano instructor solicitará o informe dos servizos técnicos provinciais sobre os proxectos presentados a efectos de avaliar, de xeito motivado, o cumprimento dos criterios que se deben ter en conta segundo estas bases. No mesmo informe ou en informes técnicos adicionais, incluírase a relación detallada dos permisos, declaracións responsables ou autorizacións sectoriais para a execución dos investimentos. Así mesmo, incluírase a valoración xustificada e motivada dos criterios técnicos avaliados para a concesión, salvo que non sexa necesaria por existir crédito suficiente.
 - d) Informe-proposta da xefatura do Servizo de Cooperación, no que figurará a valoración das solicitudes á luz dos criterios de valoración establecidos nestas bases, explicando o sistema de valoración seguido, relacionando as solicitudes por orde decrecente de puntuación, e sinalando a subvención que lle corresponde a cada un dos beneficiarios segundo o solicitado, tendo en conta que ás solicitudes con maior puntuación poderá asignárselles unha subvención de ata o cen por cen do orzamento presentado, dentro do importe máximo subvencionable e a contía solicitada. Unha vez efectuado o reparto, de existir importe sobrante que non cubra a totalidade do importe máximo subvencionable da seguinte solicitude á que lle correspondería a subvención, segundo a orde de prelación establecida, non se lle concederá subvención, se ben, pasará a formar parte da lista de agarda como primeira solicitude e poderá obter por esta vía a subvención polo importe total subvencionable, coas limitacións reguladas por estas bases. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns da desestimación. Para aquelas solicitudes que se desestimen por terse esgotado o crédito establecerase unha prelación e pasarán a constituír a lista de agarda. En casos de empate, resolverase por sorteo, de cuxa celebración se levantará acta que se incorporará ao expediente. No suposto de que o número total de solicitudes presentadas supoña un importe a subvencionar total que non exceda o importe máximo consignado para este programa, non será necesario proceder á valoración das solicitudes, sendo unicamente procedente a verificación do cumprimento dos requisitos xerais de subvencionabilidade establecidos nestas bases.
 - e) Informe de fiscalización de Intervención de todos os expedientes e do informe-proposta.



- f) Estudo do informe-proposta por parte da Comisión de Avaliación, da que a secretaria ou secretario redactará a acta. A Comisión de Avaliación estará formada polos seguintes membros ou as persoas que se designen como os seus suplentes:

Presidencia:

- O deputado delegado de Acción Comunitaria.

Vogais:

- Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios.
- Unha técnica ou técnico do Servizo de Arquitectura.
- Unha técnica ou técnico do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Unha técnica ou técnico da Intervención Provincial.

Secretaria ou secretario:

- Unha técnica ou técnico do Servizo de Cooperación, funcionaria ou funcionario de carreira con titulación superior.

- g) Con carácter previo á proposta de resolución definitiva, o órgano instructor poderá elevar proposta de resolución coa relación de solicitudes excluídas, expoñendo os motivos da exclusión, para que o órgano competente resolva e se lle notifique aos interesados co fin de que poidan aducir alegacións e aportar os documentos ou outros elementos de xuízo que consideren nun prazo de 10 días hábiles e que serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución definitiva.
- h) Proposta de resolución definitiva, que se elevará ao órgano competente para a súa aprobación. De producirse algún cambio con respecto á resolución provisional, este deberá ser informado pola intervención provincial.
- i) Resolución do órgano competente, de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras, na que se deberán acreditar os fundamentos da resolución que se adopte. O prazo máximo para notificar e resolver non poderá exceder os 6 meses. O prazo computarase a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificar os potenciais beneficiarios lexitímaos para entender desestimadas por silencio administrativo as súas solicitudes de concesión de subvención.

3. A proposta de resolución definitiva non crea ningún dereito a favor do beneficiario proposto fronte á Administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión. Unha vez notificada a resolución de concesión, entenderase aceptada polas entidades beneficiarias salvo que estas a rexeiten expresamente no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución.

4. As solicitudes que conteñan toda a documentación válida para a concesión das subvencións pero que non obteñan subvención por esgotarse o crédito dispoñible para este programa, quedarán en lista de agarda e poderán obter financiamento segundo o disposto na base Quinta.



Oitava. Lugar e prazo de presentación das solicitudes

8.1 Forma de presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluíndo o DNI-e).

As solicitudes deberán estar debidamente cubertas, especificando a súa denominación concreta, o orzamento e o importe da subvención solicitada, e deben conter todos os datos da comunidade de usuarios solicitante que serán os que se empreguen por parte do servizo instrutor en todo o procedemento a efectos de comunicación e notificación.

As ditas solicitudes deberán ser aprobadas mediante o acordo do órgano competente da entidade solicitante, en data posterior á publicación destas bases, onde se indique expresamente a finalidade concreta e a cantidade que se solicita, achegándose este acordo ou unha certificación acreditativa do acordo de aprobación.

Sinatura electrónica obrigatoria dos documentos

A solicitude, así como todas as declaracións responsables, certificados, compromisos e demais documentos que impliquen manifestación de vontade, responsabilidade ou obriga por parte da Asociación, deberán estar asinados electronicamente pola persoa que ostente a representación legal da entidade.

Non se admitirán:

- Sinaturas manuscritas insertadas/escaneadas.
- Sinaturas efectuadas por terceiros que non teñan representación substantiva na Asociación.
- Sinaturas realizadas por xestores ou por profesionais intermediarios, salvo que acrediten poder específico para iso.

Presentación electrónica a través dun representante (xestoría)

A Asociación poderá designar unha xestoría, asesoría ou profesional autorizado para presentar telematicamente:

- A solicitude.
- A documentación achegada.
- As emendas ou requirimentos.
- As notificacións electrónicas, se así se autoriza.



A representación conferida á xestoría é meramente para efectos de tramitación e en ningún caso habilita para asinar declaracións responsables, certificados, compromisos ou calquera documento que implique responsabilidade ou aceptación de obrigas en nome da Asociación. Estes documentos deberán ser sempre asinados pola persoa representante legal da Asociación.

8.2 Prazo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de subvencións que se acollan a este programa será desde o día seguinte ao da publicación das bases e do extracto desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e ata o mércores, 01 de abril de 2026.

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación dos procedementos consultaránse automaticamente os datos incluídos nas solicitudes:

- Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- NIF da entidade solicitante.
- NIF da persoa representante.
- Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

No caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado na solicitude de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar a presentación dos documentos correspondentes.

Décima. Presentación de documentos

As entidades solicitantes deberán presentar a solicitude normalizada, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. En dita solicitude recolleránse os datos básicos da entidade solicitante, os da actuación obxecto da subvención (denominación e orzamento), os da persoa representante e os referidos aos efectos de notificación.

Ademais, xunto coa devandita solicitude as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificación expedida e asinada pola persoa que exerza o posto de secretario da comunidade de usuarios, no que se faga constar (ANEXO I):
 - O acordo do órgano competente no que se acorde solicitar a subvención, coa indicación do importe e da denominación da actuación para a que se solicita a subvención. A data de dito acordo ten que ser posterior á publicación das bases reguladoras.
 - Que se cumpren os requisitos e as obrigas sinalados nestas bases reguladoras.



- O número de comuneiros actualizado con data comprendida como máximo desde os tres meses anteriores á data de apertura da convocatoria.
 - O importe individualizado da totalidade das cotas que pagan anualmente os comuneiros referidos á última anualidade vencida ou, no seu caso, xustificantes dos ingresos da última anualidade vencida ou documentos análogos que permitan a súa comprobación.
 - Que todos os prezos unitarios que constan no orzamento corresponden con prezos de mercado.
 - Que as persoas que se relacionan no mesmo cos cargos de presidente/a, secretario/a e autorizado da comunidade de usuarios, actúan en calidade dos cargos que ostentan con indicación do órgano que os nomeou e a data do acordo, así como que na actualidade seguen vixentes no cargo.
 - Que o número de conta bancaria indicado para o ingreso da subvención é de titularidade da entidade solicitante.
- Declaración responsable de que a entidade (ANEXO II):
- Dispón da titularidade dos terreos, inmobles ou instalacións sobre as que se vai actuar.
 - No caso de que non se dispoña da titularidade, de que se conta coa cesión do dereito de uso dos terreos, inmobles ou instalacións sobre as que se vai actuar con anterioridade á publicación destas bases e cunha duración mínima de cinco anos.
 - No caso de que se dispoña dun dereito de uso cunha duración inferior a cinco anos, asumirase o compromiso de obter antes do fin do prazo execución, a prórroga ou ampliación polo prazo pendente ata completar o mínimo esixido.
 - Cando se trate de cambios de tubaxes, novas canalizacións, mellora das tubaxes existentes ou investimentos análogos de que se dispón da autorización expresa dos titulares dos terreos sobre os que se vai actuar para levar a cabo a actuación con especificación de a quen pertencen exactamente.
 - Que, segundo a documentación que obra no expediente ou da contabilidade ao seu cargo, non se recibiron outras subvencións ou axudas para a finalidade subvencionada. En caso de telas solicitado, deberase indicar o detalle do financiamento solicitado e o organismo ao que se lle solicitou, e no caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
 - Que a entidade solicitante non incorre en ningunha causa de prohibición para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que coñece e acepta o total contido destas bases da convocatoria, e que asume o compromiso de cumprir as condicións da subvención.
 - Que a entidade solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social e coa Deputación provincial.
 - Que a entidade solicitante ten o domicilio social na provincia de Pontevedra.
 - Que a entidade solicitante está legalmente constituída e conta con NIF definitivo.



- Que as actuacións subvencionables se van realizar integramente no territorio da provincia de Pontevedra.
 - Que a entidade solicitante dispón ou, no seu defecto, se compromete a obter antes do fin do prazo de xustificación as autorizacións, licenzas, declaracións responsables e permisos preceptivos para a execución das actuacións obxecto da subvención.
 - Que autoriza expresamente a Deputación de Pontevedra para solicitar tanta información resulte necesaria para a correcta comprobación e verificación da información subministrada e, en especial, para dar acceso de forma automática aos rexistros, bases de datos ou arquivos dixitais onde conste a información necesaria para efectuar as comprobacións, cando iso sexa posible.
- Detalle das autorizacións, licenzas, declaracións responsables e/ou permisos preceptivos para a realización da actuación subvencionable e documentación acreditativa de telos solicitado ou, no seu caso, compromiso de solicitalos.
 - Resolución de concesión de aproveitamento de augas para consumo humano, así como que dita concesión do aproveitamento de augas está vixente ou que se ten solicitada a súa novación ou renovación e se acredita a súa presentación perante o organismo competente antes do fin do prazo de presentación desta convocatoria.
 - Documentación acreditativa da inscrición no rexistro público de augas correspondente. A acreditación deberá estar actualizada e terá que ter unha antigüidade máxima de seis (6) meses desde a data límite de presentación de solicitudes.
 - Certificado de conta bancaria da entidade solicitante. O certificado deberá estar actualizado e terá que ter unha antigüidade máxima de seis (6) meses desde a data límite de presentación de solicitudes.
 - Unha memoria valorada ou proxecto técnico, nos casos que resulte esixible, asinada electronicamente polo/a presidente/a da entidade solicitante e/ou os/as técnicos/as competentes, conformada polas seguintes partes:
 - Memoria explicativa na que se describa o obxecto das actuacións subvencionables, detallando en planos ou esquemas a localización das actuacións. A memoria recollerá os antecedentes e a situación previa á intervención para a que se solicita a subvención, as necesidades que se deben satisfacer e a xustificación da solución adoptada, e na que se detallen os factores de todo tipo que hai que ter en conta.
 - A definición dos traballos a realizar ou elementos a subvencionar de forma que queden perfectamente definidos, así como os detalles que delimiten a ocupación de terreos.
 - Planos, esquemas e/ou fotografías, que evidencien a situación inicial da infraestrutura sobre a que se vai intervir antes da execución das actuacións subvencionables, de forma que se identifiquen as datas en que se tomaron as fotografías, os lugares e infraestruturas sobre as que se vai intervir e o seu estado, que deberá corresponderse co estado previo á execución das actuacións subvencionables. Non serán subvencionables aquelas actuacións nas que non existan evidencias gráficas ou os servizos técnicos provinciais non poidan comprobar materialmente o estado anterior á realización das actuacións subvencionables.



Estes planos, esquemas e/ou fotografías de conxunto e de detalle deberán ser os necesarios para que o obxecto subvencionable quede perfectamente definido e poida ser, así, correctamente avaliada a solicitude nas fases de concesión e xustificación.

- Un orzamento desagregado en unidades, no que se definan con claridade os distintos elementos presentes en cada unha, coas súas características técnicas precisas, con expresión dos prezos de cada unidade e o número de unidades, co IVE desagregado que sexa de aplicación e de acordo cos prezos unitarios de mercado actualizados.

En caso de que o IVE sexa deducible, deberá indicarse expresamente.

Incluirase a definición do estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.

A man de obra que non sexa definida como parte dunha unidade de obra, deberá ser indicada obrigatoriamente ben mediante o número de horas de traballo orzamentadas e o seu prezo unitario ou mediante outra expresión que permita ós servizo técnicos provinciais identificar sen xénero de dúbida a cantidade de man de obra imputada a cada unidade. En caso de formar parte dunha unidade de obra, esta debe ser explicitada de forma que permita coñecer a cantidade da mesma imputada en cada unha. Os/as técnicos/as provinciais poderán solicitar calquera tipo de aclaración para poder comprobar a razoabilidade e adecuación ós prezos de mercado dos traballos incluídos na proposta a subvencionar, non sendo aceptable que unha partida alzada sexa considerada como unha unidade, por tanto, non será aceptable establecer un prezo global fixo por un conxunto de traballos nin pola totalidade do obxecto do investimento.

Os gastos xerais e o beneficio industrial poderán aplicarse coma unha porcentaxe da execución material (13% e 6% respectivamente) ou xa repercutidos en cada unidade. A entidade solicitante deberá indicalo de forma que non exista dúbida do método utilizado.

Así mesmo, calquera outra documentación adicional de carácter técnico, e particularmente á referida aos aspectos a avaliar como criterios de concesión referidos na base 6.1.a) “calidade da memoria”, incorporárase á memoria valorada ou proxecto técnico.

A Memoria do proxecto é un documento esencial e imprescindible para a avaliación das solicitudes, polo que a súa ausencia non é susceptible de emenda, de acordo co artigo 23.5 da Lei 38/2003 e o artigo 66.6 da Lei 39/2015. Considerarase que non existe memoria cando non se presente ningún documento que desenvolva todos ou parte substancial dos apartados anteriores. Para os efectos destas bases, a achega exclusiva dun orzamento, factura proforma ou documento equivalente non se considera presentación parcial da memoria, senón falta total de presentación da mesma.

Cando o requirimento de emenda inclúa aspectos baremables de acordo co disposto na base 6.1.a) a información achegada con posterioridade ao prazo de presentación de solicitudes unicamente se terá en conta para efectos de admisión da solicitude, nunca para efectos de valoración. A valoración efectuarase exclusivamente sobre a documentación presentada xunto coa solicitude, dentro do prazo de presentación, sen que poida ter resultados favorables a posterior emenda de documentos que inflúan na puntuación. A emenda de documentos que teñan incidencia na valoración só poderá empregarse para:

- Acreditar que a entidade cumpre os requisitos mínimos para ser admitida,



- Completar elementos formais indispensables, ou
- Permitir a análise técnica da documentación indispensable,

A comprobación do contido dos proxectos realizarana os servizos técnicos provinciais.

No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra.

Calquera falsidade nos datos presentados dará lugar á perda da subvención concedida, ademais doutras medidas que para o caso poida arbitrar o organismo provincial.

Non se concederán subvencións se non figuran no expediente todos os formularios e os documentos preceptivos recollidos nestas bases. En caso de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base, ou de incumprimento do previsto no artigo 68 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada que emende as faltas ou omisións no prazo máximo de dez (10) días hábiles, e indicárselle que, se non o fai, se terá por desistida da súa solicitude, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

Os anexos dispoñibles na Sede electrónica da Deputación Provincial de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, e a través da URL directa <https://dehu.redsara.es/>, non serán obxecto de manipulación ou emendas. Poderanse utilizar modelos propios de certificacións que deberán respectar o contido exacto recollido nestas bases.

Décimo primeira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. O certificado electrónico das comunidades de usuarios de auga deberá estar en vigor para a correcta notificación das resolucións e dos actos administrativos así como o do autorizado no caso que se designe un para a tramitación do expediente.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e a través da URL directa <https://dehu.redsara.es>

As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



Décimo segunda. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes e emenda destas

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que será ditada nos termos do artigo 21.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outras). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para levar a cabo trámites sobre outros expedientes e presentalos electronicamente. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se está a realizar o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

CAPÍTULO III. EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONADAS POLOS BENEFICIARIOS

Décimo terceira. Prazo de execución e xustificación das actuacións

As actuacións deberán estar executadas na súa totalidade o 30 de xuño de 2027 e xustificadas, a máis tardar, o 31 de xullo de 2027. Estes prazos serán os mesmos para as solicitudes que queden en lista de agarda e que se concedan posteriormente, non sendo posible a concesión de novas subvencións para as solicitudes en lista de agarda máis alá do 26 de febreiro de 2027.

Os prazos de execución e xustificación só poderán ser prorrogados, por un máximo de tres (3) meses, previa solicitude debidamente motivada da entidade beneficiaria naqueles casos en que se acredite o cumprimento dalgún dos seguintes requisitos:

- A demora na obtención dos permisos, licenzas, autorizacións ou declaracións responsables necesarios para a execución da actividade subvencionada cando sexa por causas alleas e non imputables á entidade beneficiaria.
Para estes efectos, a entidade deberá acreditar que actuou coa debida dilixencia, sen incorrer en atrasos pola súa parte, mediante a xustificación de que presentou as solicitudes correspondentes sen dilación indebida, e achegou en prazo a documentación requirida polos distintos organismos.



Non se considerarán causas xustificativas as demoras derivadas de actuacións tardías, incompletas ou negligentes da propia entidade solicitante.

- A aparición de circunstancias sobrevidas ou imprevisibles non imputables á entidade beneficiaria e que dificulten a execución no prazo previsto inicialmente.

A estes efectos, a prórroga será acordada individualmente para cada entidade e deberá aprobarse polo órgano competente da Deputación con anterioridade ó vencemento do prazo inicial.

En atención ó anterior, a solicitude de prórroga deberá formalizarse antes do 31 de marzo de 2027. No caso de non estar aprobada a prórroga na data de vencemento dos prazos de execución e xustificación, considerarase denegada.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto deste plan e as actuacións realizadas cando o considere oportuno, así como formular as observacións que estime pertinentes.

A Deputación poderá valorar, segundo o ritmo de execución e xustificación das actuacións subvencionadas, a tramitación de oficio da concesión da prórroga máxima, sen necesidade de tramitala de forma individual, para o cal, de ser o caso, deberá aprobarse polo órgano competente e publicarse o dito acordo no boletín oficial da provincia.

Décimo cuarta. Obrigas das entidades beneficiarias

As entidades beneficiarias, en conformidade co disposto nestas bases, estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), en particular:

- A destinar o importe das subvencións outorgadas ao cumprimento total das finalidades que fundamentan a concesión das subvencións.
- A realizar as actuacións que fundamentan a concesión das subvencións nos prazos sinalados nestas bases.
- A someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que determine a Deputación de Pontevedra, para o que achegarán tanta información se lles requira no prazo que estableza a institución provincial. A estes efectos, en relación ó control financeiro, as entidades beneficiarias deberán cumprir o disposto no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, dispoñible no enlace: <https://boppo.depo.gal/web/boppo/detalle/-/boppo/2016/12/30/2016045874>.
- A destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un mínimo de cinco anos.
- A cumprir a normativa de subvencións e a demais normativa que sexa de aplicación.

As entidades beneficiarias deberán darlle a adecuada publicidade ao financiamento por parte da Deputación de Pontevedra para as actuacións subvencionadas. Para estes efectos deberán:

- En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, a entidade beneficiaria deberá recoñecer o apoio da Deputación de Pontevedra, de conformidade co manual de imaxe corporativa específico desta axuda, dispoñible no portal institucional da Deputación de Pontevedra, incluída a imaxe institucional correspondente.



- Acreditar a publicidade, indicando as accións de comunicación realizadas, as fotos e demais documentación que se considere necesaria.
- Colocar en lugar visible un cartel informativo, que facilitará a Deputación de Pontevedra, no que se indique que se trata dunha obra subvencionada pola institución provincial, o importe subvencionado e o logotipo da Deputación.
- Colocar nun lugar visible o adhesivo co logo da Deputación de Pontevedra, que facilitará a institución co fin de acreditar a publicidade dada á obra subvencionada.
- Facerse cargo fisicamente dos carteis que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, un ano despois da comprobación material realizada pola Deputación.

Correspóndelle ao Departamento de Comunicación Institucional dar as instrucións que se deben seguir no relativo á imaxe institucional. Para estes efectos, en www.depo.gal atópanse os modelos normalizados dos carteis e outras formas de publicidade que deben incluírse nos investimentos.

Décimo quinta. Xustificación da subvención

Todas as actuacións deberán estar xustificadas na data sinalada na base Décimo terceira.

A xustificación da subvención realizarase coa achega de xustificantes de gasto, certificacións, facturas e a demais documentación xustificativa, segundo o previsto nesta base. E en todo caso coa seguinte documentación:

- Memoria explicativa do investimento realizado e dos resultados obtidos, que inclúa unha reportaxe fotográfica, asinada electronicamente polo presidente ou pola presidenta da entidade beneficiaria ou por quen actúe en representación desta. A presentación das fotografías farase de forma que se identifiquen os lugares e o momento da execución á que correspondan (antes, durante e despois).
- Conta xustificativa dos gastos no modelo normalizado dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (formulario 100.001), asinada electronicamente e debidamente cuberta, na cal se relacionarán as facturas ou documentos probatorios no tráfico mercantil e administrativo (identificaranse o proveedor, NIF, número de factura, concepto e importe) que xustifiquen a execución do proxecto que fundamentou a resolución de concesión. Os gastos xustificandos deberán coincidir exactamente cos conceptos incluídos no orzamento inicial, permitíndose unicamente a súa adaptación nos termos especificados na base Décimo Sétima. Non se aborará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida e da porcentaxe de financiamento correspondente á concesión.
- Facturas dos gastos realizados, que deberán detallar as unidades e os prezos unitarios e coincidir exactamente cos conceptos incluídos no orzamento inicial que dou lugar á concesión da subvención. De non vir correctamente tipificado o gasto, as facturas non se admitirán a trámite, o que dará lugar á perda da subvención concedida.
- Acreditación da publicidade dada ao financiamento obtido da Deputación mediante fotografías do cartel publicitario, dos adhesivos, dossier de noticias de prensa ou outras accións de publicidade en redes, páxinas web, etc.



- Declaración de non ter percibido outras subvencións, ingresos ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración, ente público ou privado estatal ou internacional ou, en caso de recibilas, detalle do financiamento obtido e declaración responsable de que os ingresos non superan o custo da actividade subvencionada.
- Declaración responsable de que se dispón das autorizacións, permisos, declaracións responsables ou licenzas pertinentes para a execución da actividade subvencionada.
- Acreditación de estar ao día nas obrigas que lles sexan de aplicación coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Axencia Tributaria de Galicia e a Deputación de Pontevedra (só no caso de que as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas no cadro habilitado na solicitude de inicio).
- Declaración responsable da disposición da titularidade, dereito de cesión de uso outorgado por entidade pública ou Comunidade de Montes cunha duración mínima de 5 anos, ou, no caso de canalizacións ou tubaxes, autorización expresa do/s titulares dos terreos, segundo resulte necesario para a execución da actividade subvencionada.

As entidades beneficiarias estarán obrigadas ao pagamento dos gastos do proxecto subvencionado unha vez executados e, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde a percepción do ingreso correspondente á subvención concedida.

A estes efectos, as entidades beneficiarias deberán achegar, no prazo máximo de dous meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin mediante cheque bancario. No caso de non achegarse no prazo indicado este xustificante ou facelo de forma incompleta, requiriráselle para a súa correcta presentación no prazo de quince días.

Este aspecto será obxecto de comprobación polo centro xestor, así como nas actuacións de control financeiro, constituíndo, en caso de incumprimento, causa de reintegro polo importe da factura pagada fóra de prazo.

Aínda que o cumprimento das obrigas relativas á titularidade e/ou disposición dos terreos ou inmoables nos que se vaian executar as actuacións subvencionadas, así como a obtención dos permisos e autorizacións preceptivos, deberá acreditarse con carácter xeral mediante declaración responsable, a Administración poderá efectuar as comprobacións que considere oportunas por requirimento do centro xestor, da Intervención ou no marco do procedemento de control financeiro. O incumprimento destas obrigas será causa suficiente para a exclusión da solicitude, a perda do dereito ao cobro, ou o reintegro da subvención concedida, segundo corresponda en función do momento procedemental. Todo isto sen prexuízo da eventual incoación dun procedemento sancionador, no caso de apreciarse falsidade ou inexactitude esencial na declaración responsable presentada.

A documentación xustificativa deberá cumprir as esixencias establecidas na normativa vixente en cada momento e de modo particular o disposto no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.



A xustificación da difusión da colaboración económica da Deputación axustarase ás normas segundo o indicado na base décimo cuarta sobre obrigas dos beneficiarios e nesta mesma base. Os certificados sobre publicidade indicarán os medios nos que se lle deu difusión e, no seu caso, achegarase a acreditación gráfica.

A Deputación poderá requirir ás entidades beneficiarias para que acheguen cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da xustificación presentada e a comprobación da execución do proxecto subvencionado.

A documentación xustificativa será comprobada polos servizos de Cooperación e Intervención da institución provincial. As actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución dos investimentos por parte dos servizos técnicos da Deputación provincial, que verificarán as certificacións de obras e facturas remitidas. Esta comprobación material do investimento é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

En todo caso, a Deputación, en virtude das facultades que ten atribuídas, resérvase as facultades de inspección e comprobación das obras en calquera momento. A este fin, as entidades beneficiarias, a requirimento da Deputación, estarán obrigadas a comunicar as datas de inicio e fin das actuacións subvencionadas.

Décimo sexta. Pagamento

Todas as actuacións deberán estar executadas na data sinalada na base décimo terceira e deberán xustificarse no prazo indicado nesa mesma base. O incumprimento destes prazos dará lugar á perda do dereito a cobrar total ou parcialmente a subvención. O pago ás entidades beneficiarias do importe da subvención realizarase á vista dos xustificantes de gasto, certificacións, facturas e demais documentación xustificativa, segundo o previsto nestas bases.

O pagamento das subvencións efectuarase previa comprobación por parte dos servizos de Cooperación e Intervención e dos servizos técnicos provinciais de que se realizou o gasto para o fin e polo importe subvencionado e, ademais, de que se cumpriu a finalidade e o obxecto da subvención.

Unha vez realizados todos os trámites para efectuar as comprobacións oportunas, o órgano competente da Deputación ditará resolución na que se aprobará a xustificación e procederase a librar o pagamento da axuda, sen prexuízo do cumprimento da obriga de achegar, no prazo máximo de dous meses desde a percepción do ingreso, o xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

O pagamento efectuarase ao número de conta bancaria a nome do beneficiario que se indique, a máis tardar, no momento da xustificación final. Non se farán pagos a contas nas que non figure como titular a entidade beneficiaria, para o cal a Deputación poderá solicitar que se acredite mediante certificado bancario a titularidade da conta.

Décimo sétima. Modificación da resolución de concesión

- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.3.l) da Lei 38/2003, do



17 de novembro, xeral de subvencións, previa solicitude suficientemente xustificada que se deberá presentar con antelación á finalización do prazo de execución inicialmente concedido.

- Non terán a consideración de modificación da resolución de concesión, e polo tanto non serán admitidas, aquelas solicitudes que supoñan un cambio da finalidade ou do obxecto do proxecto ou actividade subvencionada, mesmo cando se manteña o importe concedido.
Só se poderán autorizar modificacións da resolución cando respondan a circunstancias sobrevidas, posteriores á presentación da solicitude e non coñecidas nin previsibles pola entidade beneficiaria, que dificulten ou imposibiliten a execución material do proxecto nas condicións inicialmente aprobadas.

Terán esta consideración, entre outras:

- A denegación de permisos, licenzas ou autorizacións que sexan imprescindibles para a execución do proxecto.
 - A imposición de condicionantes ou modificacións substanciais derivadas de informes técnicos, autorizacións sectoriais ou licenzas administrativas.
 - Calquera alteración externa, allea á vontade da entidade, que faga imposible ou non viable a execución do proxecto nos termos aprobados.
-
- O órgano competente para a concesión destas axudas poderá acordar a modificación da resolución a instancia do beneficiario, debendo cumprirse, en todo caso, os requisitos recolleitos no artigo 64 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
 - A modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión, nin se prexudiquen dereitos de terceiros e non deberá variarse o destino ou finalidade da subvención.
 - No caso de que a execución do proxecto subvencionado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, o pago da subvención realizarase por aplicación da porcentaxe de financiamento respecto do custo real do proxecto executado e xustificado.

En ningún caso o menor custo de execución do proxecto subvencionado pode supoñer unha execución deficiente deste, e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se lle concedeu a axuda.

Décimo oitava. Compatibilidade con outras subvencións

As subvencións que se concedan no marco destas bases admiten a compatibilidade con outras axudas públicas ou achegas de particulares para a mesma finalidade sempre que o importe destas, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, non supere o custo da actividade subvencionada, agás para o caso doutras axudas outorgadas pola Deputación para a mesma finalidade.

Para estes efectos e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d) da LXS e no 33 do RLXS, unha das obrigas do beneficiario é comunicarlle á Deputación a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as finalidades subvencionadas.



Décimo novena. Perda do dereito de cobro e/ou reintegro

Procederáse ao reintegro e/ou perda do dereito de cobro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, en conformidade con estas bases, nos termos fixados na normativa de subvencións e, de modo particular, nos artigos 36 e seguintes da LXS.

Serán causas específicas de perda do dereito de cobro ou reintegro, total ou parcial, das subvencións outorgadas, ademais das xerais, as seguintes:

- O incumprimento da normativa de subvencións.
- O incumprimento das condicións e obrigas asumidas no outorgamento da subvención.
- O incumprimento dos obxectivos fixados no proxecto/memoria do investimento.
- A falta de disposición da titularidade, cesión de uso ou autorizacións, respecto dos terreos, inmobles ou instalacións necesarios para a execución da actividade subvencionada, nos termos previstos nestas bases.
- A realización das actuacións subvencionables sen dispoñer das concesións, autorizacións, declaracións responsables, licenzas e permisos preceptivos.
- A falta de presentación en tempo e forma da documentación xustificativa ou a súa presentación incompleta.
- A falta de pagamento dos xustificantes de gasto das actuacións subvencionadas no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos correspondentes coa subvención concedida.
- A falta de presentación nos prazos establecidos do xustificante bancario acreditativo do pagamento das facturas presentadas, debidamente identificado, de conformidade co disposto na base décimo quinta.

Vixésima. Publicidade da convocatoria

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitiráselle o texto da convocatoria á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos nestes procedementos serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren nas súas solicitudes para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable” dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal> e o consentimento das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Anexos da convocatoria e modelos de presentación de documentación

Todos os modelos normalizados para solicitar estas subvencións estarán dispoñibles na Sede electrónica da Deputación, <https://sede.depo.gal>

35.35911.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.
(EXPTES.2025079007, 2025079074 E 2025079326)

a) Vista a relación de operacións con número 2025079007 (CSV: HWK0HXMBMI5AE0BG), que contén 2 operacións por un importe de 1.326,00€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	1.573,00€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	247,00 €
Total líquido	1.326,00€

b) Vista a relación de operacións con número 2025079074 (CSV: HUAYT175EKXCQA2Y), que contén 4 operacións por un importe de 1.895,77€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	1.895,77€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	1.895,77€



c) Vista a relación de operacións con número 2025079326 (CSV: H3Z7AO5QIGQ4BAPX), que contén 1 operación por un importe de 907,50€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	907,50€
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	907,50€

36.35912.- ESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS NO MURO DUNHA FINCA NO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO CON PRONUNCIAMENTO EXPRESO DA RESPONSABILIDADE Á EMPRESA CONTRATISTA MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A. (EXPTE.2024058699)

Dada conta que con data de rexistro 13/08/2024 (rex. núm. WEB2024051888) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.^a M.^a Isabel Domínguez Quintas en representación de Helvetia Compañía Suiza, S.A. de Seguros y Reaseguros, por danos nunha vivenda asegurada na citada compañía, sita na Subida Tabueja nº 13 – Meder, no Concello de Salvaterra de Miño, ocasionados no seu muro perimetral por un tractor con máquina desbrozadora que estaba a realizar traballos de desbroce e limpeza da estrada provincial E.P. 4101 Meder-Taboexa, e que golpeou dito muro da propiedade causando o derrube parcial cara o interior da finca, o día 19/12/2023, e que cuantificou economicamente en 10.800 €.

Resultando.- Que, relata a reclamante na citada instancia, o seguinte:

El cierre perimetral de la propiedad asegurada por mi mandante linda con la carretera E.P. 4101 Meder-Taboexa, de la que es titular la Diputación de Pontevedra.

El pasado 19/12/2023, se estaban realizando trabajos de desbroce y limpieza en la carretera provincial cuando un tractor con máquina desbrozadora, durante la realización de los trabajos, golpeó el muro de cierre de la propiedad asegurada, causando el derrumbe parcial del mismo (aproximadamente 10 metros de longitud) hacia el interior de la finca.

Tras ser avisados, con fecha 20/12/2023, desde el servicio provincial de carreteras enviaron a un vigilante y posteriormente al operario de las obras, personándose estos en el lugar de los hechos a fin de constatar los daños ocasionados, quienes tomaron fotografías del muro.



Dado el estado en el que termina el citado muro tras el impacto, y a fin de evitar mayores daños, o que algunas de las piedras desplazadas se desprendiesen hacia la cuneta o carretera, D.ª María Isabel contactó con D. Antonio A. Blanco Tellado, profesional que se dedica a la construcción en piedra de muros y casas, quien en fecha 09/02/2024 emite un presupuesto de reparación de los daños, el cual asciende a 10.800,00 € (...)

En virtud de la póliza suscrita entre mi representada y D.ª María Isabel, Helvetia ha abonado los gastos a que ascendió la reparación de los daños sufridos, por importe de 10.800 €.

Resultando.- Que, xunto coa instancia, achega informe pericial asinado por D. Cristóbal Domínguez Álvarez, no que se recolle, no apartado referente ás causas do sinistro, que no mesmo se viu implicado un terceiro que ostenta a condición de causante, aportando os datos da empresa causante dos danos:

MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A. (A32118705) con domicilio en Camiño Cima nº 24 – baixo, Ourense, recollendo asemade no apartado das circunstancias e causas do sinistro, o seguinte:

In situ procedimos a verificar los daños reclamados debido al impacto de un tractor máquina desbrozadora en el muro de cerramiento de la parcela.

Durante unos trabajos de mantenimiento de la calzada adyacente al muro, se produjo un choque accidental de la máquina encargada de realizar el desbroce de la vegetación de la vía. Se produjo el derribo del mismo. La propia empresa encargada de los trabajos ha contactado con el asegurado asumiendo la culpabilidad del siniestro.

Resultando.- Que con data 02/10/2024, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 20/11/2024, co seguinte contido literal:

PRIMEIRO.- A localización do sinistro reclamado sitúase na marxe esquerda do p.q. 1+100 da EP4101 MEDER – TABOEXA.

Dito punto pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial.

SEGUNDO.- O día do suceso (19 de decembro de 2023), estábanse a executar nesa estrada tarefas de conservación e mantemento das estradas provinciais promovidas pola Deputación Provincial, e consistentes no desbroce mecanizado que se leva a cabo mediante tractores.

A empresa contratada para a execución do contrato de conservación e mantemento desa zona é MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.

TERCEIRO.- Si houbo constancia de ditos danos, sendo responsable a empresa adxudicataria do contrato, e sendo esta empresa coñecedora do sucedido.

O persoal da empresa verificou no lugar os danos provocados.

María Elena Pérez Alonso

Enxeñeiro



Resultando.- Que con data 26/11/2024, e de conformidade co establecido no artigo 4.1 letra c) da Lei 39/2015 e 76.1 da mesma Lei, emprazouse como interesada no procedemento a MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A. conferíndolle un prazo de dez días para que puidera realizar as alegacións que tivera por convenientes.

Resultando.- Que, ante a ausencia de resposta por parte da citada adxudicataria, con data 18/12/2024 reiterouse o emprazamento por prazo de cinco días, para que puidera alegar o que ó seu dereito conviñera, facendo constar que do seu silencio poderían deducirse, como acto propio omisivo, as consecuencias e efectos a que houbera lugar en dereito.

Resultando.- Que constan no expediente as notificacións practicadas, co acceso ó contido das mesmas por parte de MISTURAS, OBRAS E PROXECTOS, S.A. nas datas 26/11/2024 e 19/12/2024 (Documento ***7284**, Nome Óscar Villarino Casal), sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera recibido resposta ningunha por parte da citada contratista.

Resultando.- Que con data 04/02/2025, en chamada telefónica realizada á cita empresa, MISTURAS comunica que está ao tanto da reclamación presentada e que no seu día xa transmitiron a mesma á súa aseguradora, manifestando ter vontade de realizar alegacións “nun par de días”.

Resultando.- Que con data 03/02/2025, solicitáronse ó Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio da Deputación os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexeron a contratación do servizo de conservación da rede viaria con MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, a fin de seren examinados e poder determinar o repertorio e distribución de obrigas atribuíbles a cada quen, recolléndose nos mesmos, entre outras, as seguintes cláusulas:

(...) O contratista será o responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O contratista responderá conforme ó artigo 214 TRLCSP dos danos ocasionados a terceiros como consecuencia da execución do contrato.

Resultando.- Dada a ausencia de remisión das alegacións por parte de MISTURAS, na data 31/03/2025 realizouse novamente chamada ao departamento xurídico desta, solicitando nesta ocasión, ao efecto de realizar as alegacións, o envío por correo electrónico dos emprazamentos realizados, os cales foron remitidos nesa mesma data.

Resultando.- Que con data 22/10/2025, chamouse de novo ó departamento xurídico de MISTURAS, comunicando estes que se ían interesar por este asunto, xa que recordaban ter falado coa aseguradora, pero que non están ao tanto de se esta indemnizou ou non os danos á prexudicada, quedando de comunicar a esta Deputación o pertinente en canto recabaran a información precisa, sen que ata a data de adoptarse o presente acordo se tivera recibido noticia ningunha por parte de MISTURAS, S.A.



Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación, así como á tardanza por parte da adxudicataria, MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, en remitir as alegacións que en varias ocasións manifestou que ía realizar sen que, ata a data de adoptarse o presente acordo, tivera remitido as mesmas.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que no presente suposto cómpre facer unha apreciación da relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015 e 91.2 da Lei 39/2015) entre o dano producido e a execución dos traballos de conservación e mantemento de estradas, co subseguinte pronunciamento de atribución da responsabilidade á empresa encargada da execución dos mesmos, toda vez que aínda que a estrada na que se desenvolveron é de titularidade provincial, o dano causado é imputable á empresa responsable dos citados traballos, desprendéndose do expediente os seguintes argumentos que eximen de responsabilidade á Deputación:

- No informe pericial aportado, sinálase como causante dos danos á empresa MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.
- Os danos producíronse ao impactar un tractor-máquina desbrozadora co muro de cerramento da parcela, derrubando parte do mesmo.
- Recolle, asemade, que a propia empresa encargada dos traballos contactou co prexudicado, asumindo a culpabilidade do sinistro.
- Segundo o informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, o día do suceso, o 19/12/2023, estábanse a executar nesa estrada tarefas de conservación e mantemento, consistentes no desbroce mecanizado que se leva a cabo mediante tractores.
- A empresa contratada para a execución dos citados traballos foi MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.
- Recóllese, asemade, no citado informe do Servizo de Infraestruturas que sí houbo constancia dos danos producidos, sendo responsable a empresa adxudicataria do contrato e sendo esta empresa coñecedora do sucedido.
- O persoal da empresa verificou no lugar os danos provocados.



Considerando.- Que nos pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexeron a contratación dos traballos coa empresa MISTURAS, recóllese que *o contratista será o responsable (...) das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato (...)*, así como que *responderá conforme ó artigo 214 TRLCSP dos danos ocasionados a terceiros como consecuencia da execución do contrato*.

Considerando.- Que o expresado no apartado inmediatamente anterior atopa apoiatura nunha Sentenza que é considerada pola doutrina xurídica punto de inflexión entre a escueta referencia feita na Lei do Réxime Xurídico da Administración do Estado do ano 1957 e a regulación moito mais minuciosa e detallada das Leis 30/1992 e 40/2015, que dedicaron xa un capítulo específico á responsabilidade patrimonial e ós casos de atribución da responsabilidade a terceiros contratistas ou concesionarios. Así, con linguaxe meridianamente claro, veu dicir o Tribunal Supremo na súa Sentenza de data de data 31/07/1989 (RJ 1989,6193) (Sala 3ª, Sección 1ª), o seguinte:

“Cuando los daños y perjuicios se derivan de una actividad técnica no cumplida directamente por la organización administrativa, sino por organizaciones privadas no integradas en la Administración, con las que ésta contrata atribuyéndoles la gestión de un servicio público o la ejecución de una obra pública, se interfiere entre Administración y particulares una empresa privada a la que materialmente le son atribuibles sus causas”.

Considerando.- Que a Sentenza do T.S. de data 25/06/2012 (JUR 2012, 231615) recolle o seguinte:

Es doctrina jurisprudencial consolidada la que sostiene la exoneración de responsabilidad para la Administración, a pesar del carácter objetivo de la misma, cuando sea la conducta del propio perjudicado o la de un tercero la única determinante del daño producido aunque hubiese sido incorrecto el funcionamiento del servicio público.

En idénticos termos se expresan as Sentenzas de 19/06/2007 (RJ 2007,3813), 28/01/2013 (RJ 2013, 1945), e do 17/06/2015 (RJ 2015, 3496).

Considerando.- Que o artigo 196.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece o seguinte:

Será obligación del contratista indemnizar todos los daños y perjuicios que se causen a terceros como consecuencia de las operaciones que requiera la ejecución del contrato.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 h) da Lei 39/2015, referidos á resolución argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

-Apreciar a relación de causalidade con expresa atribución da responsabilidade á empresa adxudataria dos traballos, MISTURAS OBRAS E PROXECTOS, S.A.



37.35913.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NA ESTRADA E.P. 8401 NO CONCELLO DE CUNTIS. (EXPTE. 2024080777)

Dada conta que con data de rexistro 09/12/2024 (rex. núm. 2024022385) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D.^a Rosario Morales Mena en representación de D. Iban Seoane Barros, por danos en vehículo producidos a consecuencia do impacto contra unha árbore que caeu sobre a calzada da estrada provincial E.P. 8401 Portela-Souto de Vea, no Concello de Cuntis, o día 17/01/2024, e que foi cuantificada economicamente 1.758,41 euros.

Resultando.- Que, xunto coa instancia, achega informe estadístico do Destacamento de Pontevedra, no que se recolle, no apartado da descrición do accidente, o seguinte:

Siniestro vial consistente en choque con un árbol que, debido al temporal, cae sobre la calzada, encontrándose atravesando la misma, no pudiendo evitar el conductor el choque. La noche de los hechos, Galicia se encuentra en alerta amarilla debido a la ciclónéensis Irene, que afecta a la Comunidad.

Resultando.- Que con data 19/12/2024, requiríuse a D. Rosario Morales Mena para que acreditara a representación de D. Iban Seoane Barros e para que aportara certificación feita pola aseguradora do vehículo na que deixara constancia de que o asegurado non foi indemnizado por este sinistro.

Resultando.- Que con data 27/12/2024, comparecen ambos, representante e representado, na Asesoría Xurídica da Deputación para dilixenciamento da representación *apud acta*, remitando na data 30/12/2024, copia da dilixencia de apoderamento realizada e mais a certificación feita pola aseguradora Pelayo Mutua de Seguros e Reaseguros na que se recolle que Iban Seoane Barros non foi indemnizado polo sinistro que tivo lugar o 17/01/2024.

Resultando.- Que con data 29/01/2025, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/86, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 12/02/2025, co seguinte contido literal:

- a) *A estrada EP 8401 Portela-Souto de Vea é unha estrada convencional, titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, polo tanto, o lugar do accidente pertence á rede provincial de estradas.*
- b) *Previa chamada do 112 ás 01:25 horas do 17 de xaneiro de 2024, ós vixiantes do Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra, estes procederon a informar á Brigada nº 9 da UTE PONTENORTE II, UTE constituída polas empresas Audeca e Narom, ás 01:28 horas do mesmo día.*
- c) *Non constan máis accidentes por esta mesma causa.*



- d) *Inmediatamente despois do aviso recibido ás 01:28 horas, a Brigada nº 9 da UTE PONTENORTE II, desprazouse ó punto no que se produciu o accidente para proceder a retirar unha árbore/rama na calzada, rematando os traballos de limpeza ás 03:20 horas do 17/01/2024, é dicir, 1 hora e 52 minutos despois de recibido o aviso.*

O xefe COEX (Xefe de Conservación e Exploración) da UTE transmite que o que lle manifesta o persoal da brigada é que os operarios encontraron na calzada unha rama de eucalipto seca que rompeu co temporal, cunhas dimensións de aproximadamente 1 metro de lonxitude e 10 cm de diámetro (non unha árbore como consta no informe Arena da DXT), pero non identificaron a árbore da cal proviña a rama, nin constan fotos da mesma. Tamén manifesta que o vehículo circulaba en sentido decrecente dos PQ da estrada, por tanto en dirección cara a estrada N-640, é dicir, cara Portela.

- e) *Os traballos de limpeza da estrada remataron 1 hora e 52 minutos despois de recibido o aviso, non estando rexistrado o tempo que tardou en chegar a brigada ó lugar do accidente.*

Non obstante por manifestación oral do xefe COEX da UTE, este transmite que o que lle di o persoal da brigada é que tardaron aproximadamente 20 minutos en chegar ó lugar do accidente dende que se recibiu o aviso.

- f) *No expediente recibido non constan fotos nas que se poida determinar cal era a rama da árbore que caen. A continuación axúntanse fotos do Servizo tomadas o 31/01/2025, podendo concluírse que, tanto os eucaliptos que se encontran na marxe esquerda da estrada como os carballos que se atopan na marxe dereita, en ambos casos, están situados en dominio privado, fóra do dominio público viario, polo tanto a titularidade do terreo onde se encontraba a árbore non pode pertencer á Deputación Provincial de Pontevedra xa que non existe ningunha árbore en dominio público.*

Dado que a rama que o xefe Coex da UTE di que caeu sobre a calzada era dun eucalipto, isto significa que procederá da finca situada na marxe esquerda da estrada, que é a que ten eucaliptos. Tendo en conta o P.Q. que aparece no informe Arena da DXT, a finca da que procedería a árbore é a que posúe a referencia catastral 36015A002006510000PP (Polígono 2, Parcela 651, no termo municipal de Cuntis). O nome e dirección do titular da parcela ven recollido na certificación descritiva e gráfica obtida do Catastro, axuntándose esta certificación ó expediente.



CERTIFICACIÓN CATASTRAL DESCRIPTIVA Y GRÁFICA

Referencia catastral: 36015A002006510000PP

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

Localización: Polígono 2 Parcela 651 DEVESA. CUNTIS [PONTEVEDRA]

Clase: Rústico

Uso principal: Agrario

Valor catastral: [2025]:

313,89 €

Valor catastral suelo:

313,89 €

Valor catastral construcción:

0,00 €

Titularidad:

Apellidos Nombre / Razón social

NIF/NIE

Derecho

Domicilio

GARCIA RIVEIRA JESUS

100,00% de propiedad

LG CUNTIS Es:1 Pl:00 Pl:01


CUNTIS [PONTEVEDRA]

Cultivo

Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	IP	Superficie m²	Subparcela	Cultivo/Aprovechamiento	IP	Superficie m²
0	EU Eucaliptus	03	4.772				

PARCELA CATASTRAL

Superficie gráfica: 4.772 m2



Este certificado refleja los datos incorporados a la Base de Datos del Catastro. Solo podrá utilizarse para el ejercicio de las competencias del solicitante.
Solicitante: DEPUTACION PROVINCIAL PONTEVEDRA - INFRAESTRUCTURAS
Finalidad: Informe estrada provincial
Fecha de emisión: 11/02/2025

Documento firmado con CSV y sello de la Dirección General del Catastro
CSV: KEN04244EZX0DEW7 (verificable en <https://www.sedecatastro.gob.es>) | Fecha de firma: 11/02/2025



Hoja 1/1





- g) *En canto ás datas das revisións da estrada, tal e como consta nos partes de vixilancia da empresa adxudicataria UTE PONTENORTE II do contrato denominado “Servizo de mantemento, atención a incidencias e vialidade invernal da rede viaria da Deputación de Pontevedra, zonas 7 e 9”, consta unha revisión da estrada o día 10/01/2024 (7 días antes do sinistro) e unha revisión da estrada o día 18/01/2024, neste caso con posterioridade ó mesmo. Nin na revisión rutineira anterior ó accidente nin na posterior consta ningunha advertencia referente á EP 8401 Portela-Souto de Vea.*
- b) *No informe Arena da DXT, indícase que o accidente do vehículo produciuse ó impactar cunha árbore que debido ó temporal estaba caída sobre a calzada, indicando que esa noite a Comunidade Autónoma de Galicia estaba en alerta amarela debido á cicloxénese Irene.*

César Paredes Rodríguez
Enxeñeiro

Resultando.- Que con data 02/07/2025, o interesado remite factura de reparación do vehículo, emitida a nome de Pelayo Mutua de Seguros, por importe de 2.151,32 € -na que se desglosa o cargo ó cliente por importe de 200 € e á cía. seguros por importe de 1.951,32 €- achegando, asemade, recibo do taller de reparación no que consta entregada a cantidade de 200 € por parte de D. Iban Seoane Barros en concepto de franquía.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiu o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.



Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 40/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación, pois do instruído no expediente despréndense os seguintes argumentos que a eximen de responsabilidade:

- Recóllese no informe estadístico do Destacamento de Pontevedra que o accidente tivo lugar ás 01:20 horas, sen luz natural nin artificial e con choiva forte.
- A visibilidade atopábase restrinxida polos factores atmosféricos.
- Asemade, recóllese en dito atestado que a velocidade estaba limitada a 50 km/hora.
- Trátase dun tramo recto con trazado plano.
- Recóllese, asemade, no citado atestado, que a árbore caeu sobre a calzada debido ó temporal, indicándose que esa noite a Comunidade Autónoma de Galicia estaba en alerta amarela debido á cicloxénese Irene.
- Segundo o informe do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, a brigada desprazouse ó lugar para retirar a rama de eucalipto, tardando en chegar ó lugar, aproximadamente, 20 minutos.
- A citada rama (non árbore, como consta no informe Arena) de eucalipto, seca, rompeu co temporal e tiña unhas dimensións aproximadas de 1 metro de lonxitude e 10 centímetros de diámetro.
- As árbores presentes nas marxes están situadas en dominio privado, fóra da zona de dominio público da estrada provincial, polo tanto a titularidade do terreo do que procedía a rama da árbore non pertence á Deputación de Pontevedra.
- Consta realizada revisión da vía o día 10/01/2024 (7 días antes do sinistro) e unha posterior, o día 18/01/2024, sen detectarse ningunha incidencia no tramo.
- Non se produciron mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que polos argumentos esgrimidos no anterior considerando, o accidente sería imputable a un suposto de forza maior, caracterizado doutrinalmente polos elementos de externalidade e irresistibilidade en síntese de imprevisibilidade e inevitabilidade, ó que é alleo esta Deputación, polo que dificilmente se lle poden atribuír as consecuencias indemnizatorias pola mera detentación material dunha infraestrutura, o que a convertería nunha especie de aseguradora universal de todos os riscos, pois é sabido que existe un estándar medio de risco predicable de calquera actividade humana, ó que non é allea a condución de vehículos a motor.

Considerando.- Que segundo o Informe Estatístico do Destacamento de Pontevedra, achegado polo reclamante xunto coa instancia, o vehículo circulaba por un tramo recto e plano, coa calzada mollada pola choiva forte que estaba a caer e con limitación de velocidade a 50 km/h, recolléndose, ademais, tanto no atestado como no informe do Servizo de Infraestruturas, que nesa data Galicia estaba en alerta amarela pola cicloxéne Irene; factores todos eles concorrentes que inducen a pensar que, de terse adecuado a velocidade ás circunstancias esixidas polas condicións meteorolóxicas e polo estado da vía, o accidente podería non terse



producido, o que fai descansar a responsabilidade, sequera de xeito indiciario, no condutor do vehículo, vinculada coa forza maior. Así, segundo recolle o artigo 45 do R.d. 1428/03, de 21 de novembro, que aprobou o Regulamento Xeral de Circulación, *“todo condutor está obrigado a respetar los límites de velocidad establecidos y a tener en cuenta sus propias condiciones físicas y psíquicas, las características y el estado de la vía, del vehículo y de su carga, las condiciones meteorológicas, ambientales y de circulación y, en general, cuantas circunstancias concurren en cada momento, A FIN DE ADECUAR LA VELOCIDAD DE SU VEHÍCULO A LAS MISMAS, DE MANERA QUE SIEMPRE PUEDA DETENERLO DENTRO DE LOS LÍMITES DE SU CAMPO DE VISIÓN Y ANTE CUALQUIER OBSTÁCULO QUE PUEDA PRESENTARSE”*.

Pola súa banda, a Lei 18/1989 de 25 de xullo, de Bases sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, no artigo 3.3 da base cuarta recolle o seguinte:

“...los conductores quedarán especialmente obligados a circular de manera diligente...”

En idénticos termos exprésase o xa referido R.d. 1428/2003 de 21 de novembro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación, que no seu articulado recolle:

Artigo 3.1 *“...Se deberá conducir con la diligencia y precaución necesarias para evitar todo daño propio o ajeno, cuidando de no poner en peligro, tanto al mismo conductor como a los demás ocupantes del vehículo y al resto de usuarios de la vía. Queda terminantemente prohibido conducir de modo negligente o temerario”*.

Artigo 18.1: *“...El conductor de un vehículo está obligado a mantener su propia libertad de movimientos, el campo necesario de visión y la atención permanente a la conducción, que garanticen su propia seguridad...”*

Considerando.- Que a xurisprudencia sentada polo T.S. fai descansar o título de imputación da responsabilidade á Administración -entre outros motivos-, na inoperancia, inacción, renuencia ou retardo na reposición da vía máis aló dos 45-60 minutos a partir da chamada ou aviso para a súa reposición, feito de modo real e probado, o que non se produce no presente suposto xa que a brigada tardou aproximadamente 20 minutos en chegar ó lugar do accidente para a limpeza e reposición da vía, polo que de nada se pode responsabilizar a esta Deputación, podendo neste sentido invocarse “ad exemplum” as seguintes sentenzas: Sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/02/87; sentenza do T.S. Sala 3ª de 07/10/97; sentenza do T.S. Sala 6ª de 03/12/02; sentenza do T.S. Sala 3ª de 24/02/03 F.X.1º; sentenza do T.S. Sala 3ª de 11/12/07 F.X.2º; sentenza do TSXG de 24/12/03 F.X.5º; sentenza do TSXG do 27/12/07; sentenza do TSXG de 04/10/07; ditame do Consello de Estado de 26/04/07; Sentenza da sección 8ª da Sala do contencioso-administrativo da Audiencia Nacional de 23/06/98; do Xulgado do contencioso-administrativo nº1 de Pontevedra, sentenzas números 121/04; 20/07; 140/08; 114/09; 123/11; 77/12; 68/13 e 185/13; do Xulgado do contencioso-administrativo nº2 de Pontevedra, sentenzas números 170/04; 2/05; 183/06; 74/09; 112/14 e 264/14; e do Xulgado do contencioso-administrativo nº3 de Pontevedra, sentenzas números 179/04; 74/08; 250/13, 112/14 e 220/20; abundancia de precedentes que, de interpoñerse recurso contencioso, facultaría á Deputación á solicitude de imposición de custas pola temeridade e mala fe na interposición da acción, considerando a pluralidade de precedentes e a identidade de razón entre eles e a “causa petendi” da presente reclamación.



Considerando.- Que as sentenzas 148/2016, 85/2021 e 9/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, as sentenzas 113/2012, 220/2017, 193/2021, 76/2022 e 277/2023, ditadas polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2, e as sentenzas 213/2012, 197/2022 e 65/2023 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos de Pontevedra, e relativas á caída de árbores na estrada, eximiron de toda responsabilidade a esta Deputación.

Así, a Sentenza 85/2021, do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra establece o seguinte:

(...) No consta que el árbol hubiese permanecido un prolongado período de tiempo sobre la calzada. En cuanto la Diputación recibió el primer aviso, procedió en poco tiempo a señalar y limpiar la calzada.

Con la prueba practicada el actor no ha conseguido demostrar que la Diputación provincial haya incurrido en un defectuoso funcionamiento de su servicio público de conservación de la carretera en adecuadas condiciones de seguridad.

El siniestro se produjo o bien por la culpa exclusiva de un tercero (propietarios de la finca colindante que no mantuvieron adecuadamente sus árboles), o bien por causa de fuerza mayor (temporal de lluvia y viento). Pero no por culpa de la Diputación provincial”.

Do mesmo xeito, a Sentenza 197/2022 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o que sigue:

Es por ello por lo que no resulta posible la declaración de responsabilidad patrimonial de la administración pública; así, lamentablemente, y aún asumiendo que los daños materiales asociados al accidente lo fueron a causa de un obstáculo en la vía sin que se hubiera demostrado ninguna responsabilidad en el comportamiento del conductor del vehículo siniestrado en el informe estadístico ARENA emitido por la GC con motivo del accidente ni deducible del resto de la prueba, e incluso asumiendo que en ese punto difícilmente el tramo, y la presencia del obstáculo sobre él, tenían suficiente visibilidad ya que el siniestro sucede de madrugada sin que el punto en cuestión dispusiera de alumbrado; de todos modos, y a pesar de todo lo expuesto, no estamos ante un caso en que sea posible la declaración de responsabilidad patrimonial de la administración pública demandada en su condición de titular de la vía.

Entiendo que este es uno de esos casos paradigmáticos en que lamentablemente para el reclamante no es posible reconocer que la administración por el mero hecho de ser la titular de la vía y estar obligada a mantenerla en buen estado de conservación vigilando que sirva a su fin de forma segura, pueda declararse responsable en los términos pretendidos porque no se ha conseguido demostrar que tal administración, y su servicio competente, hubiera descuidado, en su comportamiento a la hora de vigilar el tramo, lo que serían sus obligaciones “razonables”, incumpliendo con ello con lo que se viene llamando estándares razonables de actuación que cabría exigirle.

Y no se ha demostrado que en el ejercicio de esa obligación o función los servicios competentes a tal fin de la Diputación hubieran actuado fuera de los estándares razonables a exigirle como conservadora de la carretera; y tampoco se ha demostrado, por otra parte, que un posible defecto en las raíces o una enfermedad que pudiera padecer el elemento arbóreo que causó el siniestro pudiera deberse, tampoco, a una falta de diligencia de la administración o su adjudicataria,



contratista, en detectar ese riesgo porque estamos ante la presencia de un árbol que estaba plantado, además, en una zona privada”.

Considerando.- Que a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia estableceu un criterio restritivo sobre este tipo de reclamacións (colisións por obxectos ou substancias na calzada), entre outras moitas, nas súas sentenzas de 21/12/2011 (rec. 7109/2011) e 27/10/2011 (rec. 4134/2010). En ditas sentenzas insístease en que:

“La razón determinante del accidente fue una circunstancia ajena al obrar de la Administración con causa en actos ajenos, que nada tiene que ver con el funcionamiento de un servicio público, sin que la obligación de mantener la calzada limpia de objetos extraños sea absoluta, sino en relación a estándares mínimos y no consta acreditado una ausencia o defecto de mantenimiento, siendo la circulación de vehículos una actividad de riesgo que exige una atención en los conductores que les permita observar un elemento obstaculizador perfectamente visible”.

Así mesmo, a Sentenza 275/2022 de 06/04/2022 (rec. 343/2020):

“En consecuencia, al encontrarnos ante un supuesto de fuerza mayor y, no estando, por tanto, acreditada la exigible relación de causalidad entre el daño producido y el funcionamiento anormal de los servicios que se denuncia, falta uno de los requisitos en este supuesto el más esencial para la prosperabilidad de la acción de responsabilidad patrimonial, es decir, la conducta antijurídica, ya por acción ya por omisión, lo que conduce a la desestimación del recurso”.

Considerando.- Que non houbo mais accidentes pola mesma causa.

Considerando.- Que consta no expediente a ficha catastral correspondente á parcela lindeira da que procedía a árbore, de titularidade privada; polo que podería, de ser o caso (cuestión que esta Deputación non prexulga), esixírselle ao propietario a hipotética responsabilidade no eido da xurisdición civil.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

38.35914.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

39.35915.- FÓRA DA ORDE DO DÍA

Non houbo.



40.35916.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cinco minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

